

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14**

### **SESION ORDINARIA DO 26 DE OUTUBRO DE 2015**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### NON ASISTEN:

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vinte e seis de outubro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez

Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

#### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1 (194).- ACTAS ANTERIORES . (ACTA PLENO ORDINARIO (AGOSTO) DO 8.09.2015).**

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria (agosto) do 8 de setembro de 2015.

#### **(195).- INTERVENCIÓN DUNHA REPRESENTANTE DO COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DE PONTEVEDRA REFERENTE AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO. EXPTE. 1250/1101**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2015, número 1250/1101, D. Carlos Fernández Pérez, en calidade de presidente do Ilustre Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra, presenta escrito solicitando a intervención dunha enfermeira Delegada Colexial no Pleno, para informar á Corporación e á cidadanía da realidade existente no novo complexo hospitalario Álvaro Cunqueiro.

PRESIDENCIA: Intervén dona Lilianne Bettremieux Toyos, delegada colexial no Hospital Álvaro Cunqueiro, enfermeira do servizo de urxencia dese hospital. Benvida dona Lilianne Bettremieux Toyos a este lugar, ten a palabra por un tempo aproximado de cinco minutos.

SRA. BETTREMIEUX TOYOS: En representación das enfermeiras asisto a este pleno da cidade, en cumprimento das funcións do Colexio Oficial de Enfermería, que amparado pola Lei e recoñecido polo Estado é máximo garante da nosa profesión e da calidade dos coidados Enfermeiros. É a nosa obrigaón informar das deficiencias que o Hospital Álvaro Cunqueiro presenta para un efectivo labor das enfermeiras no desenvolvemento do seu labor asistencial e, por tanto, na repercusión sobre a seguridade dos cidadáns.

Comezarei polo Servizo de Urxencias.

O supervisor de enfermería de urxencias dimitiu recentemente por discrepancias coa dirección e a tardanza na toma de decisións.

A data de hoxe, Os requisitos funcionais, estruturais e organizativos que garantan condicións de seguridade, calidade e eficiencia para atender á urxencia e á emerxencia, establecidos nos estándares de calidade do Ministerio de Sanidade, non se cumpren.

O paciente non ten un enfermeiro de referencia na súa estancia, vai pasando por diferentes mans ocasionando perda de continuidade asistencial. Seguimos sen coñecer a existencia dun plan funcional. Faltan protocolos na recepción e distribución de pacientes. A escasa organización a modo de cadea de montaxe segue provocando a perda de pacientes e historias clínicas. Non existe confidencialidade, nin intimidade nas zonas de espera. Os pacientes continúan reunidos con independencia de cal sexa a súa doenza, sen cortinas nin biombos. A situación de caos persiste, particularmente en picos altos de asistencia.

Algo tan grave como a aparición de medicamentos en ruso ou ucraíno, convértese en anécdota fronte á multitude de problemas que se presentan. Outro reflexo da falta de cultura de seguridade.

En informe elaborado polo Consello de Contas en 2010, sobre 5 Servizos de Urxencias de Galicia, comparando O Chuac de A Coruña e o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, chama a atención que cun terzo máis de entradas en urxencias,

o Hospital de Álvaro Cunqueiro conta con 43 camas menos de observación e preingreso que A Coruña e con 21 enfermeiras menos.

A falta de persoal afecta a Urgencias e a todos os servizos, ademais de dar cobertura á poboación de Vigo e área de influencia: máis de 600 mil persoas. Este hospital estableceuse como referente para numerosas especialidades en toda a provincia e o sur de Galicia. Desde logo, Urgencias xa se quedou pequeno! E Non chegou aínda o inverno.

Novamente atopámonos, falamos agora do servizo de UCI, con taras estruturais e de material.

Pero se ademais engadimos que o persoal é escaso, entón temos a ecuación perfecta abocada ao desastre.

Deixar a unha enfermeira e unha auxiliar á fronte dun módulo exclusivamente para enfermos illados por unha bacteria ultrarresistente, que precisan de cuidados exclusivos, polas súas condicións de severa gravidade, é unha falta absoluta de responsabilidade, recolle un dos partes remitidos a Medicamento Preventivo e á Dirección no que as enfermeiras se eximen de calquera responsabilidade mesmo do falecemento dalgún deses pacientes, porque, definitivamente, non poden traballar en condicións óptimas se nunha quenda determinada, o persoal de enfermería atópase por baixo das presenza mínimas habituais.

Falamos agora de UCI pediátrica, volvemos novamente a claras deficiencias estruturais. Un exemplo, outro problema común xunto a outros servizos é a carencia de puntos de auga. Nesta unidade unicamente existe unha pileta pequena para poder lavar as mans o persoal e os pais. Nin a pileta nin a billa cumpren a normativa esixida por Sanidade na hixiene de mans, primeira medida para evitar as tan temibles infeccións nosocomiales.

Incido novamente nas dietas, porque á marxe da súa debatida calidade e que se serven en horarios erráticos. A inexistencia de dietas concretas, e as dúbidas en casos de se, por exemplo unhas albóndegas levan ou non ovo, obrigan a algúns pais para traer a comida para o seu fillo, de casa ou da cafetería.

Agora falamos da Área Cirúrxica, nas últimas semanas son constantes as cancelacións de intervencións programadas das cales se fai eco a prensa, créanme, son moitas máis.

O maior problema dos quirófanos é o de subministración de consumibles, funxibles

e cobertura que agora depende dunha empresa externa. A realidade diaria, é que nos atopamos con carencias importantes. Antolórico se temos en conta que todo o material traído do Xeral ou o Meixoeiro segue en caixas, polos corredores, sen orde. Este servizo trae engadido o hándicap dun servizo de esterilización externo que non funciona. O sentido común dinos que nun novo hospital destas dimensións esta opción estea no mesmo edificio e se é posible preto dos quirófanos. Pois non!

O cotián a día de hoxe, é que tras as operacións que se realicen esta mesma mañá, ese instrumental pasee, sucio, polas rúas de Vigo ata o XERAL onde se lava e se empaqueta e se esteriliza no Meixoeiro cos seus tempos de espera antes de volver ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

Pero hai máis! As cancelacións non só se producen por eses atrasos, son moitas as ocasións nas que o material non é aceptado pola enfermeira instrumentista porque presenta signos inadecuados de hixiene, aprécianse restos macroscópicos de material adherido ao instrumental e sen garantías de non contaminación. A responsabilidade do seu uso recae nesa enfermeira, e o uso baixo ese risco, todos sabemos o que leva consigo.

Deixar a un paciente xa sedado a portas de quirófano é penoso, aumentar cada día as listas de espera lamentable, pero sería o de menos de non ser porque hai cirurxías que non son aprazables, as cirurxías de urxencia.

Permítanme relatarlles un caso, só un, pois non é a nosa intención alarmar en absoluto, pero graficamente reflicte moi ben os feitos, todos eles reais: esta mesma semana xorde unha desas cirurxías inaprazables, paciente con aumento de presión intracraneal que require intervención urxente de craneotomía, intervención que obriga a retirar unha xanela de masa ósea do cranio para baixar a presión interior.

Esta operación require do uso dun motor con serra para a devandita operación pero como queira que en operacións anteriores foi necesario o uso dese motor, este atópase paseando por Vigo camiño de esterilización. Búscase outro, pero non hai, nin en almacén, nin en caixas, solicítase pola vía xerárquica habitual.

A craneotomía xurdiu ás 14 horas, ás 17.30 din que o motor chegará ás 18, ás 19 chamamos novamente e dinnos que chegará ás 21.30. No medio de todo o proceso téntanse outras alternativas, un Fían eléctrico pero non ten serra, un Hilán de bóla que non funciona; abrimos outro motor distinto pero non ten serra! Abrimos entón

unha serra Gigli pero non ten pasador.

Descoñecemos se despois das 21.30 chegou o motor ou non. Bastante antes, desesperados, fíxose unha intervención non habitual, opérase cun motor incompleto pero, en lugar de cortar o óso, este fresouse. O paciente quedará cun defecto óseo para sempre, innecesario, se esperásemos ás 21.30 estaría irremediabilmente morto. Estamos da falar dun hospital de referencia de neurociruxía.

Non acaban aquí as carencias dun servizo vital, non só non se reforzou o persoal senón que mesmo se suprimiron postos, é o caso das auxiliares de enfermería, unha por cada catro quirófanos, fronte a dúas que había no Xeral e Meixoeiro, encargadas de repoñer carros de material, recoller e tramitar o material sucio, limpeza de aparellos e quirófano utilizado e preparación do seguinte a utilizar. Sen protocolos de actuación, actúan co seu mellor criterio para saír do paso.

Necesitamos a totalidade de tempo deste pleno para poder seguir relatando as innumerables deficiencias e incidencias de todos e cada un dos servizos, pois nos constan tamén numerosas queixas desde todas as plantas de hospitalización ou o tan controvertido asunto do aparcadoiro entre outros.

Agradézzolles o tempo concedido para dar a coñecer de primeira man o que acontece no Álvaro Cunqueiro e xa para concluír desexo, en nome do persoal de enfermería, a quen represento neste acto, que nós queremos facer o noso traballo, con garantías para nós mesmas e para os pacientes. E nese exercicio queremos asumir as responsabilidades que nos competen, pero non asumimos as de quen non souberon, nin parecen saber, que non se pode abrir un hospital nestas condicións, obrigando a un traslado, posta en marcha e funcionamento diario sen ter en conta os parámetros de seguridade sanitarios mínimos esixibles. E agora quen arranxa isto? Moitas grazas.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Moitas grazas Sra. Bettremieux Toyos pola súa intervención neste Pleno dun tema de tanta envergadura, de tanta importancia para esta cidade.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Dende a Marea de Vigo, somos plenamente conscientes de

tódolos problemas que acaba de relatar a representante do Colexio de Enfermería, ben se ve que máis valería non ter feito nada, nin hospital novo nin nada de nada porque estábamos mellor antes que agora, no Hospital Xeral, no Meixoeiro, non teño noticias de que pasaran cousas tan graves en ningún momento.

Dende a Marea de Vigo estivemos sempre presentes tanto nas reclamacións como nas protestas e mesmo tamén na difusión destes problemas, facilitando á cidadanía que representantes de distintos colectivos que alí traballan puidesen trasladar o seu sentir e estas todas carencias e os problemas que se atopan directamente á poboación. As integrantes de Marea de Vigo moitas de nós, xa antes de que a Marea de Vigo existise, formábamnos parte de sindicatos, plataformas e doutras organizacións, xa hai por lo menos cinco anos advertimos de que isto ía suceder, porque coñecemos os antecedentes e sabemos que o modelo de sanidade do Partido Popular igual que outros modelos como a da educación ou de calquera outra índole, vai ser sempre un modelo que defenda unha xestión privada, pois só deste xeito poden asegurar beneficios económicos e de clase que lles garantan seguir mantendo os seus negocios por enriba do benestar, igualdade e da universalidade, no eido neste caso da sanidade.

Por todo isto, dicirvos que estamos con vós e que facemos nosas as vosas reclamacións e reivindicacións.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Respectamos profundamente a labor e as solicitudes do colectivo de enfermería e auxiliares, como no podía ser doutra maneira, entendendo que o traslado ao novo hospital non foi nin está sendo sinxelo e que require un gran esforzo por parte de tódolos profesionais sanitarios e non sanitarios. Tamén consideramos que son precisos axustes e reforzos materiais, sobre todo de recursos humanos, pero tamén consideramos que é necesario, e hora de poñer un valor un hospital no que pasaremos unha gran parte da vida profesional senón o resto dela, tódolos profesionais. Traballar pola mellora, esixir aos nosos xestores seguir esforzándonos como o estamos facer, cremos que é o camiño, pasar da queixa á busca de solucións e de aí ás mellora do funcionamento. Dende o grupo municipal poñémonos a disposición e invitamos ao colectivo para buscar solucións e demandas, as demandas solicitadas dende hoxe hai unha comisión técnica para mellorar todas estas incidencias e dende logo pensamos que

non facer nada non é unha solución, estaba claro que tanto o Meixoeiro como o Xeral son hospitais que tiveron as súas incidencias, temos que remontarnos ao inverno pasado, e cremos que a posta polo novo hospital ten que ser un proxecto común de todos e que temos que tratar de defendelo, evidentemente que hai que corrixir, eu son tamén coñecedor de incidencias e de problemas no hospital, pero non podemos esquecer que é un traballo que temos que facer entre todos. Poñemos a disposición do Colexio de Enfermería tamén o oitavo andar para cando queiran vir, falar e votaremos unha man no que estea na nosa man.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En primeiro lugar eu quería manifestar en nome do grupo Socialista neste Pleno a máxima gratitude, admiración, incluso emoción pola participación que acaba de ter unha representante do Colexio de Enfermería da provincia de Pontevedra.

Realmente é unha agradecemento en calidade de cidadáns porque realmente vemos como un profesional no exercicio lexítimo das súas funcións elevado á máxima das categorías non ao exercicio técnico da súa función, senón no seu compromiso social está presente neste acto e fai coñecedores e infórmanos duns problemas funcionais pero tamén estruturais e graves que ten este hospital.

Actitudes como a do Colexio de Enfermería cuxo presidente quero saudar que está presente neste acto, son os que realmente nos reconcilia co mellor da profesión, neste caso sanitaria elevada á máxima esencia e ao máximo compromiso polo tanto, gratuidade.

Por outra banda, recoñecer que o relato que acaba de facer esta representante é moito máis que unhas incidencias ou, por dicilo dalgunha forma entre comiñas, “problemillas” como frivolamente di o Conselleiro de Sanidade nunha entrevista nun medio de comunicación, é moito máis que iso, é a expresión dun fracaso dunha política levada ata a última das súas consecuencias por intereses espúrricos, é o fracaso dunha política sanitaria, é o fracaso dun modelo, porque os modelos non son bos nin malos en si mesmo, é a forma de aplicalos socialmente nun entorno económico político e técnico concreto e é a expresión tamén dese fracaso en tódolos ámbitos e compromisos cos cidadáns e cos profesionais. Porque realmente non estamos a falar de problemas funcionais, estamos a falar de problemas graves que este Pleno, dende o ano 2011, levamos reiteradamente



expoñendo aquí e que por desgracia se viron superadas esas expectativas negativas, esas alarmas que expresamos profesional e politicamente neste Pleno se viron superadas totalmente pola realidade, porque tamén esta situación é a expresión dun modelo de trasladado pesimamente realizado ao amparo dos intereses das empresas concesionarias e é a expresión por outra banda, dos problemas estruturais que ten o modelo, problemas que como onte na propia entrevista que facía co propio conselleiro, recoñecía que para solucionar moitos deles tería que poñerse de acordo coa concesionaria, que marxe ten un conselleiro, a máxima responsabilidade política ou un presidente que non é capaz de poder xestionar un hospital e poder poñer solucións ás mesmas, aí está o fracaso do modelo, desa situación, polo tanto o que viñamos dicindo e é o fracaso e a expresión dunha forma de traslado as expensas dos intereses da concesionaria, pasando por enriba de tódalas advertencias profesionais por que? Porque están feitos non polos profesionais nin para os intereses dos profesionais nin dos pacientes, están feitos por empresas alleas ao sistema sanitario e ao coñecemento, porque é outro dos problemas que ten este modelo, o traslado do coñecemento cara afora do sistema e o empobrecemento do mesmo tanto dende o punto de vista tecnolóxico, como do coñecemento e das posibilidades existenciais que ten o mesmo.

Tivemos a gran oportunidade nun gran hospital, hoxe é un gran fracaso desgraciadamente, por suposto que haberá moitos problemas que se solucionarán e o hospital terá futuro, porque a sanidade dos cidadáns non se poder seguir xogando con elas, por suposto que si. Pero atrás quedará o que é a situación actual, o declive, o agravio, a vulneración dos dereitos dos cidadáns e os profesionais, e haberá merecido a pena? Nunca, porque ese custo é xa irreversible e impagable, polo tanto é un fracaso estrepitoso da política sanitaria e da política en xeral do Sr. Feijóo.

PRESIDENCIA: Sra. Bettremieux Toyos, eu queríalle transmitir primeiro o recoñecemento deste goberno polo seu traballo, profesionalidade a tódolos que están neste momento no compromiso de retomar a situación no hospital de Beade-Valladares, quérolle pedir que transmita a tódolos profesionais o noso apoio e a nosa vocación de seguir nesta loita permanente para a recuperación do futuro dun

hospital que naceu privado, cheo de deficiencias e que ademais na súa propia extensión externa significa un custe absolutamente inasumible en saúde, en seguridade e en recursos para tódolos cidadáns de Vigo e de toda a grande área sur da provincia de Pontevedra. Quero que lle transmita que este Alcalde e este goberno van a seguir permanente na demanda do hospital que Vigo require, necesita e ten dereito, non dicimos máis que o que teñen outras cidades de Galicia, nos basta con ter un hospital como teñen o resto das cidades importantes de Galicia, non queremos nin imos tolerar seguir nesta situación. Quero que saiban que aí estivemos e imos seguir estando, non só este goberno senón toda esta cidade, toda non, uns poucos non, pero todo o resto da cidade está apoiando o que vostedes demandan para o hospital porque esa é a nosa demanda, e demanda de ducias de miles de persoas de todo Vigo, de tódolos municipios de Vigo que queremos un hospital co que poder ir con seguridade, e nos alarma de forma especial e tan importante o que está a suceder, e é que os cidadáns de Vigo, os cidadáns de todo este entorno sanitario non queremos ser levados ao novo hospital e isto é o máis grave que pode suceder, non só unha alarma obxectiva co que alí está a pasar, senón que temos alarma a caer enfermos e que nos leven a ese hospital, e este é un drama de consecuencias incalculables. Por iso Sra. Bettremieux Toyos o noso recoñecemento, o noso agradecemento e o noso aplauso, aí seguiremos.

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

### **2.1(196).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO CON MOTIVO MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 7 DE NOVEMBRO DE 2015. EXPTE. 1251/1101**

ANTECEDENTES.- Con data 26 de outubro de 2015, os tres grupos municipais que conforman a Corporación municipal, presentan no Rexistro do Pleno nº 1251/1101, a seguinte Declaración Institucional lido pola Sra. Raquel Doval Carregal da Plataforma Feminista Galega.

PRESIDENCIA: Imos ler e someter a votación unha declaración institucional do Concello de Vigo con motivo da marcha estatal contra a violencia machista de 7 novembro de 2015.

Lerao a Sra. Raquel Doval Carregal, da Plataforma Feminista Galega. Dona Raquel Doval se ocupa o seu lugar no estrado.

SRA. DOVAL CARREGAL: Bo día.

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denunciante, ou de vivenda, mentres medra a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por iso, este Concello ACORDA:

- Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema “Contra as Violencias Machistas” e promover a participación cidadá na Marcha.
- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e

psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.

- Atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.
- Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
- A erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- Atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención.
- A participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece os eu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Sra. Doval, esta declaración institucional está asinada polos tres grupos, polos 27 integrantes deste Pleno, e polo tanto adoptada por unanimidade. Moitas grazas pola súa presenza neste Pleno.

*A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.*

### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **3.1(197).- NOVA DENOMINACIÓN DA RÚA “CARLOS OROZA FERNÁNDEZ (POETA)” PARA A ACTUAL PRIMEIRA TRAVESÍA DE PRÍNCIPE E A SÚA INCLUSIÓN NO RUEIRO. EXPTE. 14615/331 (1247/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de outubro de 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, emite o seguinte informe-proposta,

“O Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015) de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

*“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”*

Polo exposto propónse ao PLENO da corporación:”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico, en sesión extraordinaria e urxente do día 22 de outubro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Eu quero comezar agradecendo ao Alcalde de Vigo que me permita ser quen presente esta nova denominación da rúa Carlos Oroza Fernández (poeta) para a actual Primeira Travesía de Príncipe e a súa inclusión no rueiro. Carlos Oroza é un, por non dicir, o mellor poeta de lingua hispana vivo, e vive aquí en Vigo. Vigo ama a Carlos Oroza e o Sr. Carlos Oroza ama a Vigo. Carlos Oroza é unha figura sempre presente paseando polas rúas da nosa cidade, deixándonos a

súa extraordinaria poesía, é un creativo, é un home excepcional, é un xenio. A min ensináronme xa de moi nena, que cando aquel foi capaz de expresar de forma extraordinaria quen é alguén e mellor facer e ler o que esa persoa dixo de alguén tan extraordinario como o Sr. Carlos Oroza.

Eu vou ler o que Pere Gimferrer, poeta, prosista, crítico literario e tradutor español, membro da Real Academia 1985 e premio nacional da letras españolas en 1998, dixo do Sr. Carlos Oroza, creo que lendo isto queda todo dito, dixo “Carlos Oroza é un caso único, a súa vez a presenza e a impresencia máis sorprendente da poesía española, substancialmente escribiu certo número de extensos e importantes poemas, sempre reelaborados dende hai décadas, acaso, no fondo, único poema que lle entreverá coa súa vida e nos que un verbo case oracular e chamánico, irmanalle co legado de Rimbaud e os surrealistas. Proxectado a notariade sobre todo oral, no Madrid dos 60 e 70 achou a súa visignia na Galicia natal, pero a diferenza do Wonder Boy da Charleville, non deixou de escribir e reescribir nunca, contadas veces na poesía hispana de hoxe tan poderosas e esenciais, pertécelle un dominio que lle é case exclusivo, o dobre orgullo do absoluto e da súa ocultación. Poucos teñen tanto dereito a ser chamados mestres, de non ser quizais, tal denominación incompatible co radical do seu xesto, con esta poesía en mutación sempre en post de si mesma, hai que ler, escoitar sempre ao Sr. Oroza, a poesía débelle tanto como lle debe el á poesía e nós a ambos”.

Hoxe Vigo faille unha homenaxe poñendo este nome da rúa da Travesía de Príncipe a Carlos Oroza Fernández.

Moitas veces puxemos nomes a outras rúas, todas elas merecidas, pero se algunha merece a pena chamarse co nome de alguén, é esta travesía co nome de Carlos Oroza Fernández, gran poeta, poeta de tódalas viguesas, vigueses, galegos e galegas, de toda España e de toda a poesía hispana no mundo. Un honor que sexa noso.

SR. PÉREZ CORREA: Nós como expresamos na Comisión Informativa por suposto imos votar a favor deste merecido recoñecemento e creo que moitos de nós coñecemos antes a obra poética do Sr. Oroza antes de saber que vivía neste cidade, quizais esta cidade lle debe un recoñecemento a un dos autores imprescindibles da poesía dos primeiros anos do franquismo convulsos pero tamén

en materia literaria moi renovadores, e nos gusta que este recoñecemento sexa en vida, sexa precisamente agora e o que pedimos e que non só se limite a unha denominación exclusivamente dun cambio de rúa, eu creo que hai unha xeración de vigueses/as, sobre todo os máis novos que descoñecen a obra e importancia que supón esta obra poética o que supuxo incluso o seu xeito de entender a vida, o Sr. Manuel Forcadela, un dos membros da candidatura da Marea de Vigo dicía que case era unha impostura vital e que foi parte incluso dese novo albor da poesía e sobre todo moitas veces pola asimilación das novas correntes poéticas que viñan de Estados Unidos e todo o que tiña que ver coa xeración VIP, tamén foi unha persoa que esa impostura tivo tamén posicionamentos moi críticos co réxime do momento e todos eses sucesos que pasaron coa súa poesía crítica que incluso levou a ter ameazas por parte do sector máis ultras do réxime, polo tanto tamén pedimos que xunto con esa rúa puxésemos unha pequena placa informativa porque creo que faríamos un bo favor de que non só a xente recoñecera nunha rúa a esa persoa senón que a xente se achegara a súa obra poética que segue estando absolutamente de moda, agora que se di que todo o que é de moda dura pouco, pero dende logo é unha das grandes débedas desta cidade que se vai por fin a saldar e todo o apoio da Marea de Vigo a esta iniciativa.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nós tamén nos sumamos por suposto a esta iniciativa e ademais que o honor é o de Vigo, de telo como poeta, sempre dende as institucións nas que estamos o tivemos apoiado, sabemos a capacidade e o valor da súa obra, como se expresou aquí por parte dos outros dous concelleiros e nós sabemos que o arte ou toda a poesía non entende de ningunha ideoloxía ou de ningún outro estado que non sexa de apoialo unanimemente por este Pleno municipal. É un honor que Vigo teña unha rúa que ademais sexa en vida como dixo o concelleiro de Marea de Vigo, e que se lembre e que coñeza ben a súa obra porque de verdade que o merece e para nós sempre será un honor como vigueses telo como poeta nesta cidade.

PRESIDENCIA: Ademais da rúa que imos votar a continuación, estamos organizando unha gran homenaxe ao Sr. Orozo, dende o Concello e cun grupo de amigos do Sr. Orozo, estamos tratando de que non só teña unha rúa que permanecerá na

memoria das viguesas/es senón ademais queremos un recoñecemento activo, dende tódolos ámbitos da literatura, poesía, da cultura, de toda España ao Sr. Orozo, un home próximo, amable, gran poeta, que significa o mellor da calidade e capacidade literaria e cultural desta cidade.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte

ACORDO:

“A nova denominación da rúa “Carlos Oroza Fernández (poeta)” para a actual Primeira Travesía de Príncipe, así como a súa inclusión no rueiro do Concello.

**3.2(198).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.09.15 REFERENTE A ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL DE D<sup>a</sup> ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ. EXPTE. 1211/1101**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 17.09.2015, que di o que segue:

“Mediante Resolución da Alcaldía, de data 14.09.2015, determinábase que D<sup>a</sup> Elena González Sánchez desempeñara as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas.

Mediante escrito da interesada de data 17.09.2015, entrada no Rexistro Xeral do Pleno na mesma data, nº rexistro 1211/1101, manifesta a súa renuncia ao réxime de dedicación parcial de nove horas con efectos a partires do día 17.09.2015.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL, RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia do réxime de dedicación parcial de nove horas da concelleira do grupo municipal do Partido Popular D<sup>a</sup> Elena González Sánchez con efectos a partires do día 17.09.2015.

Segundo.- Notificar a presente Resolución á interesada, á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.



Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**3.3(199).- MODIFICACIÓN DA MODALIDADE NA XESTIÓN DIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN (ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS), OCIO E TEMPO LIBRE (PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO) E DEPORTES (INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES). EXPTE. 1396/110 (1246/1101)**

ANTECEDENTES.- Mediante escrito, de data 15 de outubro de 2015, o secretario xeral do Pleno, co conforme do concelleiro delegado de Xestión Municipal, formula o seguinte informe-proposta:

“Lexislación aplicable.

LBRL.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EBEP.- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

ET.- Real Decreto Legislativo de 24 de marzo de 1995, do Estatuto dos Traballadores.

LRSAL.- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

RSCL: Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955.

ROFCL: Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Antecedentes.

I.- En datas de 29.09.2015 e 5.10.2015 o concelleiro delegado de Xestión Municipal; a concelleira delegada de Educación; o concelleiro delegado de Deportes, a concelleira delegada de Medio Ambiente; o Interventor Xeral; o Tesoureiro

municipal; a xefa do Servizo de Recursos Humanos; a xefa de servizo de Contratación; o xefe de servizo de Deportes; unha letrada da Asesoría Xurídica; a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local; o secretario da Administración Municipal e o Instrutor deste expediente mantiveron sendas xuntanzas cos representantes sindicais tanto do Comité de Empresa e Xunta de Persoal do Concello de Vigo como dos Comités de Empresa dos Organismos Autónomos da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO), Parque das Ciencias Vigo-Zoo e Instituto Municipal dos Deportes (IMD). Nas xuntanzas o concelleiro delegado de Xestión Municipal trasladou aos representantes sindicais a vontade do goberno de xestionar desde a estrutura ordinaria municipal, os servizos públicos que na actualidade se prestan desde os Organismos Autónomos da EMAO, Parque das Ciencias Vigo-Zoo e IMD; así mesmo comunicou os representantes do persoal que tal feito, que conleva a extinción dos entes instrumentais, en ningún caso supoñerá a desaparición da relación laboral do persoal que na actualidade ven prestando os seus servizos nos organismo autónomos mencionados, dado que tal persoal integraríase no Cadro de Persoal municipal nas mesmas condicións que na actualidade ostentan nos seus respectivos entes.

II.- No expediente incoado consta Resolución de data 1.10.2015 ditada polo concelleiro delegado de Xestión Municipal que impulsa o Expediente 1396/110 e nomea como Instrutor do mesmo o secretario xeral do Pleno, nos antecedentes da Resolución textualmente indícase:

*“En 1885 a Sociedade de Socorros Mutuos La Cooperativa organizaba en Vigo unha Escola de Artes y Oficios, baixo a tutela municipal, adicada á elevación do nivel cultural e profesional dos cidadás de Vigo, con posterioridade, froito do legado de García Barbón de 25.03.1905, a Escola adquire maior protagonismo ao localizarse na súa emblemática ubicación actual. O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30.09.1982, acordou a aprobación dos Estatutos dunha Fundación Pública de Servizos denominada “Padroado da Universidade Popular de Vigo”, con personalidade xurídica propia e autonomía financeira e funcional co obxectivo, entre outros, de garantir a adecuación dos fins e actividades da Universidade Popular ós presupostos do legado de García Barbón e constituír un centro alternativo, creativo e activo de educación e cultura popular permanente. Mediante acordo do Pleno de data 24.03.2003 a Universidade Popular recuperou a súa anterior denominación de “Escola Municipal de Artes e Oficios”, no mesmo acordo aprobáronse os Estatutos hoxe vixentes que cualifican á Escola como Organismo Autónomo municipal.*

*En data de 26.02.1970 o Pleno do Concello creou a “Fundación Pública Municipal Parque Zoológico da Madroa”, os seus Estatutos foron aprobados en sesión de data 28.01.1972; en sesión de data 30.05.1984 o mesmo órgano aprobou novos Estatutos derogando os anteriores así como o Regulamento de Réxime Interior do zoo; mediante acordo de data 23.02.1990 pasou a denominarse “Organismo Autónomo Municipal Vigo-Zoo”, clasificándose como “de carácter administrativo”; a súa denominación actual, en virtude de acordo de data 28.04.2003, é a de “Parque das Ciencias Vigo-Zoo”. Os seus fins, entre outros, segundo sinala o artigo 5 dos Estatutos, son “O fomento e protección das especies animais, con preferencia da fauna ibérica e dentro dela da galega, particularmente daquelas*

*especies en perigo de extinción” e “A atracción de turismo á cidade”.*

*En data de 20.05.1991 (28.11.1991) o Pleno do Concello, coa finalidade de dotar de maior axilidade á xestión e administración das instalacións deportivas municipais, acordou a creación do “Instituto Municipal dos Deportes de Vigo”, organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de patrimonio especial, personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, estes -artigo 3 dos Estatutos- se fundamentan tanto na xestión, administración e mantemento das instalacións deportivas públicas da Cidade, como na promoción e desenvolvemento da actividade físico-deportiva.*

*Satisfacer as necesidades e demandas cidadás co nivel de calidade que nestes momentos a sociedade demanda é un compromiso dos poderes públicos, por iso, a adecuada e eficaz prestación de determinados servizos públicos cuxa xestión corresponde á Administración Municipal de Vigo require dun novo enfoque organizativo e funcional.*

*Moitos dos organismos autónomos das Administracións municipais, teñen mostrado rixideces e insuficiencias que non responden á idea da autonomía ou flexibilidade na xestión coa que no seu momento foron creados o que lles converte en entes que, na súa planificación e nos seus obxectivos, pouco se diferencian do Concello que os tutela na súa condición de ente matriz; por outra banda o feito de que no réxime xurídico local non exista unha fórmula xestora e organizativa que equilibre de modo axeitado os principios de autonomía, operatividade, control, avaliación e responsabilización por resultados recomenda que hoxe, tendo en consideración o marco de crise económica, sexa conveniente que a Administración municipal de Vigo, naqueles organismos autónomos que non respondan a unha determinada especialización, reduza o seu dimensionamento co obxectivo de procurar -sen diminución nos resultados e en apoio nunha economía de escalas que evite duplicidades- a minoración dos custes de xestión, en definitiva, a racionalización e eficiencia dos recursos.*

*No escenario exposto o Pleno do Concello de Vigo en sesións do 2 de maio e 13 de xuño de 2014, aprobou inicial e definitivamente o orzamento para o ano 2014, na formación das vontades dos grupos municipais que aprobaron o documento incardinábase a de iniciar os estudos para a integración dos organismos autónomos mencionados no Concello de Vigo, en definitiva, a extinción dos mesmos; a tal efecto, a Alcaldía mediante Resolución de data 2.07.2014, acordou iniciar expediente para a disolución dos organismos autónomos mencionados; nomeou ao concelleiro delegado de Xestión Municipal coordinador das actuacións materiais necesarias para levar a cabo a transferencia da xestión; finalmente, na mesma Resolución se nomeaba un grupo de traballo para a formación do expediente”.*

*En data 15.10.2015 o Interventor Xeral emitió informe de fiscalización á proposta de acordo de data 14.10.2015; no informe citado realízanse determinadas recomendacións que cumpre incorporar á parte dispositiva da proposta de acordo sen prexuízo de completar determinados argumentos do informe-proposta anterior.*

Á vista dos antecedentes expostos emítase o seguinte,

## INFORME

### I.- A potestade de autoorganización.

A decisión de xestionar de forma directa baixo a modalidade de “xestión pola propia entidade local” uns determinados servizos públicos incardínase na “potestade de autoorganización” concíbida como, “o conxunto de facultades que as Administracións ostentan para organizar a súa estrutura, en orden á creación, supresión e modificación de órganos administrativos e á atribución de competencias a tales órganos”.

A potestade de autoorganización ten carácter discrecional. O seu exercicio, comporta a inclusión dunha estimación subxectiva, dunha decisión de oportunidade da propia Administración.

Agora ben, nesta estimación subxectiva non existe discrecionalidade ao marxe da Lei, senón solo en virtude da Lei e na medida na que a Lei o teña disposto. O xuízo de oportunidade que leva consigo calquera decisión organizativa non comprende un espazo alleo ao Dereito; é precisamente o ordenamento xurídico o que da sentido e cobertura a este marxe de oportunidade valorativa.

En definitiva, o exercicio da potestade de autoorganización administrativa debe dirixirse á consecución dos fins de interese xeral fixados polas leis. O principio de eficacia é, dende esta perspectiva, un límite para o exercicio desta potestade pública de tal forma que si a actividade organizativa escapa desta finalidade, devén en ilegal por desviación de poder.

### II.- A potestade de autoorganización dos servizos públicos na LBRL.

O artigo 4.1.a) da LBRL enumera como a primeira das competencias que ostentan os entes locais territoriais a “potestade de autoorganización”, unha potestade que é irrenunciabile e soberana, en tanto non se atopa sometida ao control ou a tutela doutras Administracións e unha potestade que conforma o núcleo esencial da autonomía municipal constitucionalmente garantida.

Na “potestade de autoorganización” se localiza a facultade de decisión que a propia LBRL recoñece aos concellos para xestionar, dunha ou outra forma [e baixo unha ou outra modalidade] os servizos públicos. En efecto, o artigo 85 da LBRL dispón,

“Os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse da forma mais sostible a eficiente de entre as enumeradas a continuación: A. Xestión directa: a) Xestión pola propia Entidade Local. b) Organismo autónomo local. c) Entidade pública empresarial local. d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública. B) Xestión indirecta, mediante as distintas formas (modalidades) previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”.

Como sinalábamnos a discrecionalidade non é absoluta, é a propia LBRL a que sinala unhas concretas formas de xestión e unhas específicas modalidades; poden ser esas, pero non outras; é mais, a elección, a decisión, de optar por unha “xestión polo propio Concello” debe basearse en xustificadas razóns de sustentabilidade e eficacia, razóns que neste caso constan sobradamente descritas na Resolución de data 1.10.2015 do concelleiro delegado de Xestión Municipal ao manifestarse, *“Moitos dos organismos autónomos das Administracións municipais, teñen mostrado rixideces e insuficiencias que non responden á idea da autonomía ou flexibilidade na xestión coa que no seu momento foron creados o que lles converte en entes que, na súa planificación e nos seus obxectivos, pouco se diferencian do Concello que os tutela na súa condición de ente matriz... hoxe, tendo en consideración o marco de crise económica, resulta conveniente que a Administración municipal de Vigo, naqueles organismos autónomos que non respondan a unha determinada especialización, reduza o seu dimensionamento co obxectivo de procurar -sen diminución nos resultados e en apoio nunha economía de escalas que evite duplicidades- a minoración dos custes de xestión, en definitiva, a racionalización e eficiencia dos recursos.”*,

En conclusión, as razóns polas que resulta mais axeitada para a consecución dos distintos obxectivos previstos unha xestión indiferenciada, desde os medios propios municipais e integrada na estrutura funcional ordinaria do Concello, se atopa convenientemente motivada, polo que o acordo que se propón resulta conforme a Dereito non apreciándose desviación de poder.

E mais, respecto da a xestión dos servizos municipais sen órganos instrumentais, o artigo 133 do ROFCL advirte, “(...) o establecemento ... dos entes o que se refire o artigo anterior [organismos autónomos] inspirábase no principio de economía organizativa, de maneira que o seu número sexa o menor posible (...)”; a similar conclusión chega a LRAL que no seu Preámbulo indica: *“Los antecedentes inmediatos de la reestructuración del sector público local son los acuerdos entre el Gobierno de la Nación y las Entidades Locales de 7 de abril de 2010 y de 25 de enero de 2012. El primero, más genérico, definido como acuerdo marco con las Entidades Locales sobre sostenibilidad de las finanzas públicas 2010-2013, establecía la aprobación por parte de dichas entidades de un plan de racionalización de las estructuras de sus respectivos sectores públicos, administrativos y empresariales, con el objetivo de mejorar la eficiencia y reducir el gasto público. El segundo, definido como acuerdo de reordenación y racionalización del sector público instrumental local y de control, eficiencia y reducción del gasto público gestionado por el mismo, perseguía disciplinar la actividad de las Administraciones Públicas sin menoscabo de la calidad de los servicios que prestan. Para ello consideraba como eje principal las medidas de reducción de la dimensión del sector público local, lo que implicaba la necesidad de controlar su actividad y racionalizar su organización”*.

III.- Procedemento de modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos.

O artigo 123.1 k) da LBRL, aplicable aos municipios de grande poboación, sinala

como atribución do Pleno destes Concellos, "(...) A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación dos organismos autónomos (...)"; entendemos que a atribución de precisar as formas de xestión (directa e indirecta) implica tamén a de establecer as modalidades que se integran en cada unha delas.

A LBRL non sinala o procedemento a seguir na determinación da "xestión pola propia entidade" como modalidade da xestión directa dos servizos públicos; a normativa regulamentaria nin a autonómica de desenvolvemento tamén gardan silencio, non obstante, sendo esta a forma e modalidade orixinaria de xestión de calquera servizo público resulta lóxica tal omisión polo que o procedemento se concreta na existencia no expediente dunha proposta fundamentada en dereito e suficientemente motivada dos fins pretendidos que neste caso non son outros que a redución da dimensión do sector público municipal e a economía de gastos que tal redución conleva.

O artigo 85. bis. a) indica que a supresión de organismos autónomos locais corresponderá ao Pleno da entidade local, previsión en parte innecesaria pois o certo é que tal extinción, tal desaparición, constitúe o efecto xurídico inevitable, a consecuencia lóxica, da decisión de optar pola modalidade de "xestión polo propio Concello" na que tales entes instrumentais non resultan nin precisos nin necesarios.

O artigo 68.1 do RSCL sinala "(...) Na xestión directa sen órgano especial, a Corporación Local interesada asumirá o seu propio risco e exercerá sen intermediarios e de modo exclusivo todos os poderes de decisión e xestión, realizando o servizo mediante funcionarios do cadro de persoal e obreiros [persoal laboral] retribuídos con fondos do orzamento ordinario (...)".

O Estatuto do Instituto Municipal dos Deportes, no seu artigo 37 sinala: "O Instituto poderá extinguirse en calquera momento por algunha das seguintes causas: a) Por acordo plenario do Concello de Vigo, no exercicio da facultade que lle confire o artigo 30 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. b) Por imposibilidade legal ou material de facer o seu obxectivo"; pola a súa parte o artigo 38 indica: "En caso de disolución o Concello sucederá universalmente".

No mesmo sentido os Estatutos da EMAO establecen: artigo 33. "A disolución do Organismo Autónomo e da Escola Municipal de Artes e Oficios acordarase polo Pleno do Concello por maioría". Artigo 34 "Ó se disolver o Organismo Autónomo e mais a Escola Municipal de Artes e Oficios, os bens de propiedade municipal así como os adquiridos polo Organismo Autónomo pasarán a plena disposición do Concello". Artigo 35, "No caso da doazón de García Barbón e doutros legados que puidera haber, estarase ó disposto nas cláusulas particulares de cada legado".

Os Estatutos do Parque das Ciencia Vigo-Zoo indican: artigo 39. "Cando a fundación se extinga, seu patrimonio pasará a ser directamente de titularidade da Corporación que lle sucederá universalmente. O Consello de Administración practicará a liquidación de todos os bens, dereitos e accións que constitúen o seu patrimonio, previamente a súa reversión ao Concello".

Como se advirte os Estatutos transcritos non sinalan ningún trámite específico no procedemento de extinción/disolución dos distintos organismos salvo o acordo do

Pleno do Concello, acordo -xa se ten dito- que é o efecto xurídico necesario doutro previo cal é o de modificar, en uso da atribución prevista no artigo 123.k) da LBRL, a modalidade de xestión dos servizos públicos de educación, ocio e deportes desde a súa actual de xestión directa mediante a modalidade de “organismo autónomo local” a xestión directa na modalidade de “xestión polo propio Concello de Vigo” (potestade de autoorganización)..

A LBRL, no artigo 85.bis.1. límitase a determinar a aplicación supletoria do disposto nos artigos 45 a 52 e 53 a 60 da Lei 6/1997, de 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, preceptos que, en caso da supresión, nada concretan.

Pola súa parte, o artigo 42 do RSCL dispón que para o establecemento da xestión directa de servizos que non teñan carácter económico, mercantil ou industrial bastará o acordo da Corporación en Pleno.

O acordo de modificación da modalidade de xestión directa adoptarase por maioría simple dos votos emitidos, artigo 123.2 LBRL.

IV.- Consecuencias xurídicas e materiais derivadas do acordo.

IV-I.- Reversión do patrimonio dos organismos autónomos ao patrimonio do Excmo. Concello de Vigo.

A decisión de xestionar os servizos de tempo libre (Vigo-Zoo), deportes (IMD) e educación (EMAO) baixo modalidade de “xestión polo propio Concello” leva consigo, como efecto xurídico inmediato, a disolución dos Organismos Autónomos que na actualidade prestan e xestionan tales servizos, neste aspecto o artigo 88.2 indica, “(...) Ao *disolverse a Institución, a Corporación a sucederá universalmente (...)*”.

Seguindo a tese dos especialistas a expresión “sucesión universal” non resulta afortunada pois nos leva a previsións civilistas da sucesión hereditaria antitéticas á situación administrativa que se trata de regular ... na extinción de organismos autónomos non existe sucesión en sentido patrimonial, pois para que a mesma se produza precisa da previa existencia de dous patrimonios separados, con dous titulares distintos -o *cuius* e o herdeiro- que se confunden nun momento determinado pola desaparición do primeiro. Na situación que estamos a tramitar non existe mais que un solo patrimonio con un solo titular -o Concello de Vigo- que se limitou a confiar a xestión do mesmo -a súa administración- de modo temporal e precario, para recobrala no momento oportuno sen perder o dominio. O artigo 88.2 do RSCL calquera que sexan as expresións utilizadas, solo pode entenderse no sentido de que, producida a desaparición do Organismo Autónomo o seu patrimonio reverterá ou retornará ao entidade creadora (Concello) toda a dotación que a mesma constituíu, cos incrementos experimentados polos beneficios dos servizos e das achegas destinadas ao mesmo.

IV-II.- Integración do persoal dos organismos autónomos no Cadro de Persoal do Concello de Vigo.

De conformidade co establecido no artigo 44 do Real Decreto Legislativo de 24 de

marzo de 1995 polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores o Excmo. Concello de Vigo subrogarase con efectos de 1 de xaneiro de 2016, nos dereitos e obrigacións laborais e de seguridade social que o Parque das Ciencias Vigo-Zoo; o Instituto Municipal de Deportes (IMD) e a Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) manteña cos traballadores fixos e temporais que prestan os seus servizos nos entes citados, así como en cantas obrigacións en materia de protección social complementaria houberan adquirido, integrándose o persoal laboral con contrato en vigor e en servizo activo, ou en situación que orixine dereito á reserva de praza ou posto, no Cadro de Persoal do Excmo. Concello de Vigo. A integración realizarase nos términos que resulten da natureza ou modalidade dos respectivos contratos mantendo a categoría profesional prevista no mesmo o seu réxime retributivo, as súas condición laborais, a súa antigüidade e demais recoñecementos específicos.

Como consecuencia do anterior o persoal integrado adquirirá a condición de persoal laboral do Concello de Vigo implicando tal circunstancia a novación da relación contractual sen dereito a indemnización.

A integración, que en todo caso será voluntaria, requirirá, por razóns de seguridade xurídica, dun procedemento formal.

O persoal integrarase nas categorías que correspondan segundo as características do posto de traballo orixinario e o laboral de referencia que se atope vacante no Cadro de Persoal do Concello de Vigo. De non existeren vacantes, crearanse novas prazas no Cadro de Persoal con categorías específicas de nova creación ou categorías a extinguir do grupo de calificación que corresponda.

Ao persoal integrado faráselle un recoñecemento de servizos para o cálculo da antigüidade a efectos de trienios e para adecuar a súa antigüidade, en termos de hoxoneidade, co persoal laboral do Concello.

#### IV-III.- A integración da contabilidade.

Adoptado o acordo de modificar a modalidade de xestión directa dos servizos públicos citados procederase a executar o acordo nos seus diferentes aspectos, entre estes destaca a consolidación contable, é dicir, a integración da contabilidade dos distintos organismos autónomos coa do Concello, a tal efecto, sen prexuízo do que nesta materia informen os servizos económicos municipais, resultará conveniente seguir as seguintes actuacións:

- Fixar como data de efectos da modificación a de 31 de decembro de 2015 ao obxecto de que coincida co peche da contabilidade, realizando a consolidación con efectos de 1.01.2016.

- Os organismos autónomos, procederán con anterioridade a data de 31.12.2015 ao pago de todas as obrigas pendentes e, se resulta posible, á cobranza dos dereitos liquidados pendentes de pago.

En virtude do anterior, a consolidación contable consistirá, basicamente, nas seguintes actuacións.

- Extinción da adscrición ou cesión de bens que o Concello de Vigo houbera realizado a favor dos organismos autónomos, realizando os correspondentes asentos contables.

- No caso de activos fixos en propiedade, adscribiranse ao Concello



contabilizándose coa a súa amortización acumulada.

- Previa formalización da Acta de Arqueo, os saldos de caixa e os existentes nas contas correntes das entidades financeiras transferiranse ao Concello de Vigo cancelándose as citadas contas.

- Procederase á liquidación de obrigas pendentes de pago e os dereitos pendentes de cobro a data 31.12.2015.

- Traspasaranse os saldos debedores e de acredores dos conceptos non orzamentarios a 31.12.2015 á contabilidade do concello de Vigo.

- Os créditos e débitos existentes entre o concello e os Organismos Autónomos extinguiranse por confusión ao coincidir nunha mesma persoa a natureza de acredor e debedor coas anotación contables correspondentes.

#### IV-IV.- Integración da normativa.

A desaparición dos organismos autónomos como consecuencia da modificación da modalidade da xestión directa na que se prestan determinados servizos públicos -sen prexuízo da derogación sobrevida que se produce das normas estatutarias que disciplinan a organización e funcionamento dos órganos dos entes extinguidos- non implica necesariamente a derogación das disposicións de carácter xeral e regulamentarias que se teñan aprobado nin os seus actos de aplicación, neste sentido se considerará normativa propia do Excmo. Concello de Vigo calquera Regulamento referido o á prestación, utilización e funcionamento dos servizos ou as Ordenanzas Reguladoras de prezos públicos pola utilización das instalacións ou de exacción taxas pola prestación de servizos públicos debendo non obstante o acordo de modificación a adoptar facultar ao Alcalde para a súa adaptación.

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión de 19 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita proposta introducindo determinadas emendas aos apartados cuarto e décimo primeiro da proposta de acordo.

#### DEBATE:

SR. PARDO ESPIÑEIRA: O goberno local de Vigo realiza con este proceso unha aposta clara e definida pola simplificación de estruturas administrativas, pola racionalización organizativa e pola eficiencia económica na xestión municipal. O

modelo de xestión directa de servizos públicos a través de organismos autónomos, parece ter quedado obsoleto na actualidade na que a sociedade demanda que os xestores públicos actúan coa máxima eficiencia na asignación dos recursos públicos. Son obxectivos desta extinción dos organismos autónomos a clarificación das competencias municipais para evitar duplicidades de forma que se faga efectivo o principio unha administración, unha competencia. A contención do gasto público do Concello de Vigo con carácter xeral suprimindo custe de xestión de servizos públicos mediante organismos, a realización dunha xestión pública acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. A simplificación organizativa mellorando a xestión dos asuntos públicos e axilizando o funcionamento dos servizos do Concello, a regularización de criterios de xestión económica, xurídica e estratéxica co Concello de Vigo, tendo unha asesoría xurídica común, un sistema de fiscalización e control contable e de recursos humanos comúns para todo o Concello, a mellora da xestión de persoal, aplicando os mesmos criterios que para o persoal do Concello, cun comité de empresa único e unhas políticas públicas de recursos humanos iguais para todo o persoal ao servizo do Concello de Vigo, uns sistemas de contratación públicos únicos centralizados na área de contratación permitindo unha xestión máis eficaz de procedementos e de xestión de contratos. É un aforro económico na facenda local de Vigo que xa ten actualmente un estado de contas moi positivo e que sen dúbida mellorará con estas medidas.

Fíxase como data de efecto da disolución destes organismos autónomos o 31 de decembro de 2015, xa que así coincidiría co peche da contabilidade tanto do Concello como dos organismos autónomos, facendo a consolidación con efectos a 1 de xaneiro.

o apartado 1 dos apartados básicos e principais que é o que este goberno trata de coidar e como sempre fixo, é o do persoal, e o persoal de tódolos organismos integrarase en idénticos termos e condicións aos que actualmente teñen, abarcando ao persoal laboral fixo, temporal baixo calquera das modalidades legalmente previstas e o persoal laboral indefinido pendente da preceptiva regularización, así como o persoal funcionario que puidese existir.

A integración realizarase en execución da sucesión empresarial contemplada na lexislación laboral e nos estatutos dos respectivos organismos autónomos, sendo a

mesma de carácter obrigatorio por extinción da personalidade xurídica de cada organismo obxecto de supresión, segundo establecido na Lei de bases de réxime local e demais normativa aplicable.

Efectuarase a reasignación a cada unha das áreas de servizo do Concello na que por natureza de categoría profesional debe ser funcionalmente destinado cada efectivo. Unha vez efectuada toda integración a 1 de xaneiro do 2016, deberán articularse os procedementos administrativos necesarios para a racionalización ou regularización de vínculos xurídicos irregulares para a integración efectiva do persoal e axuste da RPT e demais aspectos relativos á planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós cremos que existe unha certa improvisación sobre algúns aspectos co que ten que ver coa integración dos organismos autónomos, que para nós non é algo nin positivo nin negativo a pesares desas cuestións que se introducen sobre eficiencia, evitar a dobre duplicidade administrativa porque nós xa vimos agora mesmo de constituírnos en goberno en moitos concellos deste país que xa fixeron ese trámite, nomeadamente o concello de Madrid, por exemplo, de integración dos organismos autónomos, concretamente o Instituto Municipal de Deportes de Madrid no ano 2004 e o ano seguinte foi absolutamente privatizada toda a xestión dos organismos municipais e con cláusulas absolutamente abusivas que hoxe en día lle impiden ao goberno municipal de Madrid volver a reverter en público esa cuestión.

Nós non poñemos en dúbida que hai unha eficiencia, non poñemos en dúbida que posiblemente haxa unha mellor xestión, un maior control do gasto pero nos preocupan dúas cuestións que queríamos introducir, en primeiro lugar nos faltaba neste expediente o informe previo do IMD, nolo acaban de facilitar hoxe pola mañá pero pola súa extensión porque estamos a falar do organismo autónomo con maior orzamento, con maior número de traballadores, necesitamos tempo para estudalo porque non estaba no expediente referido. Nos preocupan dúas cuestións, primeiro, que efectivamente non estea aquí neste expediente como se están a dar esas negociacións do que ten que ver a integración do cadro de persoal porque creo que este grupo municipal, os grupos municipais deste Concello deberíamos saber tamén como se están cumprindo precisamente esas integracións e o que ten que

ver sobre todo coa integración do cadro de persoal como é a do IMD que estivo sometida tamén a resolucións xudiciais que obrigaron a reincorporar aos seus postos de traballo a moitos traballadores. A maior parte do Orzamento vai ser consignado a gastos de persoal e polo tanto a nós gustaríanos ter un informe de como se produce esa asimilación e logo hai unha cuestión que para nós é curiosa e por iso dicimos que hai unha certa improvisación, imos ter unhas eleccións sindicais en moi pouco tempo e queremos saber se estes traballadores van poder participar ou constituír censo dentro do proceso sindical deste concello porque vemos presas e vemos que non pasa absolutamente nada porque traballadores do Plan de Emprego con seis meses de emprego no Concello, participen neste proceso electoral, incluso azuzados por parte dos sindicatos máis corporativos para que iso se dea e queremos saber se eses traballadores van poder participar porque senón van estar catro anos sen poder participar e elixir democraticamente aos seus representantes.

Polo tanto, estamos a falar que en días se producen as eleccións sindicais aquí e o proceso de integración podería terse feito previamente garantindo que esa cuestión, que para nós non é meridiana senón absolutamente central, se dera de maneira natural. Cremos que falla aquí un informe precisamente desas xuntanzas do que ten que ver cos comités dos organismos autónomos e co concelleiro responsable e polo tanto, o noso voto vai ser de abstención mentres non se clarifiquen estas cuestións que para nós teñen unha importancia crucial, sobre todo o que ten que ver co IMD por esas cuestións que tivemos presentes todas coas intervencións en Pleno e coas protestas dos traballadores que foron de maneira inxusta despedidos e que logo por sentenza xudicial tiveron que reintegrarse ao cadro de persoal do Instituto Municipal de Deportes.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nós imos votar a favor, por suposto, benvida sexa esta iniciativa xa que saben que é unha proposta que nós fixemos para a aprobación dos anteriores Orzamentos porque ademais temos escoitado agora por parte do concelleiro do goberno o de xestión eficaz, creo que contei seis veces que dixo a palabra xestión eficaz na súa proposta e polo tanto, está claro que sempre as nosas propostas acaban sendo asimiladas por vostedes, non no primeiro momento, teñen que dixerilas pouco a pouco e despois soen facer sempre o que lles

recomendamos. Entón neste caso e benvido sexa, agora si que é verdade que recibimos aínda hai uns minutos o expediente do IMD que temos que velo con meticulosidade para que o fagan ben porque unha cousa é a proposta e outra cousa é que o poidan facer como nós lle recomendamos para que sexa realmente unha xestión eficaz que se é verdade que no tema dos traballadores, da xestión, das instalacións e de tódolos servizos poderemos aforrar moitos cartos os vigueses e seguramente mellorar o servizo.

Por outra banda, xa que estamos neste tipo de recomendacións invitámoslle tamén a que poñan xa en marcha o cobro da auga por consumo real e non por canón. Tamén outra recomendación que lle facemos é que seguramente terminarán facéndoo porque sabemos que tamén é unha xestión eficaz e aforraralle moitos cartos aos vigueses. Votaremos a favor por suposto.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Está moi ben o que di o concelleiro da Marea de Vigo, é certo, o que pasa é que a diferenza seguramente principal en improvisación, o que pasou no concello de Madrid, pasou no concello de Madrid, aquí a experiencia nos di que hai un goberno municipal que se caracteriza e caracterizou durante oito anos pola xestión e defensa dos intereses dos traballadores durante estes oito anos en calquera conflito.

En calquera conflito este goberno sempre posicionouse na defensa da postura dos traballadores, sempre con posturas razoadas e defendendo o emprego, non só das concesionarias senón tamén coa política de emprego que leva feito este goberno, pero durante oito anos, non de agora nin deste mandato.

Non se está informando aos grupos das negociacións? Non é certo, hai reunións co Comité do Concello e periodicamente cos comités do organismos autónomos, máis información e máis transparencia imposible, se lles comunica paso a paso todo o que se está a dar, o que se está a facer, todas as decisións que se toman e de momento non houbo nin unha soa alegación nin unha soa queixa por parte dos comités, o que pasa é que normal que algúns queiran ser máis papistas que o Papa, pero que saiban que estamos en contacto permanente cos comités para levar a cabo a integración que como se dixo en idénticos termos e condicións aos que actualmente teñen, e hai persoal con sentencias que este goberno o que se caracteriza e se ben caracterizando é porque sempre cumpre as sentencias e

cando as sentencias lle dixeron que tiña un persoal que atender, atendeuno. Non nos esquecemos que falamos do persoal laboral temporal baixo calquera das modalidades legalmente previstas e persoal laboral indefinido pendente da preceptiva regularización, abrangamos a todo o persoal de tódolos organismos e nós a primeira deferencia e cos traballadores e cos comités cos que nos reunimos. Está moi ben Sra. Egerique o que nos di, é certo que vostede di, o di vostede, que nós facemos caso das propostas que nos dan, creo que parece que pasou unha eternidade pero normalmente só pasaron cinco meses e dous días e a costume deste goberno é cumprir o que lle mandan os que o 24 de maio lle deron a razón, iso é ao que fai caso este goberno, hai cinco meses que se votou e o goberno segue a facer caso ao que lle dixeron os cidadáns con 73.000 votos, esa é a realidade non o que din vostedes.

VOTACIÓN: Con vintecatro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, de conformidade co ditame emitido pola Comisión Informativa adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Modificar, con efectos de data 1.01.2016, e de conformidade co previsto no artigo 123.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a modalidade de xestión dos servizos públicos de educación, ocio e tempo libre, e deportes desde a súa actual de xestión directa mediante a modalidade de “organismo autónomo local” a xestión directa na

modalidade de “xestión polo propio Concello de Vigo”.

SEGUNDO: En derivación do anterior, e con efectos da mesma data, extínguense dos seguintes organismos autónomos:

Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

Instituto Municipal dos Deportes (IMD).

Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Os Consellos Reitores ou órganos equivalentes, así como os demais órganos de goberno dos entes instrumentais citados continuarán en funcións ata a data mencionada, en definitiva, ata completa liquidación do organismo autónomo os únicos efectos da tramitación de asuntos de administración ordinaria e participación no proceso de liquidación e integración. Entenderase como administración ordinaria a estritamente indispensable e necesaria para un funcionamento normal.

TERCEIRO: Sen prexuízo de que continúen vinculados os mesmos fins e funcións, reverteran ao Excmo. Concello de Vigo a totalidade dos bens que, en función de calquera título, existan no patrimonio dos entes instrumentais extinguidos estean ou non inventariados; a reversión tamén realizarase respecto da adscrición de bens que o Concello de Vigo houbera podido acordar a favor dos entes citados para o logro dos seus obxectivos e o cumprimento de fins.

Os bens procedentes de donación ou fundación recibirán o destino previsto polos donantes ou fundadores.

CUARTO: De conformidade co establecido no artigo 44 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores o Excmo. Concello de Vigo subrogarase con efectos de 1 de xaneiro de 2016, nos dereitos e obrigacións laborais e de seguridade social que os Organismos Autónomos Parque das Ciencias Vigo-Zoo; Instituto Municipal dos Deportes (IMD) e Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) manteña cos traballadores fixos, temporais, e indefinidos pendentos de regularización que prestan os seus servizos nos entes citados, así

como en cantas obrigacións en materia de protección social complementaria houberan adquirido, integrándose o persoal laboral con contrato en vigor e en servizo activo, ou en situación que orixine dereito á reserva de praza ou posto, no Cadro de Persoal do Excmo. Concello de Vigo. A integración realizarase nos términos e condicións que resulten da natureza ou modalidade dos respectivos contratos mantendo a categoría profesional prevista no mesmo, as súas condicións laborais, a súa antigüidade e demais recoñecementos específicos. O seu réxime retributivo rexeráse polo marco legal de aplicación para o persoal laboral ao servizo das entidades locais, polo convenio colectivo aplicable o seu ámbito e, no seu defecto, polo Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo aprobado en sesión plenaria de 28.12.1998.

Como consecuencia do anterior o persoal integrado adquirirá a condición de persoal laboral do Concello de Vigo implicando tal circunstancia a novación subxectiva da relación contractual na persoa do empregador sen dereito a indemnización.

A integración, que en todo caso será obrigatoria para o Concello e voluntaria para o traballador, requirirá, por razóns de seguridade xurídica, dun procedemento formal.

O persoal integrarase nas categorías que correspondan segundo as características do posto de traballo orixinario e o laboral de referencia que se atope vacante no Cadro de Persoal do Concello de Vigo. De non existeren vacantes, crearanse novas prazas no Cadro de Persoal con categorías específicas de nova creación ou categorías a extinguir do grupo de cualificación que corresponda. A reasignación nas áreas e/ou servizos administrativos do Concello efectuarase nas que pola natureza da categoría profesional deba ser funcionalmente destinado cada traballador.

Ao persoal integrado faráselle un recoñecemento de servizos para o cálculo da antigüidade a efectos de trienios e para adecuar a súa antigüidade, en termos de hoxeidade, co persoal laboral do Concello.

QUINTO: O Excmo. Concello de Vigo subrógase na totalidade dos dereitos e obrigas que poidan derivarse dos contratos, convenios e calquera outro negocio xurídico de calquera natureza no que exista participación dos entes instrumentais extinguidos



(novación contractual); así mesmo acórdase a subrogación do Concello de Vigo na posición de beneficiaria que os organismos citados ostenten respecto das subvencións outorgadas por outras Administracións Públicas. Os efectos anteriores o Excmo. Concello de Vigo, na consolidación contable a realizar, habilitará os créditos orzamentarios que resulten necesarios para atender os compromisos adquiridos.

A subrogación mencionada comprenderá tamén a dos activos e pasivos sobrevenidos.

A subrogación non alterará as condicións financeiras das obrigas asumidas nin poderá ser entendida como causa de resolución das relacións xurídicas.

SEXTO: A desaparición dos organismos autónomos como consecuencia da modificación da modalidade da xestión directa na que se prestan determinados servizos públicos -sen prexuízo da derogación sobrevinda que produce das normas estatutarias que disciplinan a organización e funcionamento dos órganos dos entes extinguidos- non implica a derogación das disposicións de carácter xeral e regulamentarias que se teñan aprobado nin os seus actos de aplicación, neste sentido acórdase incorporar á normativa propia do Excmo. Concello de Vigo calquera Regulamento ou Instrución referido o á prestación, utilización e funcionamento dos servizos ou as Ordenanzas Reguladoras de prezos públicos pola utilización das instalacións ou de exacción taxas pola prestación de servizos públicos.

Facúltase ao Alcalde para a adaptación das normas citadas.

SÉTIMO: Procederase, en execución do presente acordo, á integración da contabilidade dos distintos organismos coa do Concello (consolidación contable), a tal efecto, materializaranse, entre outras, as seguintes actuacións:

Os organismos autónomos, procederán con anterioridade a data de 31.12.2015 ao pago de todas as obrigas pendentes e á cobranza dos dereitos liquidados pendentes de pago.

Previa formalización da Acta de Arqueo, os saldos de caixa e os existentes nas

contas correntes das entidades financeiras transferiranse ao Concello de Vigo cancelándose as citadas contas.

Traspasaranse os saldos debedores e de acredores dos conceptos non orzamentarios a 31.12.2015 á contabilidade do Concello de Vigo.

Os créditos e débitos existentes entre o Concello e os Organismos Autónomos extinguiranse por confusión ao coincidir nunha mesma persoa a natureza de acredor e debedor coas anotación contables correspondentes.

OITAVO: O Excmo. Concello de Vigo subrogarase na titularidade dos ficheiros de datos que estiveran declarados polos entes instrumentais extinguidos realizando a comunicación oportuna á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), os efectos de que os titulares dos datos correspondentes podan exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

NOVENO: En execución do acordo adoptado e para a reversión dos bens no patrimonio municipal; para a integración do persoal; para a consolidación da contabilidade e para a subrogación do Excmo. Concello de Vigo nos dereitos e obrigas que podan derivarse dos contratos, convenios e calquera outro negocio xurídico que poda existir, créanse *Comités Técnicos de Liquidación* para cada unha das materias mencionadas que estarán integrados, en cada un dos organismos autónomos polas seguintes persoas:

En materia de reversión do patrimonio: o funcionario que desempeñe a Xefatura do Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo, o funcionario que responsable a Xefatura da función de Contabilidade e a persoa que desenvolva as funcións de Secretaría nos organismos autónomos.

En materia de integración do persoal: o funcionario que desempeñe a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos no Concello de Vigo e a persoa que desenvolva as funcións de Secretaría nos organismos autónomos.

En materia de consolidación da contabilidade: o funcionario que desempeñe a Xefatura de Contabilidade no Concello de Vigo e a persoa que desenvolva as funcións de intervención nos organismos autónomos.

En materia de contratación, convenios e calquera outro negocio xurídico: o funcionario que desempeñe a Xefatura de Servizo de Contratación no Concello de Vigo e a persoa que desenvolva as funcións de secretaría nos organismos autónomos.

DÉCIMO: Os Comités Técnicos de Liquidación elevarán, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, calquera proposta de acordo que resulte necesaria para a execución do acordo adoptado.

DÉCIMO PRIMEIRO: Correspondendo á estrutura non diferenciada do Concello a xestión dos servizos de educación, ocio e tempo libre e deportes a Alcaldía considerará a nova situación no proxecto dos orzamentos para o exercicio 2016. A integración orzamentaria no Cadro de Persoal efectuarase mediante a alta dos créditos vinculados ás prazas de orixe no Capítulo I do Estado de Gastos.

DECIMO SEGUNDO: Facúltase ao Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Vigo para ditar cantas Resolucións sexan necesarias en relación coa execución do previsto no presente acordo.

DÉCIMO TERCEIRO: Notificar o presente acordo os órganos reitores do Parque das Ciencias Vigo-Zoo; do Instituto Municipal dos Deportes (IMD) e da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO); aos concelleiros delegados de Deportes, Medio Ambiente e Educación; proceder a publicación da parte dispositiva deste acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na páxina web oficial do Excmo. Concello de Vigo e nun dos diarios de maior circulación da Provincia. Concluídas as operacións materias de liquidación e integración, o día seguinte o da data sinalada no apartado Primeiro, remitirase anuncio ao Boletín Oficial do Estado (BOE) e notificarase á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.

### **3.4(200).- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO USO DOTACIONAL DEPORTIVO DA PARCELA MUNICIPAL SITA NO PLAN PARCIAL DO PARQUE**

## **TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO PARA SER DESTINADA A APARCAMENTO PÚBLICO. EXPTE. 15198/411 (1240/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 13 de outubro de 2015, a técnica de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, co conforme da xefa de Planeamento e Xestión, emite o informe-proposta:

“Con data 26.03.2001, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo en desenvolvemento do sector de solo urbanizable delimitado do PXOU-93 (exp. 4959/411), tras da modificación puntual aprobada en data 29.09.2000 (exp. 4868/411), xustificado na necesidade de dotar á cidade dun solo que ofrecese ás empresas a oportunidade de emprazarse fóra das aglomeracións urbanas e de dispoñer dunhas infraestruturas axustadas as súas necesidades, funcionado, ao tempo, como unha área empresarial na que reorganizarse de acordo coas esixencias do mercado.

O día 16.05.2002, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou o proxecto de reparcelación do sector (exp. 4281/401), adxudicándose ao Concello de Vigo, entre outras, a parcela nº. 20, cunha superficie de 17.914 m<sup>2</sup> destinada a equipamento público de uso deportivo, sita no extremo noroeste do sector, entre a estrada Castrelos-Universidade e o 2º Cinto e ao Norte da rotonda de enlace.

O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP de Pontevedra o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do 10.09.2009.

O PXOM de Vigo contempla o sector do Parque Tecnolóxico e Loxístico, baixo clave S-58-I, como actuación en marcha, e incorporou a ordenación e criterios que informaron o Plan Parcial xa aprobado, así como as ampliacións que se están a tramitar e que recolle o Plan Xeral (punto 8 da ficha do PXOM) ao establecer no punto 9 Observacións e Recomendacións da súa ficha correspondente: Incorpóranse as determinacións do Texto Refundido do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico.

Desta forma, as determinacións urbanísticas do dito Plan Parcial foron asumidas polo planeamento xeral de conformidade co disposto na ficha do «S-58-1 Parque Tecnolóxico e Loxístico», manténdose, xa que logo, o destino deportivo da devandita parcela de equipamento, se ben non consta que ese destino se fixera efectivo en momento ningún.

O día 22.09.2015, a Vicepresidenta da XMU resolveu iniciar o estudo da situación urbanística da parcela municipal de referencia polas razóns que nesa resolución se expresan, de cara a súa modificación por outro destino dotacional público que permita o seu uso como aparcamento público, de acordo co procedemento previsto no artigo 47.4 da LOUGA, encomendado á oficina de planeamento e xestión a realización dese estudo e a subseguente tramitación do expediente administrativo.

O 29.09.2015, a Xefa de Planeamento e Xestión asinou oficio dirixido á Concellería de Deportes solicitando informe sobre as previsións de desenvolvemento dalgunha dotación deportiva na nomeada parcela, así como sobre a súa innecesariedade para uso deportivo.

Con data 01.10.2015, deuse conta ao Consello da XMU da Resolución do día 22.09.2015 da Vicepresidenta da XMU.

O 02.10.2015, o director deportivo do IMD co conforme do Concelleiro delegado de Deportes informou o seguinte: “En resposta a súa petición de informe, o técnico que subscribe informa que non existe, en principio, estudio ningún nin previsión sobre necesidades concretas de dotacións deportivas na parcela 20 do Plan Parcial Parque Tecnolóxico e Loxístico máis aínda tendo en conta que na actualidade, nas parcelas limítrofes ubícase unha infraestrutura hospitalaria, o que desaconsella situar unha instalación deportiva nesa zona”.

O día 13.10.2015, a Xefa de Planeamento e Xestión emitiu o seguinte informe:

“Con data 22 de setembro de 2015 a vicepresidenta da XMU resolveu “Iniciar o estudo da situación urbanística da parcela municipal con destino a dotación deportiva sita no Plan Parcial do Parque Empresarial e Tecnolóxico, de cara a súa modificación por outro destino dotacional público que permita o seu uso como aparcamento público, de acordo co procedemento previsto no artigo 47.4 da LOUGA”.

#### 1. PARCELA OBXECTO DE MODIFICACIÓN DO USO DOTACIONAL.

A parcela obxecto da modificación de uso á que se refire a Resolución de 22 de setembro é a sinalada como Parcela Nº20 no Plano de Zonificación do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico (Expediente nº 4959/411; aprob. definitiv. polo Pleno do Concello de 26 de marzo de 2001).



Reproducción de parte do Plano Nº9 ZONIFICACIÓN do Plan Parcial do PTL (Expte.Nº9353/411 Modificación Puntual Nº3 do P.P. do PTL).A parcela dotacional deportiva é a número 20.

Con data 16 de maio de 2002 aprobouse definitivamente o Proxecto de Reparcelación do parque Tecnolóxico e Loxístico, NºExpte 4292/401. A parcela 20, parcela resultante neste proxecto de reparcelación se recolle coa seguinte descripción:

“Parcela número VEINTE: se destina a equipamiento deportivo. Mide la superficie de diecisiete mil novecientos catorce metros cuadrados (17.914 m<sup>2</sup>). Linda:


Norte: Río, presa y finca fuera del ámbito propiedad de Cándido Abalde.

Sur y Oeste: Fincas fuera del ámbito propiedad del Consorcio.

Este: Parcela número 21, incluída dentro del sistema viario y destinada a aparcamiento.

Titular: Concello de Vigo”.

Actualmente a parcela limita no extremo norte coa parcela do Hospital Álvaro Cunqueiro e no seu extremo sur linda coa VG-20.




Plano do Catastro. Referenza Catastral: 3606601NG2730N

A ordenanza asignada polo Plan Parcial a esta parcela é a ORDENANZA 5. Zona de Equipamento Deportivo, “Corresponde a zonas destinadas a albergar edificios o instalaciones deportivas o de espectáculos asimilables, así como los usos complementarios de la actividad principal”, segundo se recolle na Normativa do P.P.

No PXOM vixente a parcela está incluída dentro da superficie delimitada polo Plan Parcial do Parque Tecnolóxico. Clasificada como Solo Urbanizable S-58-I, na ficha do sector no apartado 8, se di: “Recóllense os obxectivos e criterios que informaron o Plan Parcial xa aprobado, así como as ampliacións que se están a tramitar e que recolle o Plan Xeral”. E no apartado 9: “Incorpóranse as determinacións do Texto Refundido do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo”. É dicir recóllese na parte que xa está executada o establecido no Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico.

O Texto Refundido do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo foi aprobado definitivamente (26 de xullo de 2005) no marco da MODIFICACION PUNTUAL NÚM. 3 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. A Modificación Puntual e o Texto Refundido non alteraron nin a delimitación nin as determinacións aplicables á parcela 20 de Equipamento Deportivo.



Reproducción do Plano do PXOM-08 da Serie 2, folla 18M. Coa parcela sinalizada

## 2.- MODIFICACIÓN QUE SE PRETENDE.

Preténdese a posibilidade de utilizar a parcela dotacional para aparcamento público.

Foi solicitado informe da Concellería de Deportes sobre se está prevista algunha acutación

sobre esa parcela e sobre a innecesariedade deste solo para uso deportivo.

Con data 2 de outubro de 2015 o Director Deportivo do IMD informou que “non existe, en principio, estudio ningún nin previsión sobre as necesidades concretas de dotacións deportivas na parcela 20 Plan Parcial Parque Tecnolóxico e Loxístico máis aínda tendo en conta que na actualidade, nas parcelas limítrofes ubícase unha infraestrutura hospitalaria, o que desaconsella situar unha instalación deportiva nesa zona”.

### 3.- USO DOTACIONAL PROPOSTO.

Os usos dotacionais que recolle o PXOM vixente son:

- Clase Educación.
- Clase Sociocultural.
- Clase Asistencial.
- Clase Sanitario.
- Clase Servizos Públicos.
- Clase Administración Pública.
- Clase Relixioso.
- Clase Deportivo.

Dado que o uso que se pretende é o de aparcamento público a clase na que debe encaixase este uso é no dotacional Servizos Públicos.

A Normativa do PXOM establece, no artigo 5.5.1. Definición, Clases e Categorías e na parte correspondente á Clase Servizos Públicos: “Cando a dotación se destina á Prestación de Servizos Públicos, pola administración ou por particulares”. E nas Subcategorías recóllense (entre outras):

6.- “Outros servizos públicos: Instalacións públicas ou privadas que presten algún tipo de servizo non incluído nalgún dos anteriores e que non poidan ser incluídos dentro dos usos comerciais. Poden incluírse nesta Subsección xenérica os Recintos Feriais, espazos relacionados con actividades esporádicas ou continuadas das persoas, sen carácter sanitario ou residencial...”

O uso de aparcamento público podería encadrarse nesta subcategoría.

### 4.- CONCLUSIÓN

A modificación do uso dotacional deportivo a outro uso dotacional que permita o uso de aparcamento público que se propón na Resolución da vicepresidenta da XMU de 22 de setembro de 2015 do uso dotacional deportivo a outro uso dotacional que permita o uso de aparcamento público, pode tramitarse polo procedemento previsto no artigo 47.4 da LOUGA.

O uso que se lle debe asignar á parcela dotacional para permitir a súa utilización como aparcamento público é o de Dotacional Servizos Públicos”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA



## I. Normativa examinada.

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo).
- LOUGA (Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).
- RDLex. 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental de proxectos.
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local).
- TRRL (Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- ROF (RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- RBEL (RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das entidades locais).
- LPAP (Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).
- LRX-PAC (Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDU (D 28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina urbanística de Galicia).
- RXU (D 3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D 2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD 1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da XMU (AD versión consolidada Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde do Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## II. Modificación de usos dotacionais.

De acordo co establecido no artigo 47.4 da LOUGA, o Pleno do Concello, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En termos semellantes, exprésase o art.5.5.4.3

das NNUU do PXOM/08.

Seguindo o disposto na sentenza do día 25.03.2010, do TSX de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, a facultade prevista no artigo 47.4 da LOUGA, é de modificación do plan (sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, por maioría absoluta legal). En calquera caso, tal facultade é un instrumento de ordenación de planeamento urbanístico previsto no Título II, do “Planeamento Urbanístico”, capítulo primeiro, das “Clases de instrumentos de ordenación”. No mesmo senso, en sentenza do 03.03.2015 o Tribunal Supremo expresa que o feito de que o artigo 47.4 da Lei 9/2002 permita que o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto pódase acordar por acordo plenario municipal, adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, non significa que dito cambio non sexa unha modificación do plan, senón que cabe realizala sen seguir a tramitación establecida para os demais supostos de modificación; é máis, o establecer expresamente tal excepción reforza o carácter de modificación do plan que ten dito cambio, pois se non o fose non sería necesario establecela, xa que non lle afectarían as normas que regulan a modificación do plan. En consecuencia, considerando o exposto, en aplicación do artigo 92 da LOUGA, adoptado o acordo, remitírase copia de dous exemplares á CMATI.

A parcela cuxo uso dotacional preténdese modificar de “deportivo” a “servizos públicos”, correspóndese coa nº. 20 do Plano de Zonificación do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico que figura descrita no proxecto de reparcelación deste sector, como segue:

“Parcela número VEINTE: se destina a equipamiento deportivo. Mide la superficie de diecisiete mil novecientos metros cuadrados (17.914 m2).

Linda:

Norte: Río, presa y finca fuera del ámbito propiedad de Cándido Abalde.

Sur y Oeste: Fincas fuera del ámbito propiedad del Consorcio.

Este: Parcela número 21, incluída dentro del sistema viario y destinada a aparcamiento.

Titular: Concello de Vigo”.

A modificación pretendida debe estar xustificada ademais de na Resolución do 22.09.2015 da Vicepresidenta da XMU, nos informes técnicos dos servizos municipais correspondentes, constando no expediente administrativo tanto o informe do 02.10.2015 do director do IMD conformado polo Concelleiro de Deportes e como o informe da Xefa de Planeamento e Xestión de data 13.10.2015 no que, tras analizar a situación da parcela dende unha perspectiva urbanística, conclúe: “A modificación do uso dotacional deportivo a outro uso dotacional que permita o uso de aparcamento público que se propón na Resolución da vicepresidenta da XMU de 22 de setembro de 2015 do uso dotacional deportivo a outro uso dotacional que permita o uso de aparcamento público, pode tramitarse polo procedemento previsto no artigo 47.4 da LOUGA. O uso que se lle debe asignar á parcela dotacional para permitir a súa utilización como aparcamento público é o de Dotacional Servizos Públicos”.

III. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno da Corporación (artigo 47.4 da LOUGA) por maioría absoluta legal dos seus membros, previo informe da Secretaría xeral (arts. 122.5.e) 2º da LRRL, 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF) e fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF), por proposta do Consello da XMU

(art.10.1j) dos Estatutos da XMU).

Polo anterior, propónse a adopción do seguinte,”

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 16.10.15 ditame favorable

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTEVEZ: Imos pasar agora a tratar outro tema que ten que ver co mal funcionamento e o colapso de novo hospital de Vigo. Falamos agora dunha situación a do seu aparcadoiro que levou á rúa a centos de miles de vigueses/as e de cidadáns da área sanitaria de Vigo, centos de cidadáns, miles, que ocuparon as rúas de Vigo solicitando que a Xunta de Galicia non fora insensible coas súas necesidades, que a Xunta de Galicia puxera ese aparcadoiro gratuíto porque as prazas de aparcadoiro existen o que pasa é que o caro prezo que ten ese aparcadoiro fai que moitos cidadáns non poidan utilizalo, cidadáns que ou ben por motivos de renda ou porque son enfermos crónicos que teñen que acudir moitas veces a ese hospital non poden soportar o prezo dese aparcadoiro. Un cidadáns que polo tanto están a buscar como poden sitio onde poder aparcar os seus vehículos, supoñendo un caos na circulación e un risco para a seguridade vial. E fronte a isto, cal é a actitude da Xunta de Galicia? É mirar para outro lado, non atender as súas competencias, porque é absolutamente claro que a situación do novo hospital é unha competencia da Xunta de Galicia, é máis nalgún momento incluso fala de que intenta assimilar o aparcadoiro do novo hospital con algúns do centro de Vigo, con algúns aparcadoiros instalados en zonas urbanas, e eu me pregunto, os alumnos da Universidade de Vigo teñen que pagar aparcadoiro? Os empregados/as do parque tecnolóxico de Valadares teñen que pagar algún aparcadoiro? Obviamente non, porque están en entornos que non existe saturación de tráfico onde é posible situar aparcadoiros en superficie que sexan gratuítos, saben a única diferenza entre esas instalacións e o hospital de Vigo que hai unha

concesionaria, entón para engordar a conta da concesionaria do hospital de Vigo se colocan tarifas en moitos casos abusivas para que os cidadáns teñan que pagar un imposto á enfermidade. Saben vostedes quen resulta beneficiado cada vez que un cidadá está dúas ou tres horas esperando nunha cola? Ou esperando a que o atendan? A concesionaria do hospital que cobra dúas ou tres horas máis polo uso deses aparcadoiro, entre catro e seis euros máis cada vez que un cidadá está a esperar nunha cola.

Froito desa situación é a reclamación insistente por parte dos cidadáns de que a Xunta de Galicia adopte medidas, o que observamos é que o Presidente da Xunta de Galicia está máis preocupado da conta de resultados da concesionaria que a de atender as necesidades dos usuarios da área sanitaria de Vigo.

Fronte a iso, o que temos é que o tema dotacional do hospital de Vigo é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, e é que unha competencia exclusiva porque de feito ese novo hospital, como ben saben, foi aprobado como un plan ou proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, que significa exactamente isto? Significa que ten por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público á utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localizan, pola súa magnitude, importancia ou especias características, e significa ademais que este proxecto sectorial ten que garantir a adecuada intervención no territorio desa infraestrutura ás dotacións e instalacións que constitúen o seu obxecto á conexión coas redes e servizos correspondentes e todo iso sen menoscabo da funcionalidade dos asistentes. Polo tanto, a competencia de ofertar un servizo de aparcadoiro gratuíto no novo hospital é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, unha competencia exclusiva que a Xunta de Galicia non escoita, que desatende porque lle preocupa máis facer rendible a concesionaria que as necesidades dos usuarios da área sanitaria de Vigo.

O problema non é que non existan prazas de aparcadoiro, que si existen, o problema non é o problema do Concello de Vigo, dos residentes do Concello de Vigo, non, é un problema de todos os usuarios da área sanitaria de Vigo, pero a solución parece que só vai a vir do Concello de Vigo. Concello de Vigo que vai poñer a disposición de tódolos usuarios un aparcadoiro gratuíto, por iso hoxe traemos esta modificación porque este acordo vainos permitir cambiar o uso dunha

parcela onde poderemos promover algo máis de 500 prazas de aparcadoiro gratuíto, iso si sempre que o Ministerio de Fomento, o propio SERGAS, que está en complicidade coa concesionaria e Augas de Galicia, nos autoricen a facelo como esperemos que así o fagan.

SR. PÉREZ CORREA: Nós obviamente estamos de acordo con esta iniciativa, con esta modificación que se vai facer dunha das fichas de urbanismo pero non deixamos de estar abraiados cunha cuestión que pola miseria das hemerotecas, acabamos de aprobar unha acta dunha sesión plenaria na que a Marea de Vigo pedía, cito literalmente, “instar ao goberno municipal para que de forma subsidiaria proporcione unha alternativa de aparcadoiro no novo hospital Álvaro Cunqueiro”, e por unha destas cousas subrealistas que só pasan neste Concello que poden incluso parecer un viaxe lixersico do Sr. Allen Ginsberg, ese que tanto coñecía o Sr. Carlos Oroza, o Partido Socialista votou en contra neste Pleno, nós precisamente introducíamos esa cuestión, a responsabilidade que ten o Partido Popular en rescatar a concesión en evitar esa xestión privada dun aparcadoiro, pero pedíamos unha solución de inmediatez, rápida, é certo que é un gasto impropio. Eu estou de acordo que ter que dar unha alternativa de aparcadoiro por parte dun Concello é un gasto impropio, como tantos dos gasto impropios que este Concello leva adiante este e outros concellos, case o 40% dos orzamentos dos concellos deste país, pero nós temos como concello moitas veces que asumir a inoperatividade ou case digamos a xestión indecente dos servizos públicos doutras administracións, polo tanto o que estamos aquí é ante a evidencia do que dicía a Marea de Vigo, podemos pedir unha moción o Partido Socialista pediu incluso que incluínamos unha emenda na que instábamos á Xunta de Galicia a que ese aparcadoiro que está dentro do complexo hospitalario fora gratuíto, nos aceptábamos esa emenda pero dicíamos que non tiña que substituír algo que nós asumimos como posible facer por parte dunha administración local, independentemente ou non de que administración local sexa responsable de facelo. Este concello fixo de maneira para nós positiva noutras moitas derivas de xestión dos servizos públicos que o Partido Popular eliminou por exemplo a teleasistencia da Deputación, e foi este concello a que asumiu este servizo, non pasa absolutamente nada.

Aquí fíxose un treatrillo, se nos acusou a Marea de Vigo practicamente de pedir que

ese aparcadoiro seguirá sendo privado e nós o que dicíamos era que busquemos unha alternativa e resulta que esa alternativa existe, e que hai unha posibilidade como ben está nesta proposta de modificación, hai unha parcela que estaba dentro do ordenamento urbanístico adicada para un uso deportivo, e como o Urbanismo ten que ser algo vivo e que este ao servizo das necesidades inmediatas da cidade, pois de maneira natural propónse a súa modificación e que dun uso deportivo pase a outro tipo de usos, perfectamente normal, faise unha modificación, arguméntase a necesidade desa modificación e incluso se pide un informe, se aí ten que ir unha pista de fútbol, unha pista de pádel, un técnico municipal di que iso non é urxente, e neste caso a Xerencia de Urbanismo e este Concello asumen que esa finca se pode converter dunha maneira urxente nun aparcadoiro gratuíto. Unha absoluta normalidade que estaba recollida nunha moción da Marea de Vigo que foi votada en contra e no que nós deixábamnos claro a responsabilidade primeira do Partido Popular.

Fagamos un debate sobre os gatos impropios deste Concello, pero fagámolo de maneira seria porque algúns si e outros non, porque estamos asumindo becas que son unha responsabilidade da Xunta de Galicia e isto non o queremos asumir, e incluso dicimos que non ten porque ser permanente ese aparcadoiro, eu espero que un cambio de goberno o ano que ven se poida reverter con tódalas penalizacións económicas que seguramente salvo que demostramos incumprimento da concesión, con todo o problema que vai ser reverter en 100% público o hospital, pois deixemos de precisar ese aparcadoiro, pero mentras tanto os veciños/as que teñen que ir por desgracia a este centro hospitalario que poidan ter unha alternativa dun concello que asume que outra administración non estea a cumprir a súa función.

Polo tanto imos votar a favor pero pedimos no sucesivo que o debate sexa político e non sexa de cuadrillas cando unha organización, neste caso a Marea de Vigo presenta unha moción neste sentido e aos dous días se nos anuncia que se vai facer esa infraestrutura, parécenos cando menos demagórico e que ese voto fora negativo e aos dous días presenciar unha especie de teatrillo no que se anunciaba a apertura dese espacio que esperemos que sexa gratuíto de xestión directa.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sra. Caride que efectivamente cando a estaba

escoitando como dicía o voceiro da Marea de Vigo, víñame á memoria o Pleno que tivemos o día 8 de setembro, no que vostedes negaron a maior, aquí creo que é procedente citar unha frase de Gandhi que dicía “que aínda que a verdade está en minoría segue sendo a verdade”, e neste caso ao final a verdade puido sobre a negación e dende logo sobre a mentira.

Imos aprobar un expediente hoxe, que sinceramente tiña que terse aprobado hai seis anos, que chega con seis anos de atraso por non dicir con nove anos de atraso. Con seis anos de atraso cando non con nove dende o ano 2006, sinceramente é moi curioso Sra. Caride, que sexa vostede precisamente agora como concelleira a que presenta este expediente e que ademais se permita o luxo de falar de competencias e do que é competencia e non competencia da Xunta de Galicia, porque parece que para vostede o que é competencia cando é conselleira resulta que deixa de ser competencia cando está nun grupo municipal. Voulle ler para refrescarlle a memoria textualmente o que nese convenio que vostedes asinou, Sra. Caride, dicía que lle correspondía ao Concello de Vigo e dicía textualmente “o Concello de Vigo levará a cabo a execución das infraestruturas urbanísticas precisas que garantan os servizos necesarios para a construción e o funcionamento do hospital, é dicir, esa competencia de dar servizos á zona é unha competencia municipal e vostedes recoñeciano nese convenio que asinou, agora evidentemente é máis fácil dicir onde dixen digo agora digo Diego e agora como estou noutra situación vou a esixir outra cousa, pero iso non é verdade e non quere dicir que non fora verdade dende o primeiro momento, non quere dicir que dende o primeiro momento este Concello e vostede non estivo no goberno e polo tanto non llo teño que dicir porque non lle corresponde a vostede, é o que tiña que ter feito o que lle correspondía, o que era da súa competencia.

Porque é moi fácil sentarse e criticar, o difícil é facer e aquí estamos moi acostumbrados a criticar o que os demais fan, non facer absolutamente nada para solucionar eses problemas e dar a calada por resposta. Por certo tamén conselleira nun goberno que tivo os maiores ingresos da historia da autonomía e que non foi capaz de quitar adiante o proxecto do hospital que tanto necesitaba esta cidade, axudada sen dúbida polo silencio cómplice do goberno municipal de Vigo.

Sinceramente non sei que leccións queren vostedes dar, pero para poder dar leccións hai que facer e que hai que cumprir e vostedes neste hospital non están a

cumprir só lles serve de voz a todos menos realmente a seguir o sentido común. Pero como dicía Gandhi ao final a verdade segue o seu camiño e acaba saíndo e vencendo á mentira na que este goberno municipal tivo todos estes anos aos vigueses/as ocultando efectivamente que si tiña dúas parcelas pegadas ao hospital nas que podería ter feito o que agora está facendo, porque agora está a recoñecer con este expediente que podía, que tiña competencias e que o que non quixo foi facelo en todos estes anos, ocultando esta parcela de 17.000 metros cadrados e outros 15.000 metros cadrados, parcela que por certo de acordo co que di o propio expediente tiña o Concello de Vigo dende o ano 2002, non apareceu da noite a mañá. O que si apareceu da noite a mañá foron esas parcelas e que todo o mundo en Vigo o soubera e que se lles caera a careta, cando este grupo municipal descubriu a tódolos vigueses que existían esas parcelas e que non se fixera absolutamente nada, e a partir de aí quedaron tan noqueados con este descubrimento que non fixeron outra cousa que dar bandazos, ríanse pero non fan máis que dar bandazos, primeiro falan de 500 prazas, despois de 250, despois falan de 500, despois din que van a ampliar a outra parcela, agora din que van expropiar máis parcelas, e a realidade é que o único que fixeron realmente para construír ese aparcadoiro é o que imos aprobar hoxe neste Pleno, moita propaganda, moito falar, moito ampliar sobre o inexistente, moita maqueta que é o que a vostedes lles gusta, pero cero xestión, hoxe por fin aprobamos isto, lamentablemente esperamos máis dun mes para facer esta aprobación cando xa se habían descuberto eses terreos e si agora o que queremos é saber cando, como e sobre todo importa moito o procedemento de adxudicación como vostedes boamente pode entender, cantas prazas e cando os vigueses van poder ter ese servizo que o seu concello tiña que poñerlles a disposición xa dende hai moito tempo, porque a zona de Valladares-Beade é Vigo igual que é o centro de Vigo e porque cambiando unhas beirarrúas por outras e levantar unhas beirarrúas por outras no centro de Vigo faise cidade, pero dende logo urbanizar tódalas zonas da cidade tamén fan cidade.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: É que non o pide só o Concello de Vigo, é que a reclamación da gratuidade do aparcadoiro do hospital pídenlla incluso os alcaldes do Partido Popular da área sanitaria de Vigo, polo tanto escóiteos tamén a eles e aos cidadáns de toda a área sanitaria de Vigo porque este non é un problema da cidade de Vigo,



é un problema da área sanitaria de Vigo que a cidade de Vigo e o Alcalde de Vigo vai a resolver, pero o problema non é só dos vigueses/as, o problema é de todos.

Sra. Muñoz eu non teño ningún problema, o convenio ao que vostedes fai referencia falaba da construción dun hospital público, quere vostede dicirme que algunha das cuestións que hoxe se presentaron aquí neste Pleno ten algo que ver coa xestión pública, se a propia entrevista do Conselleiro de Sanidade pon en evidencia que ten que negociar coa concesionaria para mover unha cama de sitio, non digamos un tabique, non digamos mover e cambiar algunha das condicións na que presta servizo a concesionaria, ese é o grande problema, vostedes cambiaron unha instalación pública por un negocio e agora o negocio necesita resultados, e parte deses resultados simplemente veñen do aparcadoiro, iso si, cada vez que espera a xente o imposto sobre a enfermidade faise máis grande porque teñen que pagar máis.

Nós esperábamos, a verdade é que eramos un pouco ilusos Sr. Alcalde, pero esperábamos que os milleiros de persoas que estiveron nas rúas de Vigo fixeran reaccionar á Xunta de Galicia, esperabámolo realmente e polo tanto críamos que se ía promover a gratuidade dese aparcadoiro, porque a Xunta de Galicia non sería insensible ás necesidades dos usuarios e polo tanto entendíamos que o primeiro era esixir e reclamar o mesmo que reclamaban os cidadáns na rúa, por iso promovíamos precisamente a gratuidade dese aparcadoiro como seguimos esixindo, pero ante a inacción da Xunta de Galicia, ante o mirar para o outro lado ante os problemas dos cidadáns que quedan desatendidos, tivemos que reaccionar, e polo tanto iniciamos un procedemento que ten vostede razón, o voceiro de Marea de Vigo, vai a promover que gastemos 520.000 euros que poderíamos destinar a políticas sociais, cantas axudas poderíamos dar aos fogares de Vigo con 520.000 euros, pero temos que facer ese aparcadoiro porque tamén temos que dar resposta a unha necesidade dos usuarios. E din vostedes que levamos perdido un mes, o seis de outubro saíu dende a Xerencia de Urbanismo unha petición ao SERGAS, a Fomento e a Augas de Galicia, para que nos dean autorización para pinchar nunha instalación que hoxe xestiona a concesionaria, estamos esperando Sra. Muñoz, levamos 20 días esperando para poder redactar o antes posible ese proxecto, porque temos un anteprojecto, e seguimos esperando porque obviamente necesitamos facer que os usuarios pasen do aparcadoiro ao hospital, ou queren

vostedes que vaian pola VG-20, ou polo seu acceso camiñando, sen necesidade de acceso directo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 47.4 da L.OUGA, o cambio do uso dotacional clase “deportivo” previsto no Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico (cuxa ordenación asumiu o PXOM de Vigo vixente) para a parcela resultante nº. 20 do proxecto de reparcelación do referido sector, polo uso dotacional clase “servizos públicos”, manténdose a súa titularidade pública.

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no BOP, no DOG e na web municipal e notificalo, para o seu coñecemento, á Concellería de Deportes, á Oficina de Patrimonio, así como ao Servizo de Cartografía, á Oficina de Proxectos Municipais, á Oficina de Planeamento - Xestión, á Oficina de Licenzas e á Información da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Remitir o presente acordo na forma prevista no artigo 92 da LOUGA, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e efectos. No anuncio de aprobación referido no apartado dispositivo segundo deste acordo, farase constar esta remisión.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se realizaron.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as*

*persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero con especial recordo e atención a D<sup>a</sup> Conchy Reguera Peón vilmente asasinada en Pontesampaio. Hoxe a una da tarde gardaremos un minuto de silencio na praza do Rei en memoria de D<sup>a</sup> Conchy Reguera Peón.*

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(201).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO SOLICITANDO DA XUNTA DE GALICIA PARAR A PRIVATIZACIÓN DO COLECTIVO DE CELADORES QUE SE ESTÁ A IMPOÑER NO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1229/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de outubro de 2015, número 1229/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. Margarida López Barreiro, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

Na EOXI de Vigo unha empresa privada asumiu o traslado interno e a xestión auxiliar de todo tipo de produtos farmacéuticos, mostras biolóxicas, hemoderivados, historias clínicas e documentación sanitaria, así como almacenaxe e distribución de material sanitario, traslado de instrumental médico e cirúrxico dende a central de esterilización, entre outras moitas. Isto supuxo, dadas as incidencias rexistradas, un risco importante, xa que se trata de tarefas claves para o funcionamento das Institucións Sanitarias.

Todas estas funcións foron realizadas polas celadoras e celadores cunha eficacia máis que probada ao longo dos anos, adaptándose para iso ao avance tecnolóxico e aos novos sistemas de almacenaxe e distribución.

De súpeto, todo isto cambiou, apostando por un modelo de xestión onde en vez de prevalecer os criterios de calidade asistencial na atención aos usuarios, prevalece o beneficio económico duns poucos, como estamos comprobando, non só o colectivo profesional sanitario, senón todos os usuarios e usuarias do Sistema Sanitario de Galicia.

Para o colectivo de Celadoras e Celadores isto suporá a desaparición de moitos postos de traballo a favor dunha empresa privada que se lucra a custa de crear emprego precario, sen que lles importe que estes traballadores (TIGAS), que carecen de formación no ámbito sanitario, desenvolvan unha tarefas que son cruciais para o funcionamento das Institucións Sanitarias e , polo tanto, para a saúde d@s pacientes. Traballadores e traballadoras, por outra parte, que nos merecen o máis absoluto respecto, e teñen plena liberdade para anotarse nas nosas listaxes de contratación, seguindo os criterios de xustiza e equidade.

Que podemos dicir das máis de 1000 persoas, coas súas correspondentes familias, que forman parte das Listaxes de Contratación desta categoría profesional? Pois que esta privatización encuberta, e o feito de que o SERGAS vexa a categoría de celador/a como un saco sen fondo no que reconverter a outras categorías que xa foron privatizadas, suporá, sen dúbida, abocar a estas persoas que levan anos traballando e formándose como celadores/as, a engrosar as listaxes do INEM.

A curto prazo o intrusismo dos TIGAS supón a perda de traballo para persoas que teñen recoñecida unha adecuación do seu posto de traballo por motivos de saúde, moitas relacionadas con enfermidades profesionais, coa conseguinte limitación da súa capacidade para realizar estas tarefas. Tamén para aqueles celador@s que accederon á condición de Persoal Estatutario fixo a través da quenda de discapacidade, tal e como recolle o decreto 206/2005 de Provisión de Prazas do Servizo Galego de Saúde.

É dicir, OS GRUPOS MÁIS VULNERABLES, os que en teoría están máis protexidos polas leis son os que teñen un risco evidente de desaparecer.

Isto supón, ademais, unha profunda desestructuración da nosa profesión.

¿Que vai facer o sergas con todas estas persoas? ¿Vainas despedir ou xubilar directamente? ¿é así como se aforra en sanidade?

Todo o que está a acontecer, este claro atentado contra o noso traballo e dignidade, levounos a realizar un PECHÉ, así como outras moitas medidas de protesta: recollida de sinaturas dos usuari@s, concentracións, implicacións de outros colectivos profesionais, difusión nos distintos medios de comunicación...

Accións todas encamiñadas a concienciar á poboación da situación que estamos padecendo, e tamén do que isto implica na calidade asistencial.

O colectivo de Celadoras e Celadores loitan, polo tanto, para seguir realizando as súas funcións, dentro dun SISTEMA SANITARIO PÚBLICO E UNIVERSAL. Loitan por revertir esta situación, tratando de que prime o benestar do paciente sobre intereses particulares de empresas que buscan o seu propio beneficio.

Dada a indefinición da Dirección da EOXI de Vigo sobre a delimitación de funcións, decidiuse seguir realizándoas, xa que dende o punto de vista Estatutario son competencia propia desta profesión, solicitando para iso o apoio do resto do persoal Sanitario (médicos, enfermeiras, TCAEs, técnicos superiores, etc), conseguindo un grao de colaboración máxima.

Estas medidas de presión deron os seus froitos. Por unha parte atopouse o apoio do

resto do persoal sanitario, e por outro o apoio maioritario dos usuarios e usuarias, que se plasma na recollida de miles e miles de sinaturas, co que se demostra a súa confianza e sensibilidade co colectivo, e de paso o seu descontento xeneralizado co funcionamento do novo Hospital.

Ademáis esta loita provocou que celadores e celadoras de toda Galicia e incluso de outras CCAA mostrasen o seu apoio e solidariedade, sumándose ao peche e participación en distintos actos de protesta.

Por todo isto, solicitamos se tome o seguinte

ACORDO:

Solicitar do goberno da Xunta de Galiza:

Parar a privatización do colectivo de celadores e celadoras que se está impoñendo na sanidade galega e de xeito moi evidente no hospital Álvaro Cunqueiro.

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude quedou enterada da moción.

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Esta petición que achegamos foi redactada por compoñentes do colectivo de celadores/as para ser trasladado dende o noso grupo ao goberno municipal e facemos evidentemente tamén nós todo o seu contido.

Dende hai uns meses na construtora organizativa de xestión integrada de Vigo unha empresa privada asumiu o traslado interno e a xestión auxiliar de todo tipo de produtos farmacéuticos, mostras biolóxicas, historias clínicas e documentación sanitaria, así como o almacenaxe e distribución de material sanitario, traslado de instrumental, médico e cirúrxico dende a central de esterilización entre outras moitas. Isto que supuxo? Incidencias, un risco importante, xa que se trata de tarefas claves para o funcionamento das institucións sanitarias. Todas estas funcións foron realizadas por celadoras/es cunha eficacia máis que probada durante moitos anos, adaptándose para iso ao avance tecnolóxico e aos novos sistemas tanto de almacenaxe como de distribución. De súbito todo isto cambiou, apostouse por un modelo de xestión que en vez de prevalecer os criterios de

calidade asistencial na atención aos usuarios, prevalece o beneficio económico duns poucos. Para o colectivo de celadores/as isto supera a desaparición de moitos postos de traballo a favor dunha empresa privada que se lucra a custa de crear emprego precario sen que lles importe que estes traballadores, TIGAS, chamámoslle alí no hospital, que carecen de formación no ámbito sanitario desenvolvan unhas tarefas que son cruciais para o funcionamento das institucións sanitarias e polo tanto para a saúde dos pacientes/as.

Traballadores/as por outra banda, que nos merecen o máis absoluto respecto e teñen plena liberdade para anotarse nas nosas listas de contratación seguindo os criterios de xustiza e equidade, que podemos dicir das máis de 1.000 persoas coas súas correspondentes familias que forman parte das listaxes de contratación desta categoría profesional, pois que este privatización en cuberta é o feito de que o SERGAS vexa a categoría de celador como un saco sen fondo, no reconvertera outras categorías que xa foron privatizadas, por certo, como a cociña e outras varias, suporá sen dúbida abocar a estas persoas que levan anos traballando e formándose como profesionais a engrosar as listaxes do INEM.

A curto prazo o intrusismo dos TIGAS supón a perda de traballo para persoas que ten recoñecida unha adecuación do seu posto de traballo por motivos de saúde, moitas relacionadas con enfermidades profesionais, coa conseguinte limitación da súa capacidade para realizar estas tarefas, tamén para aqueles celadores/as que accederon á condición de persoal estatutario fixo a través da quenda de discapacidade, tal e como recolle o Decreto 206/2005 de provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde, é dicir, os grupos máis vulnerables, os que en teoría están máis protexidos polas leis son os que teñen un risco evidente de desaparecer. Isto supón ademais unha profunda desestructuración da nosa profesión, que vai facer o SERGAS con todas estas persoas, vainas despedir ou xubilar directamente? E así como se aforra en Sanidade? Todo o que está a acontecer, este claro atentado contra o noso traballo e dignidade, levounos a facer un peche, así como outras medidas de protesta, recollidas de sinaturas, concentracións, implicacións doutros colectivos profesionais, difusión nos medios de comunicación e finalmente unha folga de 24 horas que por certo, foi secundada nun 90%, accións todas encamiñadas a concienciar á poboación da situación que estamos a padecer e tamén do que isto implica na calidade asistencial.

O colectivo de celadores/as, loitamos polo tanto, para seguir facendo as súas funcións dentro dun sanitario público e universal, loitamos por reverter esta situación tratando que de prime o benestar do paciente sobre os intereses particulares de empresas que buscan o seu propio beneficio, dada a indefinición da dirección da EOXI de Vigo, sobre a delimitación das funcións, decidimos seguir facéndoas, xa que dende o punto de vista estatutario son competencia propia desta profesión, solicitando para iso o apoio do resto do persoal sanitario, médicos, enfermeiras, etc. e conseguindo un grao de colaboración máxima. Estas medidas de presión deron os seus froitos, por unha banda atopouse o apoio do resto do persoal sanitario, por outro o apoio maioritario dos usuarios e usuarias que se plasma na recollida de miles e miles de sinaturas co que se demostra a súa confianza e sensibilidade co colectivo, e de paso o seu descontento xeneralizado co funcionamento do novo hospital.

Ademais esta loita provocou que celadores e celadoras de toda Galicia e incluso doutras comunidades autónomas mostrasen o seu apoio e solidariedade sumándose ao peche e a participación en distintos actos de protesta.

Por todo isto, solicitamos que se tome o seguinte acordo, solicitar do Goberno da Xunta de Galicia parar a privatización do colectivo de celadores/as que se está a impoñer na sanidade galega e de xeito moi evidente no hospital Álvaro Cunqueiro.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: O argumento da privatizacións dos servizos sanitarios ven xa dende hai moito tempo, por parte sobre todo das organizacións sindicais fundamentalmente, dende logo é un debate reiterativo, en colaboración coas empresas na prestación de determinados servizos é unha realidade en todo o sistema nacional de saúde, en tódalas comunidades autónomas independentemente da cor política dos seus gobernantes. A limpeza está sendo prestada por empresas do sector en tódolos hospitais públicos de España dende hai moitos anos e non por iso perden nada os hospitais, do seu carácter público. O mesmo ocorre en distintos concellos con servizos como este que se presta a través de empresas concesionarias, transporte, limpeza, seguridade e non por iso se considera que o concello estea privatizado.

As maquinas, a parte de radioloxía, de laboratorio, de anestesia, etc. son subministrados por empresas, aínda que algúns agora digan que privatizamos os

laboratorios porque as máquinas son de tal ou de cal empresa, ou que o socio tecnolóxico ven a privatizar a alta tecnoloxía, no caso do Álvaro Cunqueiro, a totalidade dos servizos asistenciais son prestados con persoal propio do SERGAS, xa que logo este argumento da privatización, non é aplicable a estes servizos en ningún caso.

Os profesionais sanitarios, incluídos os celadores, son os mesmos que veñen a prestar asistencia no hospital Xeral, Meixoeiro, no Cíes ou na Doblada por exemplo, se se prestan con contratas externas servizos como a seguridade, a limpeza, a restauración e a xardinería entre outros, servizos que na súa maioría eran xa prestados a través de empresas externas nos hospitais de Vigo.

A calidade do servizo que comentaba a Sra. López, terá que esixírselle á concesionaria os mesmos controis de calidade que a que temos agora, pero en calquera caso, repito, os servizos existenciais son prestados con persoal propio do SERGAS, o mesmo persoal que presta na actualidade o que prestaba con anterioridade.

E xa falando dos celadores, pese ao que se está a dicir o colectivo de celadores segue e seguirá sendo persoal do Servizo Galego de Saúde, de feito o cadro de persoal dos celadores de Vigo non só diminúe co traslado senón que se está a incrementar en máis de 60 efectivos no hospital. Os celadores do hospital seguen a realizar os transportes asistenciais de pacientes e labores fundamentais como a información e o apoio ás tarefas de médicos, enfermeiras e auxiliares, o que se ven de prestar a través dunha empresa de transporte non asistencial, ben a través de medios mecánicos como tubos neumáticos ou de traslado de persoas dentro e fora do hospital.

Dadas as características do novo hospital consideramos que é preciso reforzar o servizo, incorporando incluso novo celadores/as, feito que comunicamos xa á Xerencia no Complexo Hospitalario no seu momento. Nestes momentos estase a falar cos representantes deste colectivo para atopar solucións conxuntas, se ben non debe esquecerse que a dispoñibilidade de novos efectivos de celadores xa está prevista no mes de novembro.

Coñecemos a importancia e a efectividade dos celadores/as como persoal sanitario e o conflito establecido e cremos que este a de ser abordado e revisado e así o será esta mesma semana.



Sen embargo, non estamos de acordo en que se estea a privatizar o colectivo de celadores nin calquera labor asistencial dentro do SERGAS.

Dito isto o grupo municipal do Partido Popular vaise abster como medida de boa vontade nesta negociación, entendemos que non se está a privatizar pero que é importante revisar o tema con vostedes.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Eu creo que outra vez máis unha moción revela un conflito e realmente creo que isto é a tormenta perfecta, se o intentan facer vostedes, o goberno de Galicia non o ía conseguir tan ben.

Médicos a través do colexio de médicos, denunciando ante a fiscalía a situación en urxencias, enfermeiros que a través do Pleno e do posicionamento nos ámbitos profesionais, describen unha situación catastrófica, agora o colectivo de celadores. Este é o mapa, e estouno a resumir porque hai outros profesionais en conflito, co cal non poden dicir baixo ningún concepto que isto é unha manipulación, ou alguén que estea realmente vulnerar ou poñer en risco uns criterios dunha forma frívola, non, son os profesionais dunha área sanitaria levantados na loita polos dereitos dos cidadáns, profesionais e a mellora das súas condicións lexítimas profesionais, é iso non é un tema puntual dun colectivo ou outro, neste caso tratamos este colectivo, por certo non é certo que non se estea a privatizar as funcións do celador, estase privatizando, alguén que realmente está no núcleo, como un celador hoxe en día, do sistema operativo asistencial e ligado intimamente ao profesional e ao paciente, realmente se quebra esas posibilidades e ponse en mans dunha empresa privada.

Este conflito non houbese sido posible se non é o modelo, co cal estamos a falar de como é o modelo que orixina estas circunstancias, non houbese tido este problema laboral nin outros, nin outras disfuncionalidade, nin situacións estruturais que non son funcionais se realmente non se aplicase este modelo por mor dos intereses espurios dun goberno e os intereses persoais dun presidente da Xunta.

Polo tanto eu creo que realmente temos que coincidir na preocupación non só do que move a este colectivo lexitimamente mobilizado polos seus intereses lexítimos profesionais porque no fondo o que hai é a preocupación pola saúde dos cidadáns e pola mellora asistencial no proceso de atención aos cidadáns.

Polo tanto, agradecemento cara eles, porque esa mobilización é o que nos permite primeiro visualizar o que hai de fondo e o que se pretende ocultar por parte de

vostedes, non aprenderon vostedes grupo municipal do Partido Popular, de que opoñerse a sen razón como é neste caso, dun hospital feito contra vento e marea a vostedes prexudicoulles notablemente politicamente e é polo que realmente os resultados son os que son, é que vostedes queren persistir en ocultar a realidade de que se esta danando con este proceso e a preexistencia deste proceso, a profesionais e á sociedade? Creo que é momento dunha reflexión sincera por parte de vostedes e se poñan de parte de quen teñan que poñerse, dos profesionais e dos cidadáns porque doutra forma non pode ser.

Polo tanto, dende o grupo municipal socialista apoiamos a moción de paralizar o proceso de paralización dos celadores do CHUVI.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Gracias Sr. Rodríguez Escudero. Di vostede Sr. Piñeiro, fala sobre os servizos que xa están privatizados, a limpeza sobre o servizo de limpeza non funcionaba mal no Hospital Xeral nin no Meixoeiro pero agora neste momento no hospital Álvaro Cunqueiro as traballadoras da limpeza están sufrindo uns recortes no seus horarios de traballo, a verdade cada vez que nos paramos a falar con elas nun corredor, nunha sala, en calquera sitio, dinnos que non se poden parar nin a falar medio minuto porque teñen o tempo contado. O hospital está sucio, as papeleiras tardan moito tempo en recollerse, o solo límpase con moita menos frecuencia do que se facía, é dicir, non se está a facer ben.

Esperamos que na xuntanza de hoxe co conselleiro se resolva algún tipo de problema porque o colectivo de celadores estábamos pensando xa en reiniciar o peche, para nós tamén, por suposto a parte das negociacións que se fagan, nós queremos evidentemente que se resolva algo porque estar nun peche como estivemos 15 días cubrindo as tres quendas, non é nada doado, non se fai por unha brincadeira de catro que se nos ocorre protestar. Esperemos que algo se resolva mañá, que creo que é cando se reúnen.

Di vostede que os celadores van seguir facendo os mesmos servizos que seguían facendo, pois mire, se os estamos a facer é porque o cadro de persoal do hospital nos está a axudar porque os TIGAS pasan cunha frecuencia de 15 minutos coas súas bandexas para recoller as mostras e curiosamente pasan en baleiro tódalas veces, a min dánme moita mágoa porque eles non teñen culpa de nada os pobres porque teñen un contrato, de traballo seguramente con 30 anos que ten algún o

seu primeiro contrato pero é que nos están a quitar o noso traballo, e eles teñen dereito a unirse as listas de contratación que están postas cos mesmos dereitos que temos os demais o que non se pode e estar facendo este intrusismo en xente que aprobou unha oposición, que ten anos traballados, que ten unha experiencia e que eles non teñen nada diso.

Por que dices que está a traballar máis a lista de celadores? Si é certo este ano está a traballar máis a lista de celadores pero é que fallan moitos máis celadores porque ese hospital require de moito máis persoal deste tipo para facer ben o seu traballo.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 14.10.2015 (Rex. Nº 1229/1101), pola concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(202).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CORRIXIR AS DEFICIENCIAS VIARIAS E DE SEGURIDADE NOS ACCESOS VIARIOS INTERNOS DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO,**

## **GARANTINDO A GRATUIDADE DOS APARCADOIROS. REXISTRO PLENO 1237/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro de 2015, número 1237/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

"O proxecto do novo Hospital de Vigo realizouse á marxe dos profesionais da Sanidade pero tamén sen contar co resto de institucións públicas.

O Concello de Vigo non tivo coñecemento do devandito proxecto, a pesar de requirilo, e aspectos tan importantes como os accesos ao devandito Hospital e as condicións de regulación dos viarios internos tampouco foron nin coñecidos nin consensuados.

O tempo deu a razón a quen consideraba que nun Hospital privado primaría o interese económico. O traslado está a ser literalmente un desastre e os aparcadoiros privados concibidos como un negocio a cargo dos cidadáns.

Pero especialmente merece a consideración todo o relativo á seguridade viaria. A falta de coñecemento por parte do Concello e a falta de consenso sobre infraestruturas viarias deu lugar a unha situación caótica e moi perigosa.

Os accesos decididos unilateralmente pola Xunta non son os adecuados, a imposición dun parking privado como forma de copago sanitario supuxo que os cidadáns busquen todo tipo de alternativas para aparcar e evitar unhas tarifas que son inasumibles e imposibles de abonar por aqueles que utilizan a diario as instalacións sanitarias, miles de cidadáns.

Non se tivo en conta, no deseño das infraestruturas, ao transporte público. Os accesos, o espazo de manobra, as ridículas paradas e ata a falta de marquesiña son o maior despropósito nunha instalación que debería de ser punteira en todos os seus aspectos.

Nin sequera estaba prevista unha parada de taxis, que houbo que improvisar sobre a marcha e que hoxe é motivo de queixa indignada polos seus profesionais por non poder utilizalas en condicións de normalidade como no resto da cidade.

E o peor, esta falta de previsión en materia de seguridade viaria pode ter graves consecuencias á saúde das persoas. O caos diario pode impedir nun momento determinado o acceso dunha ambulancia á zona de urxencias, como facilmente pódese comprobar calquera día cos conflitos que se dan entre peóns, automóbiles, autobuses e ambulancias.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

## ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia a corrixir todas as deficiencias en materia de infraestruturas viarias e de seguridade viaria nos accesos e viarios internos do Novo Hospital de Vigo, garantindo a total gratuidade dos dous parkings, ubicados en consultas e urxencias, do devandito Hospital como medida inmediata”.

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada da moción.

### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Tiña previsto arrancar esta intervención facendo mención a dúas frases que son as que máis se repiten hoxe na cidade de Vigo, pero como unha refírese ao fútbol e despois da intervención do representante do Colexio Oficial de Enfermería pode parecer frívola só me vou referir á frase que máis repiten os vigueses “que desastre, que medo”, referido ao novo hospital.

É un desastre porque non hai ninguén a favor de como se están a facer e de como se fixeron as cousas, ninguén, interveña quen interveña neste Pleno, falemos con quen falemos na cidade ninguén está de acordo e a favor do que se está a facer, agás sete persoas que se sentan aquí neste Pleno e que se só o fan por obediencia política debida.

Un novo hospital que se confeccionou ao marxe do profesionais da Sanidade, voume a referir a seguridade vial, o Concello de Vigo non tivo coñecemento dese proxecto, é evidente que todo o proxecto supramunicipal estaba feito en base ao interese económico da concesionaria e no relativo á seguridade viaria que toca falar diso agora, aínda peor desastre, unha situación absolutamente caótica, ten o novo hospital aproximadamente uns 2.000 metros nos seus viais internos, neste momento baixo a lei da selva hai entre 400 e 500 coches en rotación diarios como consecuencia de que a voceira do Partido Popular aínda non pediu a gratuidade dos aparcadoiros, moito falar aquí de todo o relacionado co hospital pero sigo esperando Sra. Muñoz, que pida a gratuidade dos dous aparcadoiros, pero non llo oín. Os accesos tamén decididos unilateralmente pola Xunta de Galicia non son os adecuados a un aparcadoiro privado que como se dixo ao longo deste mañá é unha

forma de copago sanitario.

Os viais, os viais internos do hospital só teñen unha función, acceder aos dous aparcadoiros, non hai pasos peonís, non hai unha soa praza de aparcadoiro que non sexa con custe económico, só todo vai dirixido a entrar aos hospitais e todo o relacionado coa seguridade vial un completo desastre, alguén entende que non estivera preparada unha parada de transporte público en condicións no hospital? Alguén entende que nunha infraestrutura deste tipo non haxa unha marquesiña en condicións, alguén entende que só haxa dúas prazas para persoas con mobilidade reducida? Alguén o entende. Alguén entende que se abra un hospital sen unha parada de taxis en condicións? Que unha vez que se abre o hospital e se pon en funcionamento se teña que improvisar unha parada da que evidentemente os profesionais do sector se queixan, este é un completo desastre que é a frase que repiten os vigueses, por moito que teña ese sorriso Sra. Muñoz, é un desastre. Dígollo claro, como cidadá e como político nunca lles perdoarei a vostedes o que están a facer coa Sanidade, nunca lles perdoarei o que teñamos que oír unha testemuña como a que tivemos que oír hoxe, e é responsabilidade súa, é responsabilidade de vostedes, de que cando da argumentos con eses xogo de palabras de hospital, de proxecto, de aprobado por non que goberno, vostede foi a que cambiou de hospital público a privado, vostede, baixo ás ordes do Sr. Muñoz Feijóo, e é unha cruz tremenda a que vai levar vostede. Ese hospital é un risco en canto a seguridade viaria, non teñen nin orden nin control sobre ningún dos viais, e diciámolo na moción, un día vai haber un grave problema, máis alá do caos que se produce a diario, mais alá das dificultades que teñen os cidadáns, porque dende logo o que é imposible de entender é que vostede aínda non haxa pedido a gratuidade do hospital, o que é imposible de entender é que se siga enganando aos cidadáns cunha tarifas de 84,54 euros, e vostede aquí mentindo de que se devolven os cartos, é absolutamente falso, por iso dicimos nesta moción que se deben corrixir estas deficiencias.

SR. LÓPEZ BARREIRO: A Marea de Vigo vai votar a favor desta moción do grupo Socialista e estamos de acordo curiosamente con todo o que acaba de dicir o Sr. Font, xa que estamos convencidas/os de que a gratuidade do aparcadoiro do hospital é esencial para o bo tratamento das persoas que alí teñen que acudir,

máis tamén sabemos que o Goberno Municipal ten previsto habilitar terreos ao carón do hospital como aparcadoiro alternativo ao privado, xa falamos disto este mañá. Ia dicir o que dixemos antes que xa nós o solicitamos noutra ocasión e votouse en contra, pero xa non o repito porque xa todo o mundo o sabemos. As que temos que acudir alí tódolos días sabemos que se dan varios factores para o difícil acceso ao hospital por culpa dos atascos pero tamén por causa das liñas de autobús, que por exemplo, non fan paradas para recoller á xente na zona de urxencias cando si as fan para baixalas, as marquesiñas están colocadas en zonas moi desprotexidas para os días de vento e choiva, e aínda as liñas de bus son insuficientes. Todo un despropósito no que tanto a Xunta de Galicia como o Concello terán que seguir falando para que as condicións dos accesos melloren ou do contrario os accidentes vansen incrementar e tanto o persoal como pacientes serán quen vaian seguir sufrindo as consecuencias. Por todo isto si que votaremos a favor desta moción.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que Sr. Font é verdade que hai algo que da medo e o que da medo é que haxa responsables públicos como vostedes coas cousas que dixo aquí no Pleno municipal, iso é o que realmente ten que darlle medo a tódolos vigueses, a irresponsabilidade política que vostede está a demostrar nesta intervención, sinceiramente vostede non ten límites, non dou crédito, realmente é vostede un especialista en culpar aos demais do que é única e exclusivamente a súa responsabilidade é o que é máis grave aínda Sr. Font, mentindo, porque vostede sabe perfectamente, igual que sei eu e se non o sabe habería que pensar que é negligente no exercicio das súas funcións, que coñecen perfectamente o proxecto dos viais do hospital de Vigo, e o coñecen perfectamente e vostede mentiu na moción pensei que ía rectificar hoxe aquí no Pleno e resulta que insiste, e non me neque coa cabeza, porque voulle ensinar algo porque os papeis ao final é importante telos, e voulle a ensinar este informe con esta autorización que da o Concello de Vigo, a Xerencia de Urbanismo, no seu momento a Vicepresidenta a Sra. Silva, no que daba a autorización para facer esas obras, esas obras de viais, téñolle que remitir e ler o que pon nese informe, no que fala do proxecto de mellora do vial de Clara Campoamor onde falan do extremo sudoeste o que se vai facer, na glorieta, outro acceso no lindeiro Sur, agora non me veña a

falar de que vostede só se refería aos viais internos que estaban dentro do hospital, falso, vostede referiuse na súa moción a tódolos accesos e a verdade é que vostedes os coñecían, os autorizaron e o que é máis grave, neste acordo o que se di é que se lle de traslado á concellería competente en materia de Seguridade e Mobilidade, é dicir, a vostede Sr. Font, o único responsable de que haxa unha desgracia como consecuencia do caos no tráfico que vostedes provocaron no hospital, vai ser vostede, porque vostede ten a competencia de Seguridade Vial neste concello, deixe de culpar á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, agora non pode culpar a Deputación, xa só lle quedan dous, pero deixe de culpar a todos e asuma as súas responsabilidades, e a responsabilidade de seguridade vial neste Concello e en todo o termo municipal a ten vostede na súa concellería e a súa concellería era plenamente consciente dese proxecto porque aquí está a autorización que expresamente o di, non se vaia agora polas ramas, non fale do interno, o caos estase a provocar nos accesos, na Avenida Clara Campoamor.

Polo tanto, faga o favor de deixar de descualificar, de culpar aos demais e poñerse a traballar para solucionar os problemas de tráfico porque este hospital tardou anos en construírse e vostedes tiveron anos para tomar as medidas que houbera que tomar, tanto para urbanizar a zona como para facer un plan de tráfico e evitar o caos que neste momento se está a producir, igual que tiveron todos estes anos para organizar o transporte público e facer un modelo de transporte público que sexa suficiente para tódolos cidadáns. Non quixeron porque preferiron instalarse no boicot permanente porque preferiron utilizar o hospital como un arma política e porque preferiron non poñerse a traballar senón poñerse a criticar. Dende logo é un escándalo que dende un responsable público se fale de seguridade vial cando é o máximo responsable da seguridade vial na nosa cidade, sinceramente eu creo que se ten o que hai ter o que ten que facer é retirar esta moción inmediatamente porque a seguridade vial é competencia deste Concello é vostedes son os responsables, deixe de criticar e de culpar a outras administracións, xa está ben, asuman as súas responsabilidades e cando as asuman sabe que pasa? Fala das marquesiñas, sabe que pasa cando di que non hai marquesiñas? É que non visitan o hospital Sr. Font, irán a outro sitio pero dende logo non se dignan en ir ao hospital para ver “in situ” cales son os problemas, porque se eu fora a concelleira de Seguridade e Mobilidade houbérame persoado alí e houbera visto expresamente



que é o que pasa, e vostede o que fai é sentarse no seu despacho e esperar a que lle conten para só poder criticar, hai que facer e a súa responsabilidade é facer e é comprobar “in situ” os problemas que están a ter tódolos vigueses/as.

Sinceramente asuman responsabilidades, sexan responsables no exercicio das súas funcións, sexan responsables e non infundan medo á poboación e traballen con todos para solucionar e para que este hospital sexa o que ten que ser.

SR. LÓPEZ FONT: Vostede vaime falar a min de asumir responsabilidades? Xeracións e xeracións que van a cargar cun hospital privado pola súa culpa como interventora da Xunta de Galicia e despois por estar nun goberno? Non, sabe o que pasa? Outra vez non, é que non me contesta a iso nunca.

Eu asumo as miñas responsabilidades o que pasa é que os papeis hai que lelos completos, e hai que facer mención ao que se refire a toma de coñecemento por parte da Xerencia de Urbanismo, lea Sra. Muñoz, pero vergoña debería darlle a vostede falar de imputar responsabilidades cando neste papel da Xerencia de Urbanismo efectivamente se fala dun plan de semaforización que vostedes non cumpriron, dígao Sra. Muñoz, lea o papel completo, lea o papel completo. Polo tanto, o proxecto do hospital este concello non o coñecen, o Sr. Regades e eu estivemos nunha comisión de seguimento na Xunta de Galicia na que se nos denegou sistematicamente o proxecto, vostedes non acordaron viais nin internos nin externos con este Concello, e dígollo claro, a responsabilidade é súa, eu non dou medo, Sra. Muñoz, non, medo dan vostedes. Sabe cal o problema? Que a vostede o que lle fastidia é que eu veña aquí a dicir o que din os vigueses, non o di o Sr. Font, dino tódolos vigueses menos os sete que están sentados con vostede, ese é o problema Sra. Muñoz. Díxenllo nun debate anterior, por que puxeron vostedes o aparcadoiro gratis durante os primeiros días? Por que o puxeron? Volva a facer eses xestos, pero o que está claro é que enganaron aos vigueses, fala vostede de instalacións e demais, o que lle tiñan que ter dito aos vigueses é que ese aparcadoiro ía a ser de pago, e iso non llo dixeron vostedes.

Polo tanto, a conclusión, viais internos e externos aos que vostede non se quixo referir, son da súa competencia, non houbo ningunha transferencia a este Concello nin intento, e o día que nun deses atascos tremendos dentro do que son os viais do hospital, unha ambulancia non poida chega a urxencias, agora si que llo digo, será

responsabilidade súa, pero tamén é responsabilidade o que relatou esta mañá a representante do colexio de enfermería, que me imaxino que a pesares da súa responsabilidade política haberlle posto a vostede os pelos de punta de pensar que o que relatou podería haber pasado a vostede.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde (Presidindo a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia , e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.10.2015 (Rex. Nº 1237/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(203).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A DERROGACIÓN DO RDL 16/2012 SUBSTITUÍNDOO POR OUTRA LEI QUE RECOÑEZA A COBERTURA SANITARIA UNIVERSAL COMO DEREITO CONSTITUCIONAL EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS PARA TÓDALAS PERSOAS. REXISTRO PLENO 1238/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro de 2015, número 1238/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

### MOCIÓN

O Real decreto-lei 16/2012, do 20 de abril do Goberno do PP, entre outras disposicións, modificou o artigo 12 da Lei 4/2000 de estranxeiría suprimindo o acceso ao Sistema Nacional de Saúde en igualdade de condicións cos españois para os inmigrantes empadroados, limitando a súa atención aos supostos de emerxencia, embarazo parto e postparto, e menores de 18 anos.

Esta norma foi frontalmente contestada por partidos políticos da oposición e por sectores moi amplos e diversos da sociedade española (organizacións de dereitos humanos, humanitarias e de cooperación, sociedades profesionais e científico - médicas, sindicatos, gobernos autonómicos, etc.) por negar o dereito humano á saúde e ao acceso aos servizos sanitarios, por ser lesiva para a saúde pública xeral, por inhumana e inxusta, por improvisada, etc., pero tamén por falta de rigor nos supostos de abusos e aforro cos que o Goberno do PP pretendeu xustificala.

Os Socialistas temos manifestado sempre con toda claridade e contundencia o noso absoluto desacordo cun real decreto lei que veu modificar o modelo de sanidade pública que ata agora tiñamos, pois o que para nós sempre foi un DEREITO ligado a condición de cidadán co decreto do PP transformábase nun SERVIZO reservado só para as persoas aseguradas.

Así, nas comunidades autónomas gobernadas polo PSOE (Andalucía e Asturias, xunto con País Vasco e Navarra encontraron formas de dar atención ós inmigrantes ante a hostilidade do Goberno de Rajoy, que obstaculizou estas medidas chegando a recorrelas, sen éxito, nos tribunais.

As eleccións do 24 de maio pasado cambiaron radicalmente a paisaxe política das comunidades autónomas, desaloxando delas moitos gobernos do PP e levando ao PSOE aos gobernos de Aragón, Baleares, Cantabria, Castela- A Mancha, Extremadura, Comunidade Valenciana e Canarias. Estes gobernos, consecuentes cos valores socialistas, apresuráronse a dar atención sanitaria aos inmigrantes dos seus territorios excluídos polo Real decreto lei 16/2012.

Ante esas medidas o PP a través do Goberno central reacciona disparatada, precipitada e descoordinadamente, ameazando primeiro ás comunidades autónomas cunhas fantasiosas sancións da UE, para logo contradicirse e facer a enésima proposta preelectoral para solucionar o problema. Pois xa leva o PP feito toda unha serie de propostas absurdas, a maioría electoralistas, por tratar non de solucionar o problema creado por eles, senón para tratar de recuperar os votos perdidos cunha medida tan antisocial.

Primeiro encargaron ás ONGs a atención destes colectivos; despois falon de facturar a atención aos países de orixe dos inmigrantes; mais tarde dixeron que os inmigrantes ilegais subscribiran un seguro (*"convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que no teñan a condición de aseguradas ni de beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde e se modifica o Real decreto*

1192/2012”), aprobado no Real Decreto 576/2013, o que resultou un fracaso sen paliativos, como era de esperar; e así ata chegar as eleccións de maio 2015, que, como primeira promesa preelectoral, se comprometeron a habilitar o acceso á Atención Primaria, xusto antes das eleccións autonómicas.

Agora, antes das eleccións xerais, fan a segunda promesa preelectoral: a creación dun rexistro nacional de inmigrantes sen papeis, iniciativa/ocorrência do Ministerio de Sanidade, absolutamente disparatada, tal e como temos denunciado os socialistas, as organizacións humanitarias, as profesionais e as sanitarias.

A única alternativa posible e sería para solucionar á situación creada polo Real decreto lei 16/2012 do Goberno PP é solo a súa DERROGACIÓN e SUBSTITUCIÓN por outra lei que recoñeza *“a cobertura sanitaria universal como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todos”*.

Está moi claro que a iniciativa última do Ministro de Sanidade do Goberno PP é disparatada por ser contraditoria nos seus termos (¿rexistro nacional de sen papeis?) e pola súa imposible implementación práctica.

O PSOE dende os gobernos das comunidades autónomas, Parlamentos autonómicos, e concellos defenderemos unha sanidade universal, pública e de calidade, esixindo ao Goberno seriedade, rigor e coherencia en materia sanitaria.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar ao Goberno do Estado a que, de forme inmediata, derroque o Real decreto lei 16/2012 e o substitúa por outra lei que recoñeza a cobertura sanitaria universal do Sistema Nacional de Saúde como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todas as persoas.

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude quedou enterada da moción.

#### DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: O Real Decreto Lei 16/2012, de 20 de abril, de Goberno do Partido Popular, entre outras disposicións modificou o artigo 12 da Lei 4/2000 de estranxeiría, suprimindo o acceso ao sistema nacional de saúde en igualdade de condicións cos españois para os inmigrantes empadroados, limitando a súa atención a supostos de emerxencia, embarazo, parto, posparto e a menores de 18 anos.

Esta norma foi frontalmente contestada por tódolos partidos políticos da oposición

e por sectores moi amplos da sociedade española, organización de dereitos humanos, humanitarias e de cooperación, etc., por negar o dereito á saúde e á asistencia sanitaria e ao acceso aos servizos sanitarios a un grupo de poboación precisamente máis vulnerable, e ademais por ser lesiva para a saúde pública en xeral, e polo humano, inxusta e improvisada.

Sempre, dende o Partido Socialista se manifestou con toda claridade e contundencia o noso absoluto desacordo con este Real Decreto, de tal forma que nun Pleno da lexislatura pasada propuxeramos unha moción aprobada por maioría, sendo dos poucos concellos de toda España que o aprobou, neste mesmo sentido. Hoxe traemos especificamente o ámbito do que é a exclusión á poboación inmigrante.

As eleccións do 24 de maio pasado, cambiaron radicalmente o paisaxe político das Comunidades Autónomas e aqueles gobernos de comunidades autónomas que realmente xa non son do Partido Popular, estes foron consecuentes cos seus valores, cos seus principios e compromisos e estableceron elementos normativos para a inclusión e para evitar a exclusión que conleva o Real Decreto 16/2012.

Antes estas medidas o Partido Popular a través do Goberno Central reacciona dunha forma disparatada, precipitada e descoordinadamente, ameazando primeiro ás comunidades autónomas cunha fantasiosa sanción da Unión Europea para logo contradicirse e facer unha enésima proposta preelectoral para solucionar o problema. Esta solución e proposta do problema tamén é disparatada posto que realmente primeiro encargaron á ONGs a atención a estes colectivos, despois falan de facturar a atención a outros países de orixe a poboación destes inmigrantes, etc. unha improvisación, unha falla de rigor e sobre todo unha falla de compromiso cos valores éticos e os valores da asistencia sanitaria a esta poboación.

Agora, antes das eleccións xerais próximas vaise facer unha promesa electoral, a creación dun rexistro nacional de inmigrantes sen papeis, iniciativa, ocorrencia do Ministerio de Sanidade absolutamente disparatada posto que realmente si estamos a falar de poboación sen papeis realmente como pode rexistrar a unha poboación sen papeis, con rigor, é imposible. Polo tanto é unha opinión disparatada, unha ocorrencia que non ten sentido nin posibilidade de viabilizarse, a única alternativa posible a todo este, permítanme a palabra, desmadre e inxustiza social, sería

solucionar e derrogar a situación creada polo Real Decreto Lei 16/2012 do Goberno do Partido Popular, e unha substitución por outra que coñeza e recoñeza a cobertura sanitaria universal como dereito constitucional da cidadanía e ou residencia en igualdade de condicións para todos.

Por todo isto en nome do grupo Socialista deste Concello propoño instar ao goberno do Estado a que de forma inmediata derroque o Real Decreto Lei 16/2012, e o substituta por outra lei que recoñeza a cobertura sanitaria universal e do sistema nacional de saúde como dereito constitucional da cidadanía ou residencia en igualdade de condicións para tódalas persoas.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Por suposto imos apoiar o contido desta moción. Esquerda Plural e o Grupo Mixto, no que se integra o Bloque Nacionalista Galego, en maio deste ano tamén presentou no Congreso dos Deputados unha moción para a derogación do Decreto Lei que foi rexeitada cos votos en solitario do Partido Popular.

Incluso partidos políticos moi lonxe das nosas conviccións marxistas e de esquerdas como o PNV, votaron a favor da derogación da Lei admitindo que non solucionou problema algún e xerou graves situacións de indefensión. É especialmente grave dende o noso punto de vista a argumentación, as supostas razóns coas que se tratou de defender esta reforma parécennos dunha profunda irresponsabilidade, non hai argumento máis perigoso que axitar ao medo a un suposto inimigo votándolle a culpa dos problemas do sistema ou facendo crer que os van a causar os colectivos minoritarios e máis desprotexidos para ocultar os verdadeiros motivos da reforma.

Lémbremos que os sindicatos sanitarios xa expresaron que facer unha discriminación no momento de prestar atención sanitaria non é aceptable dende o punto de vista humano e ademais non supón aforro, ao contrario, xa que pode desencadear en maiores gastos ao sistema sanitario, incluso poñer en risco a saúde pública. Tal asistencia na etapa inicial da enfermidade axuda a detectar e prever complicacións posteriores graves, evitan a realización de máis probas diagnósticas e a intervención da asistencia especializada, que a súa vez ten un maior custe económico.

Médicos sen Fronteiras no seu informe de avaliación da reforma sanitaria ademais

de coincidir coa argumentación dos sindicatos, alertou da inseguridade que causou esta reforma, xa que por temor a posibles consecuencias actuouse con exceso de celo na admisión de pacientes inmigrantes, dándose casos de desatención a menores ou mulleres embarazadas ou casos de facturación de gastos no servizo de urxencias. Só as opcións políticas máis irresponsables atreveríanse a criminalizar conscientemente a colectivos sociais, ou ideolóxicos que non son alleos por conveniencia propia, ven sexa para ocultar as súas verdadeiras intencións ou para tratar de atacar ao adversario. Este comportamento, sexamos ou non conscientes abre o camiño ao simplismo político e ao populismo, que ten como única vía de lexitimación o ataque ás que non son iguais, e digo iguais moi entre aspas, despois dos inmigrantes sempre virán outros colectivos pois o populismo non coñece fin, fraco favor lle facemos á sociedade cando atacamos sen fundamento algún aos inmigrantes, as relixións ou as ideoloxías que sendo lexítimas son diferentes á nosa. As persoas e tamén os colectivos cometemos erros, rectificalos é ter responsabilidade, e engado que rectificar é admitir o erro é ter responsabilidade e altura política.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: En Galicia é preciso lembrar que se deseñou un instrumento o programa galego de protección social da saúde pública que dende a entrada en vigor do Real Decreto 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas ou beneficiaras e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio, foi Galicia por tanto, en setembro de 2012, a primeira comunidade en desenvolver un programa para dar cobertura sanitaria á poboación inmigrante que non teña regularizada a súa situación, dende esa data na Consellería de Sanidade estase a traballar coas ONGs, Médicos do Mundo, Foro Galego da Inmigración entre elas, para mellorar a información, a disposición do colectivo de persoas inmigrantes que se atopan en Galicia e no seguimento do programa.

A implantación do programa priorizou en todo momento a continuidade asistencial destas persoas, polo que ninguén que o precisara quedou sen asistencia.

A solicitude de inclusión no programa pódese levar a cabo de forma sinxela, en calquera dos centros de saúde do SERGAS, e por outra banda, as distintas ONGs que colaboran coa Consellería teñen facilitado os contactos telefónicos para

resolver calquera dúbida ou incidencia, non quedando sen resolver ningunha das consultas trasladadas ata a data.

Falamos de cifras de persoas que se incorporaron aos programas de acollemento para ter acceso a sanidade pública galega, compre lembrar que dende a súa creación 2.454 inmigrantes participaron no programa, dos cales 1.673 teñen na actualidade acceso a sanidade pública de Galicia, a través deste programa, pero é que ademais 781 máis accederon dende este programa ao aseguramento ordinario vía INSS, como traballadores, beneficiarios doutras persoas. Outros programas complementan a este salientando a de atención a menores estranxeiros en situación administrativa irregular, que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no Real Decreto 6.357 menores están baixo a cobertura na actualidade e o programa de enfermidades transmisibles polo que calquera inmigrante con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou coa propia enfermidade reciba atención sanitaria pública.

Por outra banda, o Goberno Central pretende harmonizar a atención sanitaria que están a dar as comunidades autónomas ás persoas en situación irregular, de forma que se dea unha solución seria e consensuada igual en todo o territorio sen volver ao turismo sanitario. O Ministerio de Sanidade convocou ás comunidades autónomas a Comisión de Prestacións do Consello Interterritorial de Saúde en datas recentes, para seguir traballando nun consenso en base ao acordo que xa se traballou e no que avanzou moito cos anteriores conselleiros da diferentes comunidades autónomas. Este acordo consiste basicamente en que as persoas en situación irregular deberán acreditar unha situación de empadramento e os servizos sociais terán determinar cal é esta situación, a partir de aí formarán parte dun rexistro e poderán obter un documento co cal se pode recibir esa asistencia, evidentemente este acceso será pola atención primaria, pois isto é o adecuado segundo o funcionamento do Sistema Nacional de Saúde. A reforma sanitaria levada a cabo no ano 2012 abriu a porta do Sistema Nacional de Saúde a españois que ata entón non tiñan acceso e se corrixiu o turismo sanitario, hai 800.000 tarxetas sanitarias máis que antes da reforma, o turismo sanitario supón un custo para as arcas públicas de 2.000 millóns de euros ao ano, a reforma sanitaria conseguiu consolidar o sistema sanitario, que este fora viable e garantir unha asistencia pública gratuíta, universal e de calidade para tódolos españois. Aínda



que o Sistema Nacional de Saúde é o que ofrece a cobertura máis ampla de toda Europa a tódolos inmigrantes en situación irregular, o Ministerio de Sanidade xa propuxo en marzo ampliar a cobertura sanitaria aos inmigrantes en situación irregular normalizando o seu acceso ao Sistema Nacional de Saúde a través da atención primaria e dende entón estívoise traballando nesta fórmula para harmonizar a atención que dan as comunidades autónomas sen outorgar dereitos que poidan ir en prexuízo do propio país. En resumo trátase de acadar un acordo de mínimos para a inclusión dos estranxeiros en situación irregular que residan en España e carezan de recursos económicos. En programas que garantan a asistencia sanitaria sen contravir a normativa Europea nin volver ao turismo sanitario.

E aínda que a vía de acceso evidentemente á atención primaria, en caso de requirir asistencia especializada ou hospitalaria ou ben tratamento farmacolóxico durante o ingreso, este en tódolos casos vai ser facilitado, polo tanto consideramos que non procede solicitar a derogación do Real Decreto e o Grupo Municipal do Partido Popular votará en contra.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A verdade é que lamento ter que falar como vou a intentar falar agora dende a indignación e incluso da emoción máis profunda, fronte a un compañeiro ao que tanto aprecio, creo que se equivocou de discurso, e misturou na súa resposta algo que é para min repugnante e que rexeito agora mesmo, é o tema do turismo sanitario, quen falou aquí do turismo sanitario? Estamos a falar de valores, de principios, da cobertura á poboación neste caso inmigrante, non estamos a falar do turismo sanitario, e vostede misturouno cunha intencionalidade que eu non entendo pero que realmente me perturba ademais tratándose de vostede ao cal eu aprecio persoal e profesionalmente.

Ademais o que estamos vendo que o que di vostede de solucionar que Galicia solucionou, se o problema non é crear un subsistema, é que se rompeu o sistema de acceso universal da poboación tanto española como a inmigrante, rompeuse, fragmentouse, rompeuse o acceso universal e a accesibilidade de poboacións que non estaban excluídas, o 1 de xaneiro do 2012 se conseguira o que nunca se houbo conseguido en España a consecución a través da leis de saúde pública de que toda a xente, toda a poboación española polo feito de selo, puidera acceder ao sistema sanitario, á universalidade. Vostedes romperon ese principio, algo que é perverso

para o propio sistema sanitario, para a sanidade e ter excluído á poboación inmigrante a parte de ser inxusto e perverso, vostedes saben que economicamente nin sequera resolve un problema porque esa poboación inmigrante é unha poboación moza que non consume recursos sanitarios apenas, iso está demostrado a través dos estudos de economía da saúde, que pasa? Que vostedes aproveitaron a crise para facer o que sempre pretenderon facer, romper cos servizos públicos fundamentalmente a sanidade e a educación, 10.000 millóns de euros perdéronse durante esta crise cando España aínda non conseguira instalarse no gasto percápita da Comunidade Europea, vostedes fixeron, pretenderon facer o que realmente quixeron facer e nunca puideron facer, romper os servizos, de aí que os sistemas privados haxan crecido exponencialmente, o gasto sanitario privado haxa aumentado exponencialmente e as pólizas seguramente, en época de crise, realmente este é o problema de vostedes, que quixeron facer o que nunca se atreveron a facer.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde (Presidindo a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia , e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.10.2015 (Rex. Nº 1238/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta

transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(204).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCORPORACIÓN NOS ORZAMENTOS DE 2016 DE PARTIDAS ECONÓMICAS PRECISAS PARA GARANTIR QUE A “CIDADE DA XUSTIZA” ENTRE EN FUNCIONAMENTO NO ANO 2017 E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO. 1245/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de outubro de 2015, número 1245/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

O Concello de Vigo ven de finalizar o proceso de expropiación dos terreos destinados o Cidade da Xustiza. O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, consonte ao pautado no art 144 da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Polo tanto, logo do pagamento dos importes dos prezos xustos e do levantamento das correspondentes actas de ocupación, o Concello de Vigo cede a Xunta de Galicia estes terreos para a execución inmediata das obras da Cidade da Xustiza.

A situación de saturación dos xulgados de Vigo precisa da adopción de medidas inmediatas para a incorporación de medios humanos e materiais que permitan axilizala tramitación. Neste senso, o Concello de Vigo reclama a incorporación de persoal ós xulgados de Vigo para solventar o actual colapso do seu funcionamento e a execución das obras materiais necesarias para ampliar as actuais instalacións.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

- Incorporar nos orzamentos de 2016 as partidas económicas precisas para garantir que a Cidade da Xustiza de Vigo entre en funcionamento en 2017, non menos de 10 millóns dos 15 ó que ascende o total de estimación da obra.
- Licitat e adxudicat as obras da cidade da Xustiza de Vigo no primeiro trimestre de 2016

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada da moción.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Cidade da Xustiza, traemos unha moción moi concreta sobre unha débeda histórica con esta cidade e sobre todo unha moción polo que cada un manifesta a comprobar cal é o comportamento político das distintas administracións. O primeiro que hai que dicir da Cidade da Xustiza é que é unha competencia exclusivamente autonómica, eu espero que a voceira do Partido Popular que xesticula, asuma o Estatuto de Galicia, dado que foi conselleira e saiba que é unha competencia exclusiva da comunidade autónoma, porque escoitando a algúns parecería que teríamos que facer nós a cidade da Xustiza e tantas outras cuestións. Pero aquí é onde se ve á Xunta de Galicia sempre facendo abandono das súas funcións e abandono das súas funcións específicas en relación á cidade de Vigo, porque hai un trato desigual ás cidades por parte da Xunta de Galicia, porque en Vigo, en boca de vostedes, é un compendio de escusas e de xustificación, cando non teñen unha escusa teñen outra xustificación, e como normalmente se soe dicir que o peixe morre pola boca, pois o que é a súa proposta de emenda de substitución o demostra claramente.

Fronte a isto o Concello ao final é o que soluciona os problemas, pero os soluciona en teleasistencia, en sanidade, aínda estamos a esperar polo ambulatorio de Bouzas, e o soluciona no caso da Xustiza poñendo os terreos, pero fronte a isto que pasa? Hai unha falla de compromiso político do goberno do Sr. Feijóo con esta cidade, eu escoitei neste salón de Plenos se non o escoitei dez veces non o escoitei ningunha, que ao día seguinte que estiveran os terreos se licitaba e se poñía en marcha a construción. Polo camiño fixeron desaparecer a partida que había para a Cidade da Xustiza, porque xa debería estar a partida, Sr. Figueroa vostede foi un dos que manifestou aquí que ao día seguinte se empezaría a construír, pois xa está, e que é o que pasa? Defíneo moi ben o Sr. Alcalde, a maior tomadura de pelo, que é o que fan vostedes con esta cidade, porque non mantiveron a partida e aquí moitas veces preguntamos onde estaba a partida para a Cidade da Xustiza, agora

compróbase que non aparece. Pero o que é o colmo, e o que eu non sei como é capaz alguén de defender e de dicir que son un proxecto de presupostos maravillosos é que para unha infraestrutura de 25 millóns de euros, como mínimo, ou de 15, se é que é igual, que vostedes se dean por satisfeitos con incluír unha partida de 3 millóns de euros. Claro que é unha tomadura de pelo, claro que volve ser un engano á cidade porque vostedes coa Cidade da Xustiza estiveron enganando permanentemente a esta cidade.

Polo tanto nós pedimos moi claramente e moi especificamente nesta moción que se vexa o compromiso que ten a Xunta de Galicia con esta cidade, pedimos que se incorporen aos orzamentos de 2016 as partidas económicas precisas, pero poñendo unha cantidade mínima para que isto sexa unha realidade. Porque claro, unha cuestión moi sinxela, coa cadencia económica que vostedes vanlle imprimir a isto ímonos ao ano 2019, pero non se están dando conta que é unha infraestrutura totalmente necesaria, reivindicada por tódolos colectivos de xustiza desta cidade, que esta cidade ten 88 dos 255 xulgados de Galicia, que soporta carga de traballo do 150%, que é necesario tamén persoal, e vostedes agora que teñen a posibilidade, mañá se houbesen conservado a partida de iniciar a construción da Cidade da Xustiza, agora nos levan ao 2019, é esta a implicación da Xunta de Galicia con esta cidade? E isto o que sempre se dixo que ía facer coa Cidade da Xustiza? Pois absolutamente falso, se nos volve a marxinar, novamente a Xunta de Galicia no caso concreto da cidade de Vigo, fai abandono de funcións e novamente coa complicidade, estimados sete concelleiros do Partido Popular, de vostedes que sempre están permanentemente en contra, sempre que hai unha decisión contraria a esta cidade, vostedes a favor.

SR. PÉREZ CORREA: Eu son da xeración de mozos e mozas que crecemos vendo Falcon Crest, como te perderas unha semana do culebrón, porque se vía en familia de aquela, non te decatabas de nada, eu creo que aquí temos un culebrón que é practicamente igual, como te perdas unha semana ou varias lexislaturas deste culebrón pois seguramente non te decatas de nada, agora afortunadamente existe na era dixital a posibilidade de ir ás hemerotecas e a este grupo municipal que acaba de aterrar nesta Corporación pois ímonos decatar, pois como no seu día lle preguntabamos ao veciño que dixera Angela Channing, pois ímolle preguntar as

hemerotecas que pasou aquí, e que isto é unha sucesión de despropósitos creo que das dúas administracións, as hemerotecas falan ano 2009, “o Alcalde adianta ao Xuíz decano que en 18 meses estarán expropiados os terreos da Cidade da Xustiza”. Podemos ir as hemerotecas e non as hemerotecas dos medios de comunicación privados, senon que isto é as propias noticias internas que están na web municipal.

Nós estamos de acordo que é unha responsabilidade das administracións autonómicas, o problema é que hai unha lei coa que nós estamos absolutamente en contra, cóstanos algunha declaración no seu día do propio Alcalde como Vicepresidente da FEMP que tamén estaba en contra, seguimos sen entender porque os concellos sistematicamente teñen que ir asumindo, pois neste caso a posta en disposición de terreos, para unha competencia que non é municipal, para nós isto é un gasto impropio, no seu día forzas políticas que compoñemos a Marea de Vigo, presentamos durante moitos anos iniciativas para cambiar esta cuestión, se é unha responsabilidade autonómica pois que os concellos non teñan que asumir gran parte da posta a disposición das comunidades autónomas destes terreos, porque logo hai que facer cousas rocambolescas como que para ter os terreos da Cidade da Xustiza hai que vender unhas vivendas e unha vez que se venden se teñen terreos con eses terreos expropian outras vivendas e acabamos facendo pois case un xogo de tronos, de movementos de vivendas e que como sabemos ao final é recadar cartos para poñer a posta a disposición deses terreos.

Polo tanto nós partimos da idea de que se fará presión na Federación Española de Municipios e Provincias como se fixo no seu día, de acabar con esta norma que para nós é absolutamente inxusta para os concellos que sobre todo non recadan impostos ou participan dunha maneira asidua da torta impositiva do estado, como para ter que asumir a liquidación de patrimonio público para pode por a disposición neste caso da Xunta de Galicia deste terreos.

Segundo, porque acabamos de coñecer que de 15 millóns o proxecto pasa a 24 millóns, podería ser perfectamente que fora unha mellora do proxecto que no seu día, por certo, practicamente consignaba o 6% do custe total a ese movemento de terras ou a esa cimentación que facía referencia ao Partido Popular de Vigo que con iso chegaría, exclusivamente o 6% que o proxecto que está dispoñible na sede da COAP o facía para iso, o cal sería insuficiente un orzamento neste caso da Xunta de

Galicia para este ano de apenas un millón de euros. Dicimos que nos preocupa porque os precedentes dos edificios xudiciais convertidos neste formato de Cidade da Xustiza postos enriba da mesa polo Grupo do Partido Popular son absolutamente desastrosos, o proxecto da Cidade da Xustiza de Madrid que pasou de deixar un erial en Valdebebas de 105 millóns, 30 millóns para a empresa que ía xestionar iso, o proxecto da Cidade da Xustiza de Valencia que pasou de 102 millóns a 200 millóns de euros e con gran parte dos contratos xudicializados.

Polo tanto nos pensamos que primeiro teríamos que discutir se o modelo de Cidade da Xustiza que no ano 2007 se puxo enriba da mesa, cun concurso de ideas e que o presentara daquela o Conselleiro da Presidencia o Sr. Méndez Romeu é o modelo que necesita esta cidade, discutamos sobre as necesidades xudiciais que os traballadores xa saben perfectamente, os traballadores do xulgados de Vigo teñen claro cales son prioridades que ten que ter o edificio, cando teñamos ese consenso que parece que o hai, porque o proxecto foi modificado para adaptalo ao plan Xeral. Falemos das partidas orzamentarias que hai que poñer enriba da mesa, eu creo que se non somos capaces ou non hai capacidade neste momento de cambiar esa lei, pois o que terá que haber é un consenso de tempos, de prazos e obviamente de realidades, entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, eses terreos están expropiados, están xa os habitantes das casas que están nese ámbito fora das vivendas e está xa cambiado no Rexistro a titularidade deses terreos, hai xa un contrato ou un convenio de cesión entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, corresponde aquí facelo público para telo en conta.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Agradézolles moito que nos dean a oportunidade de falar deste importante asunto sobre o que xa tivéramos presentado unha moción, como este goberno é tan democrático só nos permite dúas mocións por Pleno pois aforrounos incluír na orde do día a que habíamos presentado, sobre un tema do que vostedes non fixeron máis que mentir, porque vostedes son os menos indicados para falar da Cidade da Xustiza, parécenos indignante que pretendan vir agora a dar leccións sobre a Cidade da Xustiza cando levan sete anos boicoteándoa, que son os mesmos que leva a Xunta de Galicia incluíndo o proxecto nos seus Orzamentos, sete anos boicoteando a Cidade da Xustiza, porque a Cidade da Xustiza foi o primeiro equipamento deste tipo proxectado en Galicia porque era

o que máis falla facía, e desgraciadamente e por culpa de vostedes será o último en entrar en funcionamento, por culpa dos enganos que dixeron e fixeron por parte do goberno Socialista da cidade.

Creo que é bo facer un pouco de memoria para clarexar como este goberno municipal pretende seguir mentíndolle non xa ao Partido Popular senón á cidade de Vigo. En xuño de 2005 asínase o convenio entre a Cidade de Vigo e a Xunta de Galicia para construír este edificio, o concello cede os terreos e a Xunta de Galicia constrúe o edificio e o equipa, como en calquera concello de España cando hai que construír unha dotación deste tipo, un centro da saúde, un colexio, unha escola infantil, o Concello cede os terreos e a Xunta de Galicia constrúe o edificio.

Por aqueles anos e debido á irresponsabilidade do Partido Socialista non se aprobou o Plan Xeral, diso sabe moito a concelleira agora a Sra. Caride porque naquel momento era conselleira e era a conselleira que paralizaba o Plan Xeral de Vigo, estráñanos ademais que presente esta moción e que logo non a defenda, que a defenda outro concelleiro.

Xa co Sr. Abel Caballero como Alcalde, en xuño de 2007 e co conselleiro o Sr. Méndez Romeu, promóvese un concurso de ideas sobre o edificio que gaña o estudo de arquitectura Irisarri cun premio de 60.000 euros, un mes despois en xullo de 2007, xa choveu, o Sr. Caballero e o Sr. Méndez Romeu se pasean pola azotea do edificio dos xulgados e din que a mediados do 2008 empezarán as obras cun orzamento de 9 millóns de euros, e que a principios de 2010 xa se ía inaugurar o edificio, miúda mentira, vaia calamidade.

En outubro de 2007, o Alcalde xa di que o proxecto non ten que esperar ao Plan Xeral e vaise declarar supramunicipal, volve vir a Vigo varias veces a visitar o Sr. Méndez Romeu, que por certo dicía naquela época que daba largas ao proxecto de creación da Área Metropolitana, porque estiveron catro anos na Xunta de Galicia e non fixeron nada para a área metropolitana, pero que coa aprobación do Plan Xeral o Concello xa poñería a disposición os terreos cando antes. Cando entra o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia e cando empezan aparecer as consignacións orzamentarias no Orzamento, cando o Partido Socialista estaba na Xunta de Galicia nin un euro para a Cidade da Xustiza, cando o Partido Popular está na Xunta de Galicia sete anos consecutivos comprometéndose. É cando en outubro de 2009 o Alcalde escíbelle ao Sr. Rueda dicindo que asume o compromiso de poñer a



disposición da Xunta de Galicia os terreos.

Falouse moito do que custaron os terreos, a Sra. Silva dicía que 21 millóns, despois que tres e medio, agora ao final foron 2,6 millóns. Avanzouse? Si pero aínda queda un longo camiño, ao Concello quédanlle moitos trámites, entre outros, traer ó Pleno municipal un expediente con certificación do Rexistro da Propiedade, cunha memoria, cun informe do secretario e do interventor, cun proceso de información pública, cun proxecto de demolición das edificacións que alí hai, como moi pronto traerano en xaneiro, febreiro do ano que ven, a partir de aí non se preocupe, a Xunta de Galicia construírá o mellor edificio xudicial de Galicia, o edificio que a cidade de Vigo necesita, igual que fixo co hospital, coa depuradora, coa Autopista do Mar, cos floteis que vostedes dicían que non existían, co arranxo do tax lease, coa ampliación da Ponte de Rande, coa chegada do AVE, o Partido Popular fará o edificio.

SR. LÓPEZ FONT: Con este continuo dicirnos mentireiros, con estes relatos como o que acaba de facer vostede agora, pasaron de 13 concelleiros a sete concelleiros, razón terán os vigueses cando os xulgan a vostedes, e os xulgaron nestas eleccións municipais, estou farto, Sr. Fidalgo, de leccións de xestión hospitalaria, de contratación, de como van evolucionando os expedientes todo para que vostedes non asuman os seus compromisos dende a Xunta de Galicia. Este Goberno Municipal viuse permanentemente sometido ao chantaxe de vostedes de que ou se cedían os terreos ou non había Cidade de Xustiza. Este Goberno Municipal e esta cidade viuse sometida permanente ao chantaxe de vostedes con teleasistencia, con políticas sociais e con todo para non poñer as partidas necesarias e isto que asina vostede é o que mellor exemplo do que fai a Xunta de Galicia con esta cidade, xa nos está anunciando de que se vai atrasar aínda máis? Xa nos está anunciando con distintos proxectos que o que eu dicía antes vaise a Cidade da Xustiza ao ano 2019, aínda se vai ir máis lonxe.

Vostedes teñen que asumir a súa responsabilidade, isto Sr. Pérez das competencias impropias, debe ser vostede o único que se perdeu algún capítulo porque todo o relacionado coa Cidade da Xustiza o coñecen perfectamente os vigueses, non sei se lle coincidiu vendo Falcon Crest, pero o que si é certo é que tódolos vigueses saben como está esta situación e esta situación é completa competencia da

administración autonómica e da Xunta de Galicia e se é certo que hai atraso nisto é competencia deles, e insisto, oín neste Pleno en innumerables ocasións que había partidas e cando preguntamos esas partidas non existían, pero o que é peor aínda quérense marear a perdiz co tema de se os terreos non, os terreos pagáronse o outro día, os terreos van estar a disposición da Xunta de Galicia nus días nus días, e o que deberían de facer vostedes aquí como concelleiros defensores dos cidadáns de Vigo é apoiar esta moción. Esta moción significa que xa no 2016 débense poñer partidas suficientes para a Cidade da Xustiza, é un auténtico brindis ao sol o tema de poñer tres millóns, entre outras cousas sabe por que? Porque están vostedes, teoricamente, comprometendo unha Cidade da Xustiza para cando non van gobernar. Poñen agora tres millóns e permítanmo de “chau, chau” e o que falta non o van a dicir porque non van gobernar.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda que entendo que non a acepta, como non é aceptada pasamos a votar a moción nos seus termos.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde (Presidindo a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.10.2015 (Rex. Nº 1245/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estevez, cuxo texto consta

transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.5(205).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO A ADOPTAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR OS TEMPOS ESPERA NA OBTENCIÓN DUNHA CITA SANITARIA NO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. EXPTE. 1252/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2015, número 1252/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“Nos últimos días estanse a recibir innumerables queixas e testemuños de cidadáns de Vigo que soportan colas interminables no Novo Hospital de Vigo para obter unha cita para consulta.

Os testemuños e as imaxes nos medios de comunicación trasladan unha situación certamente insostible, creando unha alarma social por distorsións persoais que ocasiona, que debe ser resolta pola Xerencia da área Sanitaria de Vigo para evitar aos cidadáns esta situacións.

E por esto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

**ACORDO**

- Instar á Xerencia da Área Sanitaria de Vigo a adoptar as medidas necesarias para evitar os longos tempos de espera para a simple obtención dunha cita médica no Novo Hospital de Vigo”.

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Nós últimos días están a recibir innumerables queixas e testemuños dos cidadáns e tamén nos medios de comunicación que soportan colas interminables no novo hospital de Vigo para obter unha cita para unha consulta. As testemuñas e as imaxes nos medios de comunicación trasladan unha situación certamente insostible, creando unha alarma social real, polas distorsións persoais que ocasionan e que deben ser resoltas pola Xerencia da Área Sanitaria de

Vigo para evitar aos cidadáns estas situacións.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación instar a Xerencia da Área sanitaria de Vigo a adoptar as medidas necesarias para evitar os longos tempos de espera para a simple obtención dunha cita médica no novo hospital de Vigo.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Imos votar a favor desta moción pois sabemos que as filas de espera para acceder ao posto de admisión no hospital Álvaro Cunqueiro son inaceptables, nos que estivemos alí facendo no peche durante 15 días, estivemos na área de consultas e realmente aquilo era escandaloso, xente que estaba dúas horas para esperar, para entrar en admisión para poder pedir unha cita.

A parte disto, xa non é para o tempo tes que estar esperar alí na cola senón que logo cando che dan a cita ves que o tempo de espera tanto para traumatoloxía, como para cirurxía xeral, otorrino, para todas estes servizos é dun tempo increíble, para traumatoloxía hai 3 anos de espera, para cirurxía xeral, oftalmoloxía e otorrino as primeiras consultas e as revisións está indo con moitos meses de atraso, no CPOF, no Centro de Atención Familiar había dous médicos, dous especialistas e un xubilouse e non substitución co cal agora só hai un, é dicir, a metade do que había, o médico este está que sobe polas paredes porque non da feito. En fin que se fixo un hospital para mellorar supostamente a calidade asistencial e reducir as listas de espera e o que acontece non é un problema puntual de reubicación que podería ser, o problema é de mercado, de mercantilizar a saúde da poboación en beneficio dos hospitais privados e das empresas amigas, xa que por exemplo en traumatoloxía estanse derivando os pacientes ao hospital de Fátima e ao Domínguez de Pontevedra.

Por suposto imos a votar a favor da moción.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: O proceso de cambio de hospital levou consigo un cambio no sistema de citas, case 120.000 citas tiveron que ser modificados no novo centro, ademais das que xa se xeran na propia actividade, dentro deste proceso de cambio a cita debe ser dada na consulta, a admisión do hospital está a traballar cos servizos, para que a súa implantación que é dispar dependendo do servizo vaia mellorando, entendemos que ata a total adecuación do hospital a este novo proceso estanse a producir desaxustes e que xeran incomodidades e atrasos na

xestión da mesma, iso non o imos negar.

Entendemos que se deben solucionar, a maior brevidade, estas incidencias que xeran mal estar na poboación pero lonxe da alarma social que tanto lles gusta utilizar, falando do tema social e da alarma xa que estamos a pedir, pedir tamén que resolvan as esperas súas polo tema do cheque social que é moito máis alarmante socialmente.

Dito isto e tamén co apreio que lle teño eu tamén ao Sr. Rodríguez Escudero consideramos que se deberían axilizar esta xestión das citas e tamén imos votar a favor da moción.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Eu creo que o Grupo Popular ten que facer unha reflexión sincera, honesta e o seu compromiso cos cidadáns do que está a pasar co hospital.

Hoxe neste Pleno vimos simplemente algo do que está a suceder, isto é un clamor porque cando se viu na historia da Área Sanitaria de Vigo os titulares dos medios de comunicación: os médicos de urxencia denuncian a falla de operatividade e riscos para os pacientes, os médicos, o Colexio de Médicos eleva á fiscalía a denuncia por deficiencias en urxencias, non vou a seguir porque creo que xa está dito bastante disto.

Sr. Fidalgo, esperemos que o da Cidade da Xustiza non sexa como o éxito do hospital, como vostede dicía, con ese humor que a veces eu comparto con vostede e que tanto me gusta compartir, pero é que hoxe é un pouco agre cando vemos a realidade porque detrás disto hai a vulneración de dereitos profesionais, sociais e sanitarios. Este non é un problema dun traslado, non, eu vivín non por mérito propios senón simplemente porque son moi maior, traslados de hospitais, recentemente o de Asturias eu vivino, por circunstancias familiares, persoais, etc. non houbo, excepto nun tema informático, o que pasou aquí, o propio de Lugo que remataron vostedes o dos Partido Popular tampouco, porque este non é o proceso dun problema puntual dun traslado con tódolos desaxustes é un problema estrutural derivado do modelo elixido e despois o haber permitido que empresas privadas alleas ao sector tutelén o traslado, alleas ás realidades dos profesionais e do mundo sanitario.

Eu creo que realmente deben facer un acto de contrición no sentido de que parte

se teñen que poñer vostedes, porque xa ven a onde lles conduce, condúcelles á nada ao non compromiso cos cidadás e a vulnerar dereitos por exclusión. Nada máis, gracias por apoiar a moción aos demais grupos.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde (Presidindo a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.10.2015 (Rex. Nº 1252/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(206).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de setembro ao 22 de outubro de 2015.

**1.2(207).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de setembro ao 22 de outubro de 2015.

**2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo.

**3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

**4.- MOCIÓNS.**

**4.1(208).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO DO GOBERNO MUNICIPAL A FACILITAR O ACCESO ÁS CONTRATACIÓNS DE PARQUES E XARDÍNS E EN PARTICULAR CANTO CUSTARON OS SETOS DECORATIVOS E OLIVOS, A QUEN SE LLE CONTRATARON E MEDIANTE QUE PROCEDEMENTOS FORON ASINADOS. REXISTRO PLENO 1231/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de outubro de 2015, número 1231/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

### MOCIÓN:

A pasada folga dos traballadores de parques e xardíns de Vigo deixou en evidencia os problemas deste goberno municipal para xestionar un departamento afectado por investigacións xudiciais e actualmente dirixido por un concelleiro dobremente imputado por supostas contratacións irregulares que afectan directamente a contratos maiores e menores asinados nos últimos anos.

Este goberno negouse en repetidas ocasións a realizar auditorías de funcionamento ou mesmo facer controis sobre o correcto cumprimento dalgún destes contratos. Tampouco quixo poñer a disposición da oposición e dos cidadáns os contratos directos asinados para algunhas cuestións para as que se teñen pedido aclaracións e que nunca as obtiveron por parte da alcaldía nin do concelleiro de parques e xardíns.

Entre outros asuntos pendentes de contestar está a contratación dos olivos e dos setos decorativos que se teñen plantado en diversas zonas da cidade, o seu custe, ou mesmo o modelo de contratación seguido para elixir a empresa ou empresas que cobraron polo servizo. Esta oposición e os cidadáns non saben a día de hoxe nin canto custaron os devanditos olivos, o dinoseto da Porta do Sol, ou o tricerátops de Navia, nin quén e cómo cobrou por traelos ao Concello.

A aparente dependencia desde goberno das concesionarias pode estar tamén na causa da parálise detectada no departamento de Parques e Xardíns, evidente nesta pasada folga de traballadores na que se puxeron en cuestión condicións incluídas no prego de condicións do contrato, e na que se rexistraron graves fallos no servizo aos cidadáns.

Este goberno non facilitou informacións aos vigueses sobre as consecuencias da folga, nin sobre as medidas adoptadas coa empresa ao remate da mesma. Tanto o alcalde coma o responsable de Parques e Xardíns estiveron desaparecidos neste conflito con claras consecuencias para as veciñas e os veciños.

Tendo en conta todas estas razoables sombras de dúbida sobre a xestión do responsable de Parques e Xardíns, as evidentes sospeitas xudiciais ao redor das contratacións desde departamento, a demostrada parálise a que está sometido na súa xestión diaria e a sorprendente ausencia de explicacións e control por parte do goberno, esta concelleira insta ao pleno a adoptar o seguinte

### ACORDO:

Instar ao goberno de Vigo a facilitar acceso a todas as contratacións de Parques e Xardíns e a facilitar en particular información urxente e precisa sobre cómo custaron os setos decorativos e os olivos contratados en Vigo e ubicados en distintas zonas da cidade, a quén se lle contrataron e mediante qué procedementos administrativos foron asinados eses contratos.

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Transportes, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación quedou enterada da moción.



## DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: O dereito de acceso á información é un dereito que recoñece a normativa a tódolos grupos municipais, a tódolos concelleiros porque se considera básico para poder facer unha obriga das que temos dende os grupos municipais da oposición que non é outra que fiscalizar a labor do Goberno Municipal. Podería citar tódolos artigos do Regulamento que fan referencia a ese dereito e por suposto á obriga que ten dende o goberno municipal a dar información aos grupos. Porque é unha garantía máis do noso estado de dereito e porque é unha garantía non para os grupos municipais senón para os cidadáns. Sinceramente de forma inexplicable neste Concello esa garantía e ese dereito a información non se está dando, estase impedindo de forma reiterada o acceso a esa información ao grupo municipal do Partido Popular, que reiteramos en numerosas ocasións, incluso chegamos a pedir amparo ao secretario xeral do Pleno para que faga cumprir o Regulamento, sen ningún resultado. Se esta negativa en condicións normais resulta grave, adquire dende logo unha maior gravidade cando o funcionamento do Concello como é neste caso está revestido por serias sombras de dúbida tal e como vimos desgraciadamente nos últimos meses e que levaron á administración de xustiza a imputar a catro membros deste goberno Municipal por graves supostos delitos, á concelleira de Benestar Social, ó concelleiro de Fomento, ao concelleiro de Parques e Xardíns e ao propio Alcalde de Vigo.

Dende logo dende este grupo municipal respectamos absolutamente á xustiza e á presunción de inocencia pero cremos que é necesario e é obriga de tódolos responsables públicos dar explicacións, dar explicacións que neste caso brillaron pola súa ausencia, e dar explicacións que ante esa ausencia de explicacións voluntarias levaron a este Grupo Municipal a pedir unha comparecencia no Pleno do Sr. Alcalde, que lamento que neste momento non estea presente no Pleno, para que dea as explicacións a tódolos vigueses e sobre todo para que nos diga que medidas adicionais de control se están a utilizar e levando a cabo no Concello de Vigo, se nos negou a comparecencia, decidiron, parece ser que a aplicación estricta do Regulamento e sempre para os grupos municipais da oposición non para o grupo municipal que está no Goberno, lamentamos que esta non sexa unha

prioridade para o Alcalde de Vigo, comparecer e dar explicacións, esperaremos ao próximo Pleno no que se haberán cumprido tódolos prazos legais e polo tanto esperaremos e escoitaremos as explicacións que o Alcalde de Vigo, estou convencida, que dará neste Pleno.

Se non hai nada que ocultar por que se negan a dar a información? Por que? Se non hai nada que ocultar poñen enriba da mesa a información e nós a veremos e creo que será bo para todos, pero esta negativa é especialmente preocupante nun departamento, no departamento de Parques e Xardíns que está así sendo dobremente afectado por estas actuacións xudiciais e ademais, o que é máis preocupante, está afectando ao seu funcionamento porque no últimos días tivemos un exemplo da desastrosa tramitación do novo contrato de mantemento de zonas verdes que é o contrato máis importante que xestiona dende logo esta concellería, nin querendo se pode facer peor, no último ano houbo tres modelos de pregos, tres recursos perdidos, dous folgas de traballadores e a absoluta inacción por parte do Goberno Municipal, que van facer co último recurso que recae? Hai xa dez días que o coñecemos e aínda non sabemos que acción vai levar a cabo o Goberno Municipal, como vai garantir a prestación do servizo? Como vai garantir que con 17 millóns de adxudicación fronte a 24 millóns de licitación vaise garantir que se preste o servizo adecuadamente? Estaremos ante un novo caso de reequilibrio financeiro, dunha concesión na que teremos que pagar máis cartos tódolos vigueses e tódalas viguesas, pero máis alá, cantos contratos menores asina eses departamento, cantos contratos menores asinaron nestes últimos meses? Esquécese vostedes da publicidade, da transparencia e da non discriminación e están a ocultar os contratos, están fraccionando? O fraccionamento está prohibido pola normativa, cantos están a custar aos vigueses os olivos e os setos decorativos? Como os contrataron? No anuncio que acaban de facer de tódolos setos decorativos que van inundar a nosa cidade , que bonitos son! Lamentablemente a única acción de goberno nestes meses con 17 concelleiros foi poñer un triceratops e subir os impostos aos vigueses, realmente lamentable balance destes primeiros meses con eses 17 concelleiros dos que tanto presumen. Pero van comprar eses setos decorativos un a un ou vannos comprar por separado? A quen llo van a adxudicar? Espero que respondan a estas preguntas na súa contestación a esta moción.

SR. PÉREZ CORREA: Nós non imos a entrar nunha cuestión estética da horterada padre que supón a cuestión de plantar esas figuras, setos como lle chaman, o único un rogo que non se lle chame rinoseto aínda que sexa por prurito de licenciado de historia que entre un rinoceronte e un dinosauro desa época hai milleiros de anos de evolución humana e sería un bo exemplo que daríamos aos nenos e nenas de Vigo que por exemplo os homes e os dinosauros non coincidiron no tempo evolutivo.

Imos a unha cuestión que non é tan chistosa como o espectáculo desta fin de semana da inauguración do bicho, imos a ir a unha cousa que non é chistosa porque eu entendo que ese anuncio de 15 dinosauros custará menos de 18.000 euros, porque se custa máis hai que ir a un concurso público, porque se nón imos pedir obviamente que se nos informe en primeiro lugar o que di a lei, que trimestralmente tódolos contratamos menores deste departamento teñen que estar informados de acordo coa Lei 19/2013, de transparencia, información pública e bo goberno, descoñecemos se esa información está presentada, en todo caso, a Marea de Vigo en previsión, o día 6 de outubro pediu por Rexistro, de acordo ás instrucións da Base 31 das Bases de Execución do Orzamento que se nos dera esa información porque se todos son facturas menores neste caso, se foramos incluso a obras teríamos que ir a 50.000 euros por cada factura, se son facturas menores de 18.000 euros, que se nos informe e se poña enriba da mesa para que nós non poidamos albergar ningún tipo de suspicacia.

É unha cuestión meramente legal, non imos entrar en valoracións doutro tipo o que supón ocupar rotondas ou prazas públicas con esas cuestións e non por exemplo con esculturas dos moitos escultores, dos forxadores, da cantidade de xente que fai interaccións artísticas nesta cidade que tamén poderían ter un criterio estético perfectamente asumible.

Nos imos votar a favor desta moción porque está sendo unha práctica habitual de concellos en todo o país, e non o dicimos nós, cada vez máis se está poñendo en dúbida por parte das Intervencións, por parta incluso xudicialmente da xeneralización do fraccionamento de contratos que é unha figura ilegal, non é o mesmo e o dicíamos publicamente, non é o mesmo comprar 20 olivos nunha factura que facer 20 facturas cun olivo cada unha, non é o mesmo, hai condenas

de todo tipo e de toda a cor, e cando digo de toda a cor creo que tódolos partidos políticos que estamos, certo que a Marea de Vigo é un partido municipalista pero xente que estamos incluídos en partidos, existe esta práctica en toda a cor, a nós nos corresponde auditar a practica neste concello non noutros concellos, deputacións ou outro tipo de administracións. É unha cuestión absolutamente clara e normal, porque é unha percepción cidadá que se está a xeralizar, a compra de determinados elementos decorativos que poden ao mellor ser substituídos por elementos vexetais permanentes, con especies que aguanten mellor os regos, que non requiran tantas podas, o que fan dentro da norma xeral, moitos concellos para evitar que o gasto en determinadas cuestións que son ornamentais e como todo o ornamental é secundario, porque o prioritario non é ornamental, nós pensamos que esa cuestión estea enriba da mesa. Isto é de lei, que se nos pase un informe trimestral dos contratos menores, se fora que non se nos está pasando doutras áreas, pero nós dicimos que si, pasousenos recentemente de Benestar Social, de Cultura, pois que se nos pase tamén de Parques e Xardíns, cun criterio absolutamente fiscalizador que claro que é o criterios que temos que asumir nós.

Pola nosa parte esta moción vai en consonancia con esta petición do día 6 de outubro, metida por Rexistro por este concelleiro que asina e na que pedíamos precisamente a relación de expedientes de gasto menor tramitados que está de acordo coa lei e que consideramos que polo tanto non ten ningún tipo de problema.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sra. Muñoz a verdade é que hoxe me sinto asombrado ou noqueado como di vostede, como voceira do primeiro grupo da oposición desta cidade non é normal que vostede non coñeza o sistema de xestión administrativa deste Concello e como non o do sistema de contratación, é preocupante, ou mente descaradamente ou é que vostede baixou de Marte. Hoxe vostede está deixando en ridículo e poñendo en dúbida a xestión dos funcionarios, dicíndolle que non saben como tramitan os expedientes e iso é moi grave, vostedes cuestionan a fiscalización deste Concello tan serio e riguroso cunha transparencia absoluta, vostede se está a cuestionar a xestión de servizos de cada área, está cuestionando os servizos xurídicos, esta a cuestionar á Intervención Xeral, á Mesas de Contratación, e ademais vostede ten un descoñecemento absoluto do que é a xestión administrativa das institucións e ademais máis importante, elude coas súas

funcións, non se ría Sra. Muñoz, é moi serio isto, vostede elude coa súa responsabilidade non estando presente no órgano que lle corresponde como é a Mesa de Contratación onde hai a presenza de tódolos partidos políticos, onde vostede pode fiscalizar tódolos expedientes que se tramitan neste Concello e vostede o elude non estando alí presente. Sra. Muñoz pregúntome como contrataría vostede na Xunta de Galicia, todo isto é un feito moi grave Sra. Muñoz, moi grave.

Ademais vostede cuestiona a folga duns traballadores, a folga dos traballadores é algo lexítimo na Constitución e no Estatuto dos Traballadores polo tanto, todas aquelas demandas que os traballadores crean que lles corresponde, teñen o seu dereito a manifestarse e sempre será un acordo entre empresa e traballadores.

Sra. Muñoz, a este concello que é o que lle corresponde e senó creo que debería lelo é o prego de condicións público que se fixo para a contratación deste servizo, un prego que vostede cuestiona incluso na cantidade e nas baixas que houbo neste concurso, un concurso no que xera un aforro para este Concello e vostede pono en cuestión, sabe o que fai o departamento Xardíns Sra. Muñoz, facer un seguimento exhaustivo cotidianamente do prego de condicións e faino moi ben Sra. Muñoz, un seguimento exhaustivo.

Sra. Muñoz, vostede ademais pon en dúbida a dedicación e transparencia permanente deste goberno e deste concelleiro, mire Sra. Muñoz, quen sabe da xestión deste concelleiro e deste Goberno son os funcionarios desta casa e como non, os cidadáns desta cidade, os cidadáns que se atenden cada día que se escoitan e cos que se está permanentemente trasladándolle cada unha das súas inxerencias, mire e é vostede moi atrevida eu creo que foi moi atrevida hoxe a falar da situación do concelleiro e do Alcalde e do resto dos concelleiros que están neste momento nunha situación na que vostede Sra. Muñoz, como se atreve a falar vostede disto cando ducias e ducias de compañeiros seus están na mesma situación, con comisións de investigación que vostedes votaron abaixo, pero como ten vostede a cara de vir aquí a propoñer isto, Sra. Muñoz, incluso compañeiros seus Sra. Muñoz, que comparten bancada aí, e compañeiros cos que vostede comparten un consello de administración nesta cidade, como presidente do seu partido, e como non, cunha mención ao Presidente da Xunta de Galicia, que é do seu partido Sra. Muñoz. É moi grave o que vostede está a facer, é vostede moi

atrevida hoxe vir aquí propoñéndose todo isto.

Sra. Muñoz, en transparencia a este concello ninguén lle da leccións, o goberno que leva adiante o Alcalde o Sr. Abel Caballero para que o saiba, non o dicimos nós, dino os cidadáns e o que son os organismos que levan o control da transparencia dos concellos, onde lle dan 98 de 100 puntos, é moi importante Sra. Muñoz neste concello non hai opacidade, transparencia absoluta e non a pode cuestionar vostede Sra. Muñoz.

En cuestión de transparencia e dedicación vostede a nós leccións cero, non nos pode dar ningunha exemplaridade nese sentido. A concellería de Parques e Xardíns cunha gran xestión, mire o xardíns desta cidade recoñecidos pola OCU con máis do 72% de recoñecemento, xa llo dicía un compañeiro seu na anterior lexislatura, están niquelados Sra. Muñoz.

De xestión non nos falará vostede, por que vostede dorme tranquila cada noite Sra. Muñoz? Vostede escoitou á Sra. Lilian que se tivera un pouco de dignidade se marchaba con ela para estar co Sr. Feijóo para empezar a resolver os problemas que hai? Vostede pode durmir tranquila? E increíble Sra. Muñoz que vostede nos veña a dar aquí este tipo de leccións onde máis de 600.000 persoas, 28 concellos están afectados pola súa xestión que fulminou dun plumazo nunha mañá, Sra. Muñoz.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente Sr. Rivas téñolle que dicir á pregunta que vostede facía.

PRESIDENCIA: Sr. Rivas non está no uso da palabra, tiña que ter ensinado iso na súa intervención, agora ten a palabra a Sra. Muñoz.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Para a súa tranquilidade Sr. Rivas direille que durmo moi ben tódalas noites porque teño a conciencia tranquila e iso é algo moi importante para descansar polas noites. Xa sabía eu que vostede ía poñer o ventilador, que para ocultar e non dar contestacións ás preguntas porque vostede aquí é o concelleiro responsable de Parques e Xardíns, e estamos no Pleno do Concello e a súa obriga e dar conta da súa xestión e estamos a falar aquí da xestión municipal e vostede e os seus compañeiros de goberno están a xestionar fondos públicos

tódolos días, e tomando decisións sobre fondos públicos tódolos días e claro que teñen que dar explicacións neste Pleno municipal e as dúbidas non as poño eu enriba da mesa, as está a poñer a xustiza Sr. Rivas, eu non, non se escude detrás dos profesionais, dos funcionarios e dos órganos de control que fan o seu traballo, aquí o único que non fai o seu traballo como debe é vostede, o único que está coas mans atadas e que non é capaz de dirixirse por que non ten autoridade á concesionaria cando ten aos traballadores na situación que os tiveron e no último Pleno estivemos aquí escoitando as protestas dos traballadores, non de esta concelleira, o único que está coas mans atadas é vostede e que non foi capaz de darlles ningunha solución, porque as concesionarias hai que esixirlles que cumpran os pregos de contratación e teno que facer un concelleiro que non está baixo a sombra de dubida e que está coas mans atadas como vostede demostrou neste proceso.

Tres recursos perdidos, dúas folgas, non é o meu balance Sr. Rivas, pero ademais poñendo ese ventilador, escudándose detrás dos funcionarios, culpando como non podería ser doutra maneira á Xunta de Galicia por todo isto, por certo Xunta de Galicia que baixou a metade os contratos menores para dar maior publicidade e concorrencia, léase a Lei de racionalización e aprenderá un pouco do que é a publicidade e a transparencia.

Pero despois de ocultarse de todo iso o que non quere porque non contestou a unha soa das preguntas que se fixeron por parte desta voceira, igual que non está a contestar as solicitudes de información, onde está a transparencia cando os contratos menores non aparecen? Onde está a transparencia? Cando custan os setos decorativos? Díganolo aquí, perdeu unha oportunidade de ouro, Sr. Rivas é o momento de que vostede ceda o seu sitio é que o Alcalde de Vigo tome a decisión que ten que tomar en relación a vostede.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz acabou o seu tempo, Sr. Rivas non está en uso da palabra.

Sr. Font non está no uso da palabra.

Sra. Muñoz como vostede fai referencia a que o Alcalde ten que tomar decisións en torno ó Sr. Rivas, eu estou ocupando neste momento a presidencia deste Pleno téñolle que dicir Sra. Muñoz, que que triste é que un responsable político si que

poña o ventilador sen ter datos obxetivos do que está a acusar, é moi grave eu espero que vostede algún día presente a súa dimisión por estas acusacións tan graves que está a facer aquí e que ten feito nos medios de comunicación. Vostede non pode acusar a ninguén de poñer a funcionar o ventilador cando vostede denuncia o que nas súas filas e cotián a nivel autonómico, en toda España, imputados do Partido Popular de tódalas comunidades autónomas, en concellos de toda España, Goberno de España, altos cargos de España do Partido Popular e que vostede veña aquí a dar leccións e acusar a unha persoa intentándoa poñela para que a queimen na praza pública cando vostedes se senta con xente que tamén está imputada aquí e na Deputación de Pontevedra, Sra. Muñoz. Eu creo que un pouco de sensatez é importante que vostede se sente do Partido Popular que son o partido da corrupción e así o demostran tódolos casos que están abertos, teñan un pouco de coidado.

Sra. Muñoz, volvo a dicir o Partido Popular que é o partido da corrupción recoñecido por tódolos españois e por todos os sistemas xudiciais no noso país, non retiro nada.

Sra. Muñoz, son presidenta deste Pleno e vou rematar a miña intervención. Sra. Muñoz, vostede pide a dimisión daquel concelleiro, do Sr. Rivas, tamén a pide da Ministra que o Tribunal Administrativo ten dito que o concurso que quitou para a prestación do servizo das viaxes dos maiores, a mesma situación que este, tamén pide aquí hoxe a dimisión desa Ministra? Tamén a pide? Porque a situación é exactamente a mesma, sabe o que non pode ocorrer que haxa unha vara de medir para unha e outra vara de medir para outros. Este debate é vergoñento e algún día vostede terá que irse do Pleno deste Concello polas afirmacións que hoxe ten feito, eu estou defendendo a un concelleiro que non hai nin unha soa actuación xudicial neste momento que diga que todo o que fixo non é legal, sen embargo nas súas filas Sra. Muñoz non pasa, hai moitos compañeiros seus que xa foron por parte dos medios xudiciais declarados culpables de corrupción e que están na cárcere, xa está ben, remato o debate e non lle dou a palabra.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde (Presidindo a Sra. Silva Rego)*



VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 14.10.2015 (Rex. Nº 1231/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(209).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE CONVERTA OS PARKINGS DA PORTA DO SOL E PRAZA DE PORTUGAL EN XESTIÓN MUNICIPAL QUE PERMITA ESTABLECER PREZOS RAZOABLES E SOLUCIONAR A DEMANDA DE APARCADOIROS DE RESIDENTES. REXISTRO PLENO 1234/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de outubro de 2015, número 1234/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

Despois de varios anos de situación irregular nos parkings da Porta do Sol e da Praza de Portugal con motivo da finalización das pertinentes concesións e debido a inacción do goberno municipal, os vigueses, e en especial os residentes e comerciantes do Casco Vello e do centro de Vigo, enteráronse de súpeto do peche dun dos aparcadoiros, (Porta do Sol) e da proximidade doutro, (Praza de Portugal).

Un peche que se sabía de antemán, e que debeu requerir da previsión do goberno municipal para evitar xustamente o problema actual, que é a falta de alternativas durante todo o período de reapertura para unha zona con alta demanda de prazas de aluguer para residentes.

O Grupo Municipal do Partido Popular considera que era a ocasión perfecta para aproveitar a reversión da concesión e transformar dous parkings concesionados, en aparcadoiros de xestión municipal que permitan establecer prezos reducidos para residentes e aumentar a porcentaxe destes con respecto aos aparcadoiros de carácter rotatorio.

Con todo, a reacción do goberno local foi toda a contraria, sacando a concurso unha nova concesión sen ter en conta as necesidades imperiosas de aparcadoiros de aluguer no Casco Vello e no centro da cidade e establecendo prezos abusivos aproveitándose da alta demanda.

Por todo iso, o grupo municipal do Partido Popular presenta perante o Pleno Municipal de Vigo a seguinte:

#### MOCIÓN:

Instar ao goberno municipal a que que convirta o parking da Porta do Sol e o parking da Praza de Portugal en xestión municipal que permita establecer prezos razoables e dar solución a alta demanda de aparcadoiros de residentes.

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada da moción.

#### DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: A verdade que falar de último, cando un fala de último ten unha de serie condicionantes negativos que é que a xente está cansada pero tamén che da a oportunidade de percibir en primeira persoa o cinismo co que se tratan os temas por parte dalgunhas persoas neste Pleno municipal, e o cinismo hoxe ven dirixido pola arbitrariedade coa que se deciden e se fala sobre as concesionarias que afectan ao Partido Socialista e concesionarias que afectan a gobernos onde está gobernando o Partido Popular, e o cinismo de aquí fai moita referencia ao tema e á moción que hoxe imos presentar, e o cinismo aquí tamén fai moita referencia a falar dun partido que está emporcado de corrupción como é o Partido Socialista e dicir que o é o Partido Popular e é unha vergoña porque non debemos votarnos a corrupción en cara porque os que gañan están aí e son outros

partidos. Había que aprender a lección que chegamos moi tarde Sra. Silva.

A moción que presentamos a verdade é que a poderíamos ter presentada hai tres anos perfectamente, podería ser un calco absoluto e igual da que presentamos hai tres anos, só con dous aspectos inexplicables e bastante agravantes.

En primeiro lugar, o clamor dos centenares de usuarios dos aparcadoiros da Porta do Sol e da Praza de Portugal duramente afectados e que se ven incrédulos sen posibilidade de alternativa.

En segundo lugar, porque levamos catro anos de desastre absoluto nesta xestión e do que era unha pelota que se ve vía vir resulta que se transformou nunha bola de neve de imposible explicación, non se pode entender como un problema que xurdiu no ano 2010 e 2011 se foi deixando acrecentar ata darlle unha solución catro anos máis tarde, moi pouco previsora e que non beneficia absolutamente a ninguén máis que a futura concesionaria e que non se pode entender como despois de 25 anos de concesión, de explotación por parte dunha empresa privada, agora que o Concello ten a oportunidade de decidir, de solucionar e de paliar a ampla necesidade de demanda de aparcadoiro para residentes en zonas céntricas da cidade resulta que vostedes profundizan no erro, amplían unha concesión a 30 anos e fano ademais sen ter en conta esta problemática e o goberno municipal, como dicía, lonxe de aproveitarse desta circunstancia que é positiva, entrou nun bucle de non saber que facer, ata o punto de ir prorrogando sucesivamente mediante meses a concesión de explotación dos aparcadoiros provocando que ambos entraran nunha situación irregular que é na que se atopan actualmente.

Señores, a verdade é que é para facerllo ver, hoxe é un bo día, para explicarlle aos vigueses, non ilegal senón irregular Sra. Marra, hoxe é un bo día para explicarlle aos vigueses e en especial aos usuarios abonados e residentes que lle pasou ao Goberno Municipal pola cabeza para ter catro anos paralizada e nestas circunstancias estes dous importantes aparcadoiros da zona centro da cidade e que o que algo que se converteu en positivo que é que se reverte a concesión vostedes convertérono nun problema, ademais outorgándolle unha solución canto menos pouco intelixente, moi conflictiva e o que é peor collendo por sorpresa aos afectados, vostedes coñecían perfectamente e coñecen perfectamente cales son as necesidades de aparcadoiro existentes no Casco Vello e no entorno de Churruca e da Praza de Portugal, coñecen perfectamente cal é problemática que existe nesta

zona de edificación antiga e carente de aparcadoiros privados e en superficie. Agora volvo a repetir e a reiterar, tiñan a ocasión de ouro para darlles unha solución viable e economicamente razoable a estas persoas e sen embargo profundizan no erro. En vez de aproveitar esta circunstancia para analizar dous aparcadoiros de xestión municipal con prezos inferiores á media de aparcadoiros da cidade que xere competencia de prezos entre o resto de aparcadoiros da cidade de Vigo, en vez de aproveitar para solucionar o problema dos residentes na zona centro, vostedes deciden quitar unha nova concesión a 30 anos e ademais cunhas cláusulas administrativas que parecen máis ben dun aparcadoiro da quinta avenida.

Pero si isto é preocupante o que non é menos preocupante señores do Goberno Municipal é a de deixamento absoluto da concellería de Tráfico e do control e a esixencia á concesionaria da actuación e a reforma de ambos aparcadoiros aínda que simplemente fose para legalizados e poñelos á lexislación vixente.

Salta á vista o abandono sistemático en que incorrían os aparcadoiros, é interesante lembrar o informe de anteproxecto de reforma e acondicionamento achegado pola Xerencia de Urbanismo en mans do Goberno Municipal no que se fai referencia ás importantes deficiencias, deficiencias en seguridade contra incendios, saídas de emerxencia, de accesibilidade, de acabados no pavimento, en definitiva un auténtico desastre, e vostedes tiñan a obriga de preocuparse de facerlle un control e de esixirlles á concesionaria o que fan agora co hospital Álvaro Cunqueiro, de esixirlles que solucionasen eses problemas.

En definitiva quedan moitas preguntas como que vai pasar cos traballadores dos aparcadoiros.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos moi emocionados independentemente do tono anterior, pola medida do socialismo real que aplica nesta moción o Partido Popular, que defende como defendemos os que temos a adscrición comunista que sexa unha son empresa privada que xestione servizos públicos e que sexa directamente un concello, co cal esta achegada ao socialismo marxista parécenos cando menos curiosa, e dicimos curiosa porque temos o martelo de herexes do Partido Popular que se chama Sra. Esperanza Aguirre precisamente acusándonos disto no Concello de Madrid cando pedimos a xestión pública directa dos aparcadoiros que son

absolutamente deficitarios e que custaban 200 millóns de euros ás arcas públicas. No caso do Concello de Vigo aquí as responsabilidades son compartidas, o sistema de substitución de aparcadoiro en superficie por concesións de aparcadoiros sistematicamente que se concesionaban a empresas privadas o que ten devengado nesta cidade, temos todos os que no seu día puxo o Partido Popular, os que puxo o Partido Socialista, devengaban en que estas concesionarias privadas unha vez que non eran capaces precisamente por eses prezos elevados, tanto dos bonos como do aparcadoiro en rotación, nos atopábase nunha reclamación continua de complementos económicos por parte da administración pública a concesionarias privadas. No ano 2004 bastantes débedas tiñan contraídas algúns destes aparcadoiros concesionados con este concello, e incluso houbo nas últimas concesións destes seis últimos aparcadoiros, pois cambiar os criterios porque ninguén practicamente se presentara precisamente a adquirir esas prazas de abonado porque eran absolutamente prohibitivas para a maior parte de veciños que viven no entorno da Avenida de Castelao, nomeadamente os veciños/as de Coia, un dos barrios máis acusados pola situación laboral precaria que hai nesta cidade. Polo tanto, con toda naturalidade cando unha concesión destas características remate pois eu creo que non estaría mal facer un estudo como están a facer moitos concellos en todo o Estado, aquí tamén en Galicia, e que se ningún tipo de custe nin penalización á concesionaria privada acaben revertendo en xestión pública directa do concello. O modelo para nós sería a través dunha empresa municipal de servizos que xestionara directamente este tipo de infraestruturas porque senón volveremos a ter pois un aparcadoiro absolutamente prohibitivo ou cun custo alto como era o da Porta do Sol, e volveremos ter o mesmo problema. Polo tanto, en coherencia coa emenda que nós presentamos ao regulamento proposto o aparcadoiro da Porta do Sol, onde dicimos que se devolva ese regulamento e que se volva a facer un regulamento que tome como primeiro obxectivo, é dicir, no primeiro artigo que trata sobre obxecto da norma reguladora, pois que a xestión do aparcadoiro da Porta do Sol e da Praza de Portugal sexa de xestión pública directa, que non se faga un sistema concesionario e lembro que gran parte de empresas piratas que se fan neste sector se crean exclusivamente para gañar un concurso público, temos casos nesta cidade, no seu día con Nuaria de, empresas que estaban ligadas á operacións moi discutibles urbanísticas e que

ao final gran parte das plusvalías que se achacaban dese tipo de operacións urbanísticas raras como no seu día pasara no Concello de Totana, acababan xerando actividade que é a xestión privada dos aparcadoiros. Polo tanto nós estamos de acordo coa xestión pública directa, nese caso imos a votar afirmativamente a eta moción.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade quería empezar contestándolle ao Sr. Pérez, o que vostedes din dende a Marea de Vigo, Esquerda Unida, dende as propostas comunistas que hoxe aquí expresaba no Pleno, se nos lle dicimos que é comunista e de Esquerda Unida lle parece mal, vostede dio e non lle parece mal, eu non sei se lle traizoou o inconsciente ou o quixo dicir a propósito, a verdade que aí fora os cidadáns/ás de Vigo non lle dan demasiada consideración, por iso vostede que nos dicía na campaña que ía ter unha alcaldía compartida pois quedouse a escasos tres concelleiros de 17, co cal esa Alcaldía compartida non puido ser.

Pero nalgúns sitios foi, como un compañeiro seu de Marea de Vigo que se quita fotos con el no Concello de A Coruña, entón na campaña electoral ese compañeiro seu de Marea no servizo da hora dicía que coa máxima celeridade iso se tiña que suspender, e o tiña posto no seu programa electoral, e como vostedes o que din non o cumpren nunca, non o fan nunca, chegou e lles tocou gobernar, entón o Sr. Alcalde, Sr. Xulio Ferreiro, o Alcalde de A Coruña, di das Mareas, de Esquerda Unida, do Partido Comunista, que tras analizar os informes recoñece agora que podería supoñer un risco económico grave para o Concello de A Coruña, entón decide no mes de agosto, no mes de vacacións outorgar unha concesión ao programa da hora, entón vostedes din unha cousa e fan outra, cando gobernan fan concesións sumamente delictivas e gravosas para os cidadáns nos sitios que vostede gobernan.

Claro Sr. Pérez, isto non é unha beca, o que lle deron os cidadáns para sentarse na bancada non é unha beca, é para que traballen, para que veñan ás Xerencias de Urbanismo e xestionen nas Xerencia de Urbanismo, para que veñan as Mesas de Contratación e xestione nas mesas de contratación porque teñen as portas abertas e son transparentes, e tódalas preguntas que vostedes fixo na Mesa de Contratación como vostedes sabe, fóronlle contestadas, isto non é unha beca para coñecer as cafeterías do entorno e recorrer as cafeterías do entorno, isto é para

traballar e lle esixo e píddolle que traballe, que é o que lle pediron os cidadáns/ás.

Sr. Gago a min tamén me molestaría que me dixeran isto, eu entendo que vostede se moleste, pónase a traballar e déixese de facer demagogia porque non é honrado non vir ás comisións e non traballar. Sr. Gago eu creo que vostede está un pouco perdido porque vostede me falaba hoxe aquí de datos e de información que era un pouco confusa, cando me dicía que a Concellería de Tráfico, eu non sei Sr. Font vostede debe ser o culpable de todo os males, non lle de caña, déixenos ir porque senón vai ser vostede culpable de todo, porque non teñen nada que ver nisto dos aparcadoiros. Despois vostede dicía que era unha situación irregular, despois dicía que irregular non era ilegal, están correctamente os aparcadoiros situados e por que tivo un atraso de varios anos, porque lle preguntamos á Xunta de Galicia, fraco erro, escribímoslle unha carta ao Consello Consultivo que estou disposta a ensinarlla, Sr. Gago, aténdame estou disposto a ensinala, sabe que nos contestou a Xunta de Galicia? Non contestou, non lle gusta traballar a vostedes tampouco, cando goberna o Partido Popular en Vigo non transformou, Sr. Fidalgo que o dos floteis hai un e escaso, cando o goberno do Partido Popular en Vigo estaba nesta cidade, pouco tempo porque os cidadáns non son parvos, porque non transformou os aparcadoiros de Vigo en aparcadoiros de xestión municipal, iso tamén o di mal Sr. Gago, xestión municipal é o que imos a facer agora, por iso vostedes cando gobernan dan concesións de 50 anos e nós facemos unha concesión municipal de xestión indirecta, non facemos concesións, por iso son de 30 anos. Non só iso senón que foron en sentido contrario, sacaron seis aparcadoiros no 2011, ao final de mandato, no período electoral, con nocturnidade e aleivosía e no tempo de desconto, un aparcadoiros calamitosos e ruinosos para os vigueses e viguesas, non só iso, con cero prazas para os residentes, saben cantos teñen neste pregos? O 20% garantizado para residentes, e non só iso, os nosos pregos teñen que o 80% teñen que ir por fórmula, os vosos dicían que a fórmula tiña que ser o 40%, esa é a legalidade na contratación, non o que facían vostedes, e nós garantimos o 20% e vostedes cero, e non só iso, na fórmula valorárase a todas aquelas empresas que aumenten ese 20%, iso é a garantía e a seriedade da xestión o voso é unha trapallada.

SR. GAGO BUGARÍN: Sr. Regades, eu a verdade é que alucino con vostede alucino,

resulta que a cidade de A Coruña está gobernando a Marea gracias ao voso apoio, ao seu apoio, pero parece que se lle esquece, vólvolle lembrar, a Marea está a gobernar en A Coruña e noutros concellos de Galicia gracias ao voso apoio tácito, senón estaría gobernando o partido máis votado que sería o Partido Popular, é bo que o saiba, que o teña claro.

Eu non sei se vostede entende o que nós viñamos dicir aquí pero dáme a sensación de que vostede non entendeu o que nós queríamos propoñer aquí, e nós o que viñamos a propoñer era que levaban catro anos dunha xestión nefasta e desastrosa para dar solucións a dous aparcadoiros fundamentais na zona centro da cidade, dime vostede que se é xestión directa ou indirecta, eu o que lle digo é que van ser 30 anos de concesión a unha empresa privada, 30 anos de concesión a cambio dun canón como se viña desenvolvendo agora, non entendo o que discute porque isto non ten lugar a ningunha discusión, é dicir, vostedes vanlle ampliar unha concesión durante 30 anos a unha empresa para que xestione os dous aparcadoiros céntricos da cidade, e o peor de todo é que vostede fai referencia e engalánase dicindo que van ser un 20% das prazas as destinadas a residentes, en primeiro lugar, vostede sabe perfectamente que hai unha demanda moito maior en prazas para residentes na zona centro. En segundo lugar, di que van ter moi en conta as cláusulas administrativas para as empresas, para que as empresas presenten unha oferta superior ao 20% eu dígolle que vai ser entre 8 puntos e 14 puntos e a teño aquí diante, esa é a importancia que lle da estas cláusulas administrativas ás empresas que queiran gañar a concesión para aumentar o número de prazas para residentes. Ese é o problema que hai na zona centro, é polo que presentamos aquí isto, Sr. Regades.

Falaba antes do Sr. Font, voulle citar textualmente unha frase da última moción que se falou no Pleno municipal, ala corría inicios do ano 2012, concretamente o 26 de marzo, na que dicía, “levamos un ano aínda dende que venceu a concesión e estamos intentando traballar coa maior seguridade xurídica, cunha fórmula legal e transparente para renovar os aparcadoiros”, como diría algún “carallo co de estar traballando, carallo co da maior seguridade xurídica e carallo tamén coa fórmula lugar e transparente”, iso é a participación do Sr. Font en todo isto. E dígolle máis, vostede sabe e vostede ten Sr. Regades, nas cláusulas administrativas na páxina 3 onde se reflicte que o director facultativo nomeado pola, e léollo textualmente, “o



director facultativo responsable da xestión e do control será nomeado polo órgano de contratación no prazo dun mes a partir da formalización do contrato”.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 14.10.2015 (Rex. Nº 1234/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non houbo

#### **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

##### **5.1(210).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LIGÜÍSTICA.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Eu pregaría a tódolos membros do Pleno, tanto aos do

Partido Popular como aos do Partido Socialista, que por favor cumpran a ordenanza de Normalización Lingüística que rexe para este Pleno.

**5.2(211).-ROGO FORMULADO POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. MUÑOZ FONTERIZ, RELATIVO AO COMPORTAMENTO DOS CONCELEIROS NO PLENO.**

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu quero rogar, despois do que aconteceu hai uns minutos, Sr. Presidente vostede non estaba aquí, que se tranquilicen os concelleiros do Partido Socialista que están moi nerviosos e que se trate con respecto a tódolos partidos políticos.

**5.3(212).-ROGO FORMULADO POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á ESCOLA DE GAITAS.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Rogamos dende o Partido Popular que non se desprece dende o goberno municipal a 500 familias que teñen aos seus fillos nestes momentos na Escola de Gaitas e que abandonaron a súa sorte dende a Deputación de Pontevedra, que son familias desta cidade de Vigo.

PRESIDENCIA: Cando queira Sra. González, presente unha moción.

**6.- Formulación de preguntas.**

**6.1(213).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO CAMBIO DE NOVE DO PAVILLÓN DE BOUZAS EN FAVOR D. PABLO BEIRO.**

SR. GAGO BUGARÍN: Levamos tres Plenos intentando facer a pregunta e eu fágolla cambiándolle o rexistro, que cando se vai producir o cambio de nome do Pavillón de Bouzas en favor do histórico deportista e exconcelleiro o Sr. Pablo Beiro, tal e como se aprobou por unanimidade no Pleno extraordinario o 9 de marzo, hai seis meses, do presente ano.

PRESIDENCIA: Xa está acordado o cambio nese Pleno, por iniciativa do Alcalde, por certo, co maior respecto nese Pleno que vostede acaba de citar, xa se acordou.

O Tema é serio pola dignidade do Sr. Beiro, polo tanto non fagamos nisto bromas porque todos nós tiñámoslle un gran aprecio ao Sr. Beiro, seguimos honrando a súa memoria e déixeme que llo diga, paréceme pouco serio que fagan este pregunta, vostedes saben que nós imos poñer ese nome, estamos a facer as letras, que ademais ocupe unha parte importe e se vexa ben porque o Sr. Beiro merecía.

**6.2(214).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO Á CESIÓN DOS TERREOS PARA O CENTRO INFANTIL PRIMARIA EN CASTELAO.**

SR. EGERIQUE MOSQUERA: Queríamos preguntar cando ten pensado o goberno municipal iniciar os trámites para a cesión dos terreos do Centro Infantil de Primaria a Castelao de Navia e cando pensa materializala tendo en conta o carácter imprescindible do trámite para que a Xunta de Galicia poida comezar xa a executar o proxecto de ampliación que ten solicitado.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Hai tres anos a concelleira a Sra. Silva nunha reunión co xefe territorial de Educación da provincia de Pontevedra díxolle que solicitara esa ampliación, hai tres anos, e acaban de presentala pero como lles importa tanto van tardar tres anos en facela, debería caerlles a cara de vergoña.

PRESIDENCIA: Rematou a pregunta, contestaron, se queren fagan unha moción. Sra. Egerique os orzamentos na Xunta de Galicia neste tema son por tres anos, para unha reforma, dun colexio, nos orzamentos deste ano aparecen unha lixeira partida de 300.000 euros para o ano 2016, 1.200.000 para o ano 2017 e 1.200.000 para o ano 2018, esa é a realidade. Hai que comezar e acabar, Sra. Egerique.

**6.3(215).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. MUÑOZ FONTERIZ, RELATIVO A NEGATIVA A AUDITAR AS EMPRESAS DOS SERVIZOS DAS CONCESIONARIAS.**

SRA MUÑOZ FONTERIZ: A pregunta é, cales son os motivos deste goberno municipal para negarse sistematicamente a auditar ás empresas e os servizos das concesionarias, fórmula que está perfectamente recollida na lexislación vixente e forma parte da práctica habitual en tódalas administracións públicas.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: O Goberno de Vigo cumpre escrupulosamente coa lexislación vixente, non así a Xunta de Galicia, e particularmente vostede Sra. Muñoz.

**6.4(216).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á ENTREGA DAS AXUDAS DO CHEQUE SOCIAL.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Cando se van entregar as axudas do cheque social aos solicitantes que no seu día formaron parte das denominadas “colas da vergoña”.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Realmente vostedes, hoxe, teñen un mal día, eu retiraría esa pregunta. Porque facer esa pregunta despois da intervención da

representante do colexio de enfermería, eu non sei como se atreven, colas as que hai no hospital, esas si que son as colas da vergoña, non hai colas nos concellos onde vostedes gobernan porque non hai axudas, entón a xente non ten forzas nin sequera para poñerse na cola, aí se que non hai colas.

**6.5(217).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AS DEMORAS NAS CITAS EN URXENCIAS SOCIAIS .**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Que ten pensado facer este goberno para axilizar as urxencias sociais que a día de hoxe supoñen demoras que poden chegar nalgúns casos a dous meses nas primeiras consultas e de seis a oito meses na xestión de competencias entre o Concello e a Xunta de Galicia, na parte municipal supoñendo isto unha situación insoportable en termos de saúde biopsicosocial e tremendamente inxusta para a cidadanía en situación de emerxencia social.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: É que é difícil, acaba de deixarme así como media abraiada, eu o que entendo é que cada semana estanse a repartir case 22.000 euros en axudas de emerxencia, coa tarxeta da dignidade, con axudas para o aluguer, con axudas para a hipoteca, con axudas para medicamentos, señores das “colas da vergoña”, todo isto estamos a facelo dende aquí, cun albergue aberto, cunha dignidade para as persoas increíble, onde as persoas se poden duchar, e cunha axuda especial de emerxencia que chega a case a dous millóns de euros. Sinceramente iso dende o Concello de Vigo se se está a atender, e máis, contratadas sete traballadoras sociais para axilizar iso, en contra do criterio da Xunta de Galicia que non está a achegar o que lle compete e ten que facer para contratar esas traballadores sociais. Creo que está suficientemente contestada.

**6.6(218).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO**

**MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á NATUREZA RÚSTICA DOS BENS INMOBLES.**

SR. PÉREZ CORREA: Vai o Concello de Vigo a intervir de oficio ante a Xerencia Territorial do Catastro en Galicia para que a efectos catastrais os terreos do termo municipal de Vigo, clasificado no PXOM como urbanizables, sectorializados, residenciais, industriais que carezan de instrumento de plan de desenvolvemento aprobado, pasen a contribuír como bens inmobles de natureza rústica, deixando de facelo na súa inapropiada condición de urbanos, instando a tal fin os procedementos administrativos e tributarios que foran precisos.

SR. ANEIROS PEREIRA: A pregunta que fan non ten sentido por dous motivos, primeiro porque temos o IBI máis baixo de tódalas cidades de Galicia, iso é así, é un dato, en segundo lugar, porque se trata dunha competencia do Estado e que ademais xa está previsto na Lei.

**6.7(219).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AO CRITERIOS DE DESTINO DOS 95.000 EUROS PARA A COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO.**

SR. PÉREZ CORREA: Baixo que criterios e fórmulas propón este goberno municipal destinar os 95.000 euros orzamentados para a cooperación e o desenvolvemento.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non se preocupe, baixo os criterios máis racionais e xustos que se poida imaxinar. Como vostede sabe estamos a traballar coas ONGs de Vigo e deseñando, colaborando e participando cos proxectos, agora mesmo coa erradicación da pobreza cero, cando vexan os proxectos que consideremos interesantes dende o concello, que non nolo conten dende fora, vostede estará suficientemente informado.

**6.8(220).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN SOBRE OS PROCESOS XUDICIAIS .**

SR. JÁCOME ENRIQUEZ: Finalmente, pensa este goberno reconsiderar a súa negativa á apertura dunha comisión especial de investigación sobre os procesos xudiciais abertos que teñen relación con concellerías e departamentos municipais do Concello de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Esta cuestión xa foi tratada neste Pleno.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.